

ANEXO IV

Instrucións para cubrir o documento

ADDENDA

Recadro A. «Documento oficial de control sanitario a que corresponde»: indicárase o n.º de referencia do DVCE ou documento oficial de control sanitario de mercadorías de que procede a addenda. Coincidirá co número do recadro 2 do DVCE ou documento de control sanitario, a que corresponde a addenda.

Recadro B. «Márquese o que proceda». marcarase cunha «x» a opción correcta:

PRODUTO DEFINIDO NO REAL DECRETO 1977/1999: refírese aos produtos definidos no artigo 2, alínea j) Real decreto 1977/1999.

PRODUTO NON DEFINIDO NO REAL DECRETO 1977/1999: refírese aos produtos non recollidos no punto anterior, pero si recollidos no anexo I da Orde do 20 de xaneiro de 1994.

Recadro C. «Establecementos de orixe»: débese indicar o número de autorización e o nome do establecemento/buque de orixe. Coincidirá co número total de establecementos indicado no recadro 10 do DVCE ou documento de control sanitario de mercadorías a que corresponde a addenda.

Recadro D. «Descrición da partida». Relacionarase na mesma liña, o código completo NC do produto, o tipo de mercadoría a que corresponde, e o número e tipo de vultos.

Código completo (NC) de produto: o número de códigos NC coincidirá co indicado no recadro 13 do DVCE ou documento de control sanitario de mercadorías a que corresponde a addenda.

Tipo de mercadoría: disporanse os produtos na mesma orde que para o recadro anterior, de forma que coincidan na mesma liña, o literal do produto, co seu código NC. Indicarase todos os datos que se deberían cubrir no DVCE ou documento de control sanitario de mercadorías, a natureza (a especie animal/vexetal de orixe, ou por exemplo, para os produtos pesqueiros, o nome comercial ou científico) e o tratamento a que foi sometido.

Número e tipo de vultos: número e tipo de vultos de cada un dos produtos relacionados anteriormente, na mesma orde.

Recadro E. «Contedor»: se a partida foi transportada en contedor, marcarase cunha «x» esta opción, en caso contrario, deixárase sen cubrir.

En caso de que teña que ser cuberta, relacionarase na mesma liña, os números do contedor e os números do precinto, indicando todos os números de identificación do contedor e todos os números de identificación dos precintos utilizados en cada contedor. Coincidirá co indicado no recadro 16 do DVCE ou documento oficial de control sanitario a que corresponde a addenda.

Recadro F. «Identificación do/a interesado/a»: indícase lugar e data da declaración, nome e apelidos do/a asinante, e sinatura.

Recadro G. «Visto e prace do/a veterinario/a oficial, ou axente oficial designado»: con ela dásele conformidade á correspondencia entre o DVCE ou documento de control sanitario, e a addenda. Indicarase:

Nome e dous apelidos, en maiúsculas.

Cargo.

Sinatura do/a veterinario(a) / ou axente oficial designado.

Identificación completa do posto de inspección fronteirizo ou recinto aduaneiro habilitado e selo oficial.

Data.

En caso necesario, o veterinario ou inspector oficial poderá incorporar unhas breves observacións.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18908 REAL DECRETO LEXISLATIVO 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados. («BOE» 267, do 5-11-2004.)

A disposición derradeira cuarta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, autorizou o Goberno para que no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor elaborase un texto refundido da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, e facultouno para regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que deben ser refundidos.

Pola súa banda, a disposición derradeira primeira da Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, dispuxo que a autorización ao Goberno para a elaboración dun texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, conforme a disposición derradeira cuarta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, incluíse a incorporación das modificacións contidas nesa lei, así como as que derivasen do disposto na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, e estableceu, ao tempo, que o prazo dun ano fixado na disposición derradeira cuarta da Lei 44/2002, do 22 de novembro, se computase a partir da entrada en vigor da Lei 34/2003, do 4 de novembro.

Ao cumprimento do mandato contido en ambas as disposicións obedece este real decreto legislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, que pretende ofrecerlle ao destinatario da norma un texto sistemático e unificado, comprensivo da normativa aplicable á ordenación e supervisión dos seguros privados, regularizando, harmonizando e aclarando, cando así é necesario, os textos que se refunden.

O texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados mantén a estrutura e sistemática da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados. A súa parte dispositiva organízase nun total de tres títulos.

Mantense dentro de cada título a mesma división en capítulos e seccións que efectuaba a Lei 30/1995, do 8 de novembro.

O texto refundido complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de outubro de 2004,

DISP O Ñ O :

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.*

Apróbase o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Remisións normativas.*

As referencias normativas efectuadas noutras disposicións á Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, entenderanse efectua-

das aos preceptos correspondentes do texto refundido que se aproba.

Disposición derogatoria única. *Normas derogadas.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados que se aproba e, en particular:

a) A Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, excepto as seguintes disposicións:

1. O número 4 da súa disposición adicional quinta, «Colaboradores na actividade aseguradora», polo que se introducen determinadas modificacións na disposición adicional décima da Lei 3/1994, do 14 de abril, pola que se adapta a lexislación española en materia de entidades de crédito á segunda directiva de coordinación bancaria e se introducen outras modificacións relativas ao sistema financeiro.

2. A súa disposición adicional sexta, «Modificacións da Lei de contrato de seguro», así como a mención a esta disposición na disposición derradeira primeira.2.a) da Lei 30/1995, do 8 de novembro.

3. A súa disposición adicional sétima, «Modificacións da Lei de mediación en seguros privados», así como a súa consideración de bases da ordenación dos seguros contida na disposición derradeira primeira da Lei 30/1995, do 8 de novembro.

4. A súa disposición adicional oitava, «Modificacións na Lei de uso e circulación de vehículos de motor», até a aprobación do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor previsto na disposición derradeira primeira da Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados; así como as mencións a esta disposición no número 2, alíneas a) e c), da disposición derradeira primeira da Lei 30/1995, do 8 de novembro.

5. A súa disposición adicional novena, «Modificacións no Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros», até a aprobación do texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, previsto na disposición derradeira primeira da Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, así como a mención a esta disposición na disposición derradeira primeira.2.a) da Lei 30/1995, do 8 de novembro.

6. A súa disposición adicional décima, «Modificacións na Lei de seguros agrarios combinados», así como a mención a esta disposición na disposición derradeira primeira.2.a) da Lei 30/1995, do 8 de novembro.

7. O número 1 da súa disposición adicional décimo segunda, polo que se introducen determinadas modificacións na disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, segundo a redacción dada polo artigo 35 da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

8. A súa disposición adicional décimo quinta, «Integración na Seguridade Social dos colexiados en colexios profesionais».

b) Da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, o seu artigo 9; o punto primeiro do seu artigo 11; o artigo 32; o punto terceiro do seu artigo 35; o artigo 44; o punto primeiro da súa disposición adicional sexta, e a súa disposición adicional sétima.

c) Da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, a súa disposición derradeira vixésimo sétima.

d) Da Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, o seu artigo primeiro e as disposicións transitorias primeira e segunda.

e) Da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, o seu artigo 90.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto legislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno

e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA

TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE ORDENACIÓN E SUPERVISIÓN DOS SEGUROS PRIVADOS

Índice

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I

Disposicións xerais

- Artigo 1. Obxecto da lei e definicións.
- Artigo 2. Ámbito subxectivo e principio de reciprocidade.
- Artigo 3. Ámbito obxectivo e territorial.
- Artigo 4. Operacións prohibidas e sanción de nulidade.

TÍTULO II

Da actividade de entidades aseguradoras españolas

CAPÍTULO I

Do acceso á actividade aseguradora

- Artigo 5. Necesidade de autorización administrativa.
- Artigo 6. Ramos de seguro.

SECCIÓN 1.^a FORMAS XURÍDICAS DAS ENTIDADES ASEGURADORAS

- Artigo 7. Natureza, forma e denominación das entidades aseguradoras.
- Artigo 8. Vínculos estreitos.
- Artigo 9. Mutuas e cooperativas a prima fixa.
- Artigo 10. Mutuas e cooperativas a prima variable.

SECCIÓN 2.^a RESTANTES REQUISITOS

- Artigo 11. Obxecto social.
- Artigo 12. Programa de actividades.
- Artigo 13. Capital social e fondo mutual.
- Artigo 14. Socios.
- Artigo 15. Dirección efectiva das entidades aseguradoras.

CAPÍTULO II

Condições para o exercicio da actividade aseguradoraSECCIÓN 1.^a GARANTÍAS FINANCEIRAS

- Artigo 16. Provisións técnicas.
- Artigo 17. Marxe de solvencia.
- Artigo 18. Fondo de garantía.
- Artigo 19. Limitación de distribución de excedentes e de actividades.

SECCIÓN 2.^a OUTROS REQUISITOS ESPECÍFICOS

- Artigo 20. Contabilidade e deber de consolidación.
- Artigo 21. Contas consolidadas dos grupos consolidables de entidades aseguradoras.
- Artigo 22. Réxime de participacións significativas.
- Artigo 23. Cesión de carteira.
- Artigo 24. Transformación, fusión, escisión e agrupación.
- Artigo 25. Estatutos, pólizas e tarifas.

CAPÍTULO III

Intervención de entidades aseguradorasSECCIÓN 1.^a REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA

- Artigo 26. Causas da revogación e os seus efectos.

SECCIÓN 2.^a DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DE ENTIDADES ASEGURADORAS

- Artigo 27. Disolución.
- Artigo 28. Liquidación de entidades aseguradoras.
- Artigo 29. Accións fronte a entidades aseguradoras sometidas a procedementos concursais ou en liquidación.
- Artigo 30. Procedementos concursais.

SECCIÓN 3.^a LIQUIDACIÓN POLO CONSORCIO DE COMPENSACIÓN DE SEGUROS

- Artigo 31. Actuación do Consorcio de Compensación de Seguros na liquidación de entidades aseguradoras.
- Artigo 32. Normas xerais de liquidación.
- Artigo 33. Beneficios da liquidación.
- Artigo 34. Procedemento de liquidación
- Artigo 35. Plan de liquidación.
- Artigo 36. Xunta xeral de acredores.
- Artigo 37. Anticipo de gastos de liquidación e satisfacción de créditos.

SECCIÓN 4.^a MEDIDAS DE CONTROL ESPECIAL

- Artigo 38. Medidas de garantía da solvencia futura das entidades aseguradoras.
- Artigo 39. Medidas de control especial.

SECCIÓN 5.^a RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

- Artigo 40. Infraccións administrativas.
- Artigo 41. Sancións administrativas.
- Artigo 42. Responsabilidade dos que exercen cargos de administración e dirección.
- Artigo 43. Criterios de gradación das sancións.
- Artigo 44. Medidas inherentes á imposición de sancións administrativas.
- Artigo 45. Prescrición de infraccións e sancións.
- Artigo 46. Competencias administrativas.
- Artigo 47. Normas complementarias para o exercicio da potestade sancionadora.
- Artigo 48. Exercicio de actividades e uso de denominacións reservadas ás entidades aseguradoras.

CAPÍTULO IV

Da actividade en réxime de dereito de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos no Espazo Económico EuropeoSECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN COMÚNS

- Artigo 49. Entidades aseguradoras autorizadas.
- Artigo 50. Cesión de carteira.
- Artigo 51. Medidas de intervención.
- Artigo 52. Deber de información ao Ministerio de Economía e Facenda.
- Artigo 53. Deber de información ao tomador do seguro.
- Artigo 54. Remisión xeral.

SECCIÓN 2.^a RÉXIME DE DEREITO DE ESTABLECIMENTO

- Artigo 55. Establecemento de sucursais.

SECCIÓN 3.^a RÉXIME DE LIBRE PRESTACIÓN DE SERVIZOS

- Artigo 56. Actividades en réxime de libre prestación de servizos.

CAPÍTULO V

Reaseguro

- Artigo 57. Entidades reaseguradoras.
- Artigo 58. Plenos de retención.

CAPÍTULO VI

Protección do asegurado

- Artigo 59. Prelación de créditos.
- Artigo 60. Deber de información ao tomador.
- Artigo 61. Mecanismos de solución de conflitos.
- Artigo 62. Protección administrativa.
- Artigo 63. Departamento ou servizo de atención ao cliente. Defensor do cliente.

CAPÍTULO VII

Mutualidades de previsión social

- Artigo 64. Concepto e requisitos.
- Artigo 65. Ámbito de cobertura e prestacións.
- Artigo 66. Ampliación de prestacións.
- Artigo 67. Fondo mutual e garantías financeiras.
- Artigo 68. Normas aplicables.

CAPÍTULO VIII

Competencias de ordenación e supervisiónSECCIÓN 1.^a COMPETENCIAS DO ESTADO E DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

- Artigo 69. Distribución de competencias.

SECCIÓN 2.^a COMPETENCIAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

- Artigo 70. Control da actividade aseguradora.
- Artigo 71. Control das entidades aseguradoras.
- Artigo 72. Inspección de seguros.
- Artigo 73. Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións.
- Artigo 74. Rexistros administrativos.

SECCIÓN 3.^a NORMAS XERAIS

- Artigo 75. Deber de segredo profesional.
- Artigo 76. Aseguramento en países terceiros.

Artigo 77. Deber de colaboración cos Estados membros do Espazo Económico Europeo e obrigas de información e reciprocidade.

TÍTULO III

Da actividade en España de entidades aseguradoras estranxeiras

CAPÍTULO I

Da actividade en España de entidades aseguradoras domiciliadas noutros países membros do Espazo Económico Europeo

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 78. Ordenación e supervisión de entidades aseguradoras autorizadas.

Artigo 79. Cesión de carteira.

Artigo 80. Medidas de intervención.

Artigo 81. Deber de información ao tomador do seguro.

Artigo 82. Tributos e afiliación obrigatoria.

SECCIÓN 2.^a RÉXIME DE DEREITO DE ESTABLECEMENTO

Artigo 83. Determinación de condicións de exercicio.

Artigo 84. Inspección de sucursais pola autoridade supervisora de orixe.

SECCIÓN 3.^a RÉXIME DE LIBRE PRESTACIÓN DE SERVICIOS

Artigo 85. Inicio e modificación da actividade.

Artigo 86. Representante para efectos fiscais e no seguro de automóviles.

CAPÍTULO II

Da actividade en España de entidades aseguradoras domiciliadas en países terceiros

Artigo 87. Establecemento de sucursais.

Artigo 88. Condicións para o exercicio da actividade aseguradora.

Artigo 89. Normas especiais de intervención de sucursais.

Artigo 90. Réxime especial das entidades aseguradoras suizas.

Disposición adicional primeira. Seguro de caución a favor de administracións públicas.

Disposición adicional segunda. Moeda exixible en compromisos e riscos.

Disposición adicional terceira. Colaboradores na actividade aseguradora.

Disposición adicional cuarta. Concertos de entidades aseguradoras con organismos da Administración da Seguridade Social.

Disposición adicional quinta. Validez da autorización administrativa en todo o Espazo Económico Europeo.

Disposición adicional sexta. Modificacións exixidas pola adaptación á Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Disposición adicional sétima. Entidades aseguradoras autorizadas para operar en seguro de vida e en seguro distinto ao de vida.

Disposición adicional oitava. Entidades aseguradoras autorizadas para operar nunha parte dos riscos do ramo de enfermidade.

Disposición adicional novena. Adaptación das mutualidades de previsión social.

Disposición adicional décima. Cobertura de créditos preferentes.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio das modificacións introducidas en materia de medidas de saneamento e liquidación de entidades aseguradoras, pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.

Disposición transitoria segunda. Adaptación das entidades aseguradoras ás novas exixencias de fondo de garantía introducidas pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.

Disposición transitoria terceira. Adecuación temporal das referencias ao artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición derradeira primeira. Bases da ordenación de seguros e competencias exclusivas do Estado.

Disposición derradeira segunda. Potestade regulamentaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Tal como xa se sinalaba na exposición de motivos da Lei de ordenación dos seguros privados de 1984 e se reitera na da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados de 1995, a lexislación reguladora do seguro privado constitúe unha unidade institucional que, integrada por normas de dereito privado e de dereito público, se caracterizou, neste último ámbito, pola súa misión tutelar en prol dos asegurados e beneficiarios amparados por un contrato de seguro. En efecto, que o contrato de seguro supoña o cambio dunha prestación presente e certa (prima) por outra futura e incerta (indemnización), exixe garantir a efectividade da indemnización cando eventualmente se produza o sinistro. É este interese público o que xustifica a ordenación e supervisión das entidades aseguradoras pola Administración pública para comprobar que manteñen unha situación de solvencia suficiente para cumprir o seu obxecto social.

A ordenación e supervisión estatal, que reclaman a unidade de mercado e os principios de división e dispersión dos riscos, ten lugar mediante o sistema de autorización administrativa de vínculo permanente, en virtude da cal se examinan os requisitos financeiros, técnicos e profesionais precisos para acceder ao mercado asegurador; se controlan as garantías financeiras e o cumprimento das normas de contrato de seguro e actuariais durante a súa actuación no citado mercado e, finalmente, se determinan as medidas de intervención sobre as entidades aseguradoras que non axusten a súa actuación a tales normas, podendo chegar, mesmo, á revogación da autorización administrativa concedida ou á disolución da entidade aseguradora cando carezan das exixencias mínimas para se manteren no mercado.

Este esquema normativo de control de solvencia e protección do asegurado é de aplicación xeral, e a el axústase a case totalidade dos Estados de economía libre.

Agora ben, para que o sistema de ordenación e supervisión sexa eficaz é preciso que actúe sobre situacións reais e vixentes en cada momento, polo que o seu ordenamento legal se debe adaptar aos constantes cambios de toda orde que o transcurso do tempo revela como necesarios.

A Lei do 14 de maio de 1908, que iniciou en España a ordenación do seguro privado, constituíu un instrumento moi eficaz nos case 50 anos que tivo de vida. As súas bases fundamentais, centradas no control previo, aínda que garantían, até certo punto, que non habería actuacións temerarias por parte das entidades aseguradoras,

limitaban extraordinariamente o seu campo de acción, con prexuízo para a iniciativa empresarial.

A seguinte Lei do 16 de decembro de 1954 non tivo un desenvolvemento sistemático, polo que, ao manter a mesma concepción do control, sen o dotar de medios e instrumentos para adoptar as medidas correctoras oportunas, deixou minguada a efectividade da acción de ordenación e supervisión administrativa. O transcurso do tempo revelaba a separación desta lei da situación real do mercado, separación que nunca se puido acurtar, malia a profusión de normas ditadas, xa que o preciso era unha nova concepción do control de solvencia, así como a adopción de medidas que racionalizasen o mercado de seguros, dotándoo dunha maior competitividade e transparencia.

A Lei 33/1984, do 2 de agosto, sobre ordenación do seguro privado, constituiu o instrumento idóneo para resolver os problemas que se suscitaban baixo a vixencia da Lei de 1954. A Lei 33/1984, do 2 de agosto, baseouse nunha dobre orde de principios: a ordenación do mercado de seguros en xeral e o control das entidades aseguradoras en particular, coa finalidade última de protección do asegurado. A este esquema básico engadíase a existencia de novas necesidades de cobertura de riscos, as innovacións no campo do seguro con vixencia en áreas internacionais, a necesaria unidade de mercado que imponía non só a realidade económica, senón a tamén, daquela, posible adhesión de España á Comunidade Económica Europea coa recepción da normativa vixente nesta última. Isto fixo posible, precisamente, que a efectiva adhesión en 1986 á actual Unión Europea exixise escasas modificacións, que tiveron lugar polo Real decreto lexislativo 1255/1986, do 6 de xuño, polo que se modifican determinados artigos da Lei 33/1984, do 2 de agosto, para adaptala aos compromisos derivados do Tratado de Adhesión de España á Comunidade Económica Europea.

En canto á ordenación do mercado de seguros en xeral, a Lei 33/1984, do 2 de agosto, fixouse os seguintes obxectivos:

a) Normalizar o mercado, dándolles a todas as entidades aseguradoras a posibilidade de participar no mesmo réxime de absoluta concorrencia e sen tratamentos legais discriminatorios. neste sentido, incluíu na súa regulación as mutualidades de previsión social, no seu día acollidas á Lei do 6 de decembro de 1941, co fin de sometelas a control de solvencia, ao igual que as restantes entidades aseguradoras.

b) Fomentar a concentración de entidades aseguradoras e, conseguintemente, a reestruturación do sector, para dar paso a grupos e entidades aseguradoras máis competitivos, nacional e internacionalmente, e con menores custos de xestión.

c) Potenciar o mercado nacional de reaseguros, a través do cal se aproveitase ao máximo o pleno nacional de retención.

d) Lograr unha maior especialización das entidades aseguradoras, sobre todo no ramo de vida, de acordo coas exixencias da Unión Europea e as tendencias internacionais sobre a materia.

e) Clarificar o réxime de formas xurídicas que poden adoptar as entidades aseguradoras, ordenando a estrutura das insuficientemente reguladas mutualidades de previsión social e dando entrada ás cooperativas de seguro.

Para lograr todos estes fins, e ao abeiro do artigo 149.1.6., 11. e 13. da Constitución, a Lei 33/1984, do 2 de agosto, ditou as bases da ordenación dos seguros, dotadas da necesaria amplitude para que a actividade aseguradora se desenvolvese cumprindo a lei dos grandes números e atendese á súa perspectiva internacional. Isto exixiu no momento de ditir esta lei —e mantense hoxe en

todo o seu vigor— certa uniformidade das normas reguladoras da ordenación e supervisión da actividade aseguradora, para facilitar a relación dunhas entidades aseguradoras españolas con outras, de todas elas coas radicadas na Unión Europea —neste sentido, o sector de seguros é un dos máis harmonizados do dereito comunitario europeo a través do sistema de directivas— e no Espazo Económico Europeo, e de todas elas cos mercados internacionais, cuxas prácticas resulta indispensable respectar. Ademais, dada a importancia financeira do sector de seguros dentro da economía nacional e polo seu carácter primordialmente mercantil, que debe considerar a unidade de mercado, as competencias das comunidades autónomas deben respectar a competencia exclusiva estatal na lexislación mercantil e, aínda no suposto de asunción de competencias, mesmo exclusivas en materia de mutualidades de previsión social, deben quedar sometidas ao alto control financeiro do Estado, para lograr a necesaria coordinación da planificación xeral da actividade económica a que se refire o artigo 149.1.13. da Constitución.

En canto ao segundo dos aspectos, referido ao concreto control administrativo das entidades aseguradoras, a Lei 33/1984, do 2 de agosto, baseouse fundamentalmente nas seguintes liñas directrices:

1.^a Regular as condicións de acceso e exercicio da actividade aseguradora, potenciando as garantías financeiras previas das entidades aseguradoras e consagrando o principio de solvencia, acentuado e especialmente proxectado aos seus aspectos técnico e financeiro.

2.^a Sanear o sector, evitando, na medida do posible, a insolvencia das entidades aseguradoras. En supostos de dificultade para estas, adoptar as medidas correctoras que produzan o mínimo prexuízo para os seus empregados e os asegurados.

3.^a Protección ao máximo dos intereses dos asegurados e beneficiarios amparados polo seguro, non só mediante o control administrativo xenérico das entidades aseguradoras, senón mediante a regulación de medidas específicas de tutela, entre as que destacan a preferencia dos seus créditos fronte á entidade aseguradora e a protección da liberdade dos asegurados para decidir a contratación dos seguros e para elixir asegurador; así mesmo, a través da adopción de medidas, mesmo sancionadoras, nos supostos en que os asegurados e os beneficiarios comunicasen á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as prácticas das aseguradoras contrarias á lei ou que afectasen os seus dereitos.

Este esquema básico de principios rectores e liñas directrices, que inaugurou a Lei 33/1984, do 2 de agosto, permanece nas ulteriores reformas e a súa esencia mantívose viva e en plena actualidade na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados. As modificacións que introduciu respecto da regulación da Lei 33/1984, do 2 de agosto, respondían ao dobre fundamento de adaptación de directivas da Unión Europea e incorporación ao Espazo Económico Europeo e da liña de converxencia que se trazaran os países membros de ambos, que exixía que a ordenación e supervisión pública da actividade aseguradora fose paralela á súa dinámica, unha das máis avanzadas do noso sistema financeiro.

Foron, polo tanto, estes dous aspectos os que exixiron unha nova Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, que substituíse a Lei 33/1984, do 2 de agosto, xa que a variedade e intensidade das modificacións que se operaban facían necesario e aconsellable regular a materia nunha nova lei.

II

Na orde concreta da adaptación de directivas da Unión Europea, a Lei 30/1995, do 8 de novembro, de orde e supervisión dos seguros privados, incorporou ao dereito español, polo que se refire ao control e á supervisión das entidades aseguradoras, as normas contidas nas seguintes:

a) Directiva 92/96/CEE do Consello, do 10 de novembro de 1992 (terceira directiva de seguros de vida). A súa adaptación ao dereito español supuxo a recepción do concepto de «autorización administrativa única» nos seguros de vida. Isto significaba que as entidades aseguradoras españolas poderían operar en todo o ámbito do Espazo Económico Europeo en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos sometidas, exclusivamente, ao control financeiro das autoridades españolas. O mesmo resultaba aplicable ás entidades aseguradoras domiciliadas en calquera Estado membro do Espazo Económico Europeo, que poderían operar no resto deste —e, polo tanto, tamén en España— en réxime de dereito de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos suxeitas ao control financeiro do Estado de orixe.

b) Directiva 92/49/CEE do Consello, do 18 de xuño de 1992 (terceira directiva de seguros distintos do seguro de vida). Constituíu idéntica innovación que a directiva anterior, pero referida ao seguro directo distinto ao seguro de vida.

c) Directiva 90/619/CEE do Consello, do 8 de novembro de 1990 (segunda directiva de seguros de vida). A súa introdución no noso ordenamento xurídico implicou, no concenrente ao seguro de vida, recoller as normas de dereito internacional privado aplicables aos contratos de seguro e o dereito do tomador a resolver unilateralmente o contrato, e exixiu que se deberían determinar as normas aplicables ás sociedades dominadas por entidades sometidas ao dereito dun Estado non membro da Unión Europea e á adquisición de participacións significativas por parte de tales sociedades dominantes, todo isto en materia de seguros directos de vida.

d) Directiva 91/674/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1991, relativa ás contas anuais e ás contas consolidadas das empresas de seguro. A súa incorporación ao dereito español clarifica a regulación da contabilidade das entidades aseguradoras e admite, sen lugar a dúbidas, a especialidade dalgúns normas reguladoras da ordenación contable de tales entidades exixida polo dereito comunitario europeo.

e) Directiva 95/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 xuño de 1995, pola que se modifican, entre outras, as directivas 73/239/CEE e 92/49/CEE, relativas ao seguro directo distinto do seguro de vida, e as directivas 79/267/CEE e 92/96/CEE, relativas ao seguro directo de vida. Esta directiva, no concenrente ás entidades aseguradoras, introduce o concepto de «vínculos estreitos» como instrumento de ordenación e supervisión; precisa o de domicilio social e o alcance do deber de segredo profesional e, finalmente, concreta a obriga dos auditores de contas de colaboraren coas autoridades supervisoras.

Pero a Lei 30/1995, do 8 de novembro, introduciu respecto á Lei 33/1984, do 2 de agosto, un segundo bloque de modificacións normativas exixido, non pola adaptación ou incorporación de directivas da Unión Europea, senón, en maior ou menor medida, pola liña de converxencia que se trazaran os países membros do Espazo Económico Europeo. Estas modificacións, que se incorporaron á Lei 30/1995, do 8 de novembro, afectan, basicamente, as seguintes materias:

a) Requisitos da autorización administrativa de entidades aseguradoras españolas e da adquisición nestas de participacións significativas.

b) A protección do asegurado. A experiencia adquirida permitiu depurar as institucións que tenden á súa protección, e ampliouse tal protección aos terceiros prexudicados no ámbito do seguro de responsabilidade civil, por corresponderen ambas as proteccións a idéntico fundamento; perfeccionáronse os mecanismos de protección, tanto no crédito singularmente privilexiado a que se refire o artigo 59, como na adecuación dos mecanismos de solución de conflitos que configura o artigo 61, tendo moi presente a nova regulación da arbitraje; e, finalmente, introduciuse, aínda que con carácter potestativo, a figura do «defensor do asegurado» no seu artigo 63.

c) Os procedementos administrativos de ordenación e supervisión. Considerouse necesario fixar con claridade a regulación que debía presidir a tramitación das distintas actividades e mecanismos de ordenación e supervisión que á Administración se lle encomendan na lei respecto das entidades aseguradoras. Para estes efectos, o principio básico que orientou a regulación procedemental foi que as actividades de ordenación e supervisión sexan exercidas coa máxima axilidade posible, pero sen esquecer, en ningún caso, o respecto de todas as garantías das entidades aseguradoras, e concedeuse unha importancia singular ao trámite de audiencia das citadas entidades.

Consideración separada merecen os réximes de revogación da autorización administrativa, de disolución e liquidación de entidades aseguradoras e de adopción de medidas de control especial. A finalidade que perseguen todos eles é adecuar as causas e o procedemento de revogación e disolución, así como o réxime de liquidación, ao xeral de sociedades mercantís —inspirándose na Lei de sociedades anónimas— de modo que só se recollan as que deben ser especialidades do propio sector asegurador. Polo que ao procedemento de disolución administrativa se refire, coordina as garantías á propia entidade aseguradora —a través da imposición da obriga aos administradores, xunto co dereito dos socios, de instar a disolución— cunha eficaz actuación da Administración cando nin un nin outro tivesen lugar. E en canto á liquidación da entidade aseguradora, afecta, aclara e especifica o réxime de ordenación e supervisión sobre a entidade en liquidación e sobre os seus liquidadores en particular, e regula, nos supostos de liquidación administrativa, a actuación do Consorcio de Compensación de Seguros, con carácter potestativo, permitindo tamén a designación doutros liquidadores polo ministro de Economía e Facenda.

No que concirne ás medidas de control especial introducidas pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, que viñeron substituír as até entón denominadas medidas cautelares, precísanse e especificanse aquelas e establécense unha correlación entre os supostos de feito determinantes da súa adopción e as medidas que se deben adoptar, como exixen a seguridade xurídica e as directivas comunitarias.

Xunto ás liñas directrices básicas anteriormente apuntadas, tamén a Lei 30/1995, do 8 de novembro, introduciu outras modificacións de moi diversa índole, de entre as que non se pode deixar de salientar, no ámbito da supervisión, a referente á modificación no réxime xurídico das mutualidades de previsión social.

III

Os dous aspectos básicos que motivaron a Lei 30/1995, do 8 de novembro, a exixencia de adopción en dereito interno da nova normativa comunitaria, así como a constante evolución da actividade aseguradora e a necesidade de adaptar a súa regulación, volvéronse repe-

tir durante a súa vixencia, o que orixinou, tras a súa aprobación, diversas reformas e modificacións. Entre elas destacan, polo seu alcance, as que se mencionan a seguir.

A Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, introduciu diversas modificacións na Lei 30/1995, do 8 de novembro. Por un lado, pola necesidade de traspasar ao dereito interno normativa comunitaria como a Directiva 2000/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de maio de 2000 (cuarta directiva sobre o seguro de automóviles), e a Directiva 2000/64/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de novembro de 2000, sobre intercambio de información con países terceiros. Por outro, para fomentar a eficiencia do mercado de seguros, como a desaparición da Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras e a asunción das súas funcións polo Consorcio de Compensación de Seguros.

Ademais, introducíronse novidades relevantes en relación coa protección dos clientes de servizos financeiros, mediante o establecemento da obriga para as entidades financeiras de atenderen as queixas e reclamacións dos clientes, para o cal deben contar cun departamento ou servizo de atención ao cliente; así mesmo, créanse e regúlanse de maneira común para todo o sistema financeiro os comisionados para a defensa do cliente de servizos financeiros, órganos específicos de defensa dos usuarios de servizos financeiros. Tamén hai que salientar a tipificación das infraccións por deficiencias de organización administrativa e control interno das entidades aseguradoras, e a actualización de sancións pola comisión de infraccións en materia de seguros.

Pola súa parte, a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, introduciu modificacións na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, para adaptar a redacción dalgúns dos seus preceptos á nova regulación en materia concursal. Esta adaptación estendeuse tamén ao Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros que, igualmente, foi modificado pola Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Isto con independencia de que, conforme a súa disposición adicional segunda, nos concursos de entidades aseguradoras se apliquen as especialidades que para as situacións concursais estean establecidas na súa lexislación específica, excepto as relativas á administración concursal. Para estes efectos, a citada disposición adicional considera lexislación especial, polo que ás entidades aseguradoras se refire, a Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados (artigos 25 ao 28, 35 ao 39 e 59), e a Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptar o dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre a liberdade de servizos en seguros distintos ao de vida e de actualización da lexislación de seguros privados (artigo 4).

Recentemente, a Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, introduciu importantes modificacións na Lei 30/1995, do 8 de novembro, motivadas pola necesidade de adaptala ás máis recentes directivas comunitarias aprobadas no ámbito do sector de seguros: a Directiva 2001/17/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001, relativa ao saneamento e á liquidación das compañías de seguros; a Directiva 2002/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de marzo de 2002, pola que se modifica a Directiva 73/239/CEE do Consello no que respecta aos requisitos da marxe de solvencia das empresas de seguros distintos do seguro de vida, e, finalmente, a Directiva 2002/83/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, sobre o seguro de vida. Esta última directiva refunde a normativa comunitaria sobre o seguro de vida, incluída a Directiva 2002/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de marzo de 2002, pola que se modifica a Direc-

tiva 79/267/CEE do Consello no que respecta aos requisitos da marxe de solvencia das empresas de seguros de vida.

A incorporación ao ordenamento xurídico español do contido da directiva sobre saneamento e liquidación supuxo a modificación da normativa que se destina a regular a liquidación das entidades aseguradoras, así como determinados aspectos das medidas de control especial que respecto a tales entidades se poden adoptar, co obxecto de establecer normas coordinadas de recoñecemento mutuo e de cooperación a escala comunitaria, tanto para os procedementos de liquidación como para as medidas de saneamento, para conseguir un correcto funcionamento do mercado interior e mellorar a protección dos acredores.

En relación con este último aspecto de protección nos supostos de liquidación de entidades aseguradoras, ten unha especial importancia o recoñecemento expreso aos créditos dos asegurados, beneficiarios e terceiros prexudicados de prioridade absoluta sobre todos os demais créditos contra a entidade aseguradora respecto dos activos que representan as provisións técnicas.

No ámbito do control de solvencia, as modificacións introducidas pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, tiveron como obxectivo reforzar as garantías para os asegurados mediante o fortalecemento dos requirimentos de marxe de solvencia; en concreto, respecto ao fondo de garantía, tanto no que fai ao incremento do seu importe como á actualización periódica e automática deste, como ás medidas de control preventivo que se deben adoptar para garantir a solvencia futura das entidades aseguradoras que presenten dificultades, entre outros aspectos.

Débase ter presente que con estas directivas sobre marxe de solvencia se pechou, na súa actual concepción, a regulación dun elemento básico da supervisión das entidades aseguradoras, que se introduciu na normativa española, con carácter xeral, co Real decreto 3051/1982, do 15 de outubro, e se consagrou coa Lei 33/1984, do 2 de agosto, de ordenación dos seguros privados, e as súas normas de desenvolvemento. A regulación da marxe de solvencia e do fondo de garantía constituíu desde entón un elemento eficaz para garantir e vixiar a solvencia das entidades, sen prexuízo de que a súa configuración actual estea sendo obxecto dunha profunda reconsideración no ámbito comunitario para adecuar máis precisamente as necesidades de capital aos riscos realmente asumidos polas entidades.

Por outra parte, a Directiva 2002/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2002, relativa á comercialización á distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores, introduciu unha modificación na Directiva 90/619/CEE do Consello, do 8 de novembro de 1990, sobre a coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas relativas ao seguro directo de vida (segunda directiva de seguros de vida), que igualmente resultaba necesario recoller no dereito interno.

Xunto ás reformas introducidas polos textos legais citados, cómpre salientar que a través de diversas leis se modificaron preceptos concretos da Lei 30/1995, do 8 de novembro, cun alcance máis limitado. De entre elas destacan as leis de medidas fiscais, administrativas e da orde social que introduciron tamén modificacións na Lei 30/1995, do 8 de novembro; así, a Lei 13/1996, do 30 de decembro, modificou o artigo 13 e a disposición transitoria terceira; a Lei 50/1998, do 30 de decembro, modificou os artigos 29 e 30 e a disposición adicional décimo quinta; a Lei 14/2000, do 28 de decembro, modificou os artigos 62 e 63; a Lei 24/2001, do 27 de decembro, modificou o artigo 65; e, finalmente, a Lei 62/2003, do 30 de decembro, creou un novo artigo 20 bis.

A recepción ordenada e harmonizada nun único texto destas reformas e modificacións constitúe o obxecto

deste texto refundido, en cumprimento do mandato legal para a súa elaboración.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto da lei e definicións.*

1. Esta lei ten por obxecto establecer a ordenación e supervisión do seguro privado e demais operacións enumeradas no artigo 3.1, coa finalidade de tutelar os dereitos dos asegurados, facilitar a transparencia e o desenvolvemento do mercado de seguros e fomentar a actividade aseguradora privada.

2. Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación desta lei o réxime xeral e os réximes especiais que integran o sistema de Seguridade Social obrigatoria.

3. Para efectos do establecido nesta lei e nas demais disposicións reguladoras da ordenación e supervisión dos seguros e contratación dos seguros privados, entenderase por:

a) Compromiso: todo acordo materializado nunha das formas de contrato de seguro sobre a vida, outras operacións do ramo de vida ou operacións descritas no artigo 3.1.b) e c).

b) Réxime de dereito de establecemento: a actividade desenvolvida nun Estado membro do Espazo Económico Europeo por unha sucursal establecida na dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro.

c) Réxime de libre prestación de servizos: a actividade desenvolvida por unha entidade aseguradora domiciliada nun Estado membro do Espazo Económico Europeo desde o seu domicilio, ou por unha sucursal daquela noutro Estado membro, asumindo un risco ou contraendo un compromiso nun Estado membro distinto.

d) Estado membro de localización do risco: enténdese por tal:

1. Aquel en que se atopen os bens, cando o seguro se refira a inmobles, ou ben a estes e ao seu contido, se este último está cuberto pola mesma póliza de seguro.

Cando o seguro se refira a bens mobles que se encontran nun inmovible, e para efectos dos tributos e recargas legalmente exixibles, o Estado membro en que se encontra situado o inmovible, mesmo se este e o seu contido non estivesen cubertos pola mesma póliza de seguro, con excepción dos bens en tránsito comercial.

2. O Estado membro de matriculación, cando o seguro se refira a vehículos de calquera natureza.

3. Aquel en que o tomador do seguro asinase o contrato, se a súa duración é inferior ou igual a catro meses e se refire a riscos que sobreveñan durante unha viaxe ou fóra do domicilio habitual do tomador do seguro, calquera que sexa o ramo afectado.

4. Aquel en que o tomador do seguro teña a súa residencia habitual ou, se fose unha persoa xurídica, aquel en que se encontra o seu domicilio social ou sucursal a que se refire o contrato, en todos os casos non explicitamente recollidos nos puntos anteriores.

e) Estado membro do compromiso: o Estado membro do Espazo Económico Europeo en que o tomador do seguro teña a súa residencia habitual, se é unha persoa física, ou o seu domicilio social ou unha sucursal, no caso de que o contrato se refira a esta última, se é unha persoa xurídica. En todos os casos, sempre que se trate dun contrato de seguro sobre a vida, outras operacións do ramo de vida ou operacións descritas no artigo 3.1.b) e c).

f) Estado membro de orixe: o Estado membro do Espazo Económico Europeo en que teña o domicilio social a entidade aseguradora que cubra o risco ou contraia o compromiso.

A xestión administrativa e a dirección dos negocios da entidade aseguradora deberá estar centralizada no mesmo Estado membro en que se encontra o seu domicilio social, competente para outorgar a autorización administrativa.

g) Estado membro da sucursal: o Estado membro en que estea situada a sucursal que cubra o risco ou contraia o compromiso.

h) Estado membro de prestación de servizos: o Estado membro do Espazo Económico Europeo en que estea localizado o risco ou se asuma o compromiso, cando este risco estea cuberto ou o compromiso sexa asumido por algunha entidade aseguradora desde o seu domicilio ou unha sucursal daquela situadas noutro Estado membro.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo e principio de reciprocidade.*

1. Quedan sometidos aos preceptos desta lei:

a) As entidades que realicen as operacións ou actividades mencionadas no artigo 3.1.

b) As persoas físicas ou xurídicas que, baixo calquera título, desempeñen cargos de administración ou dirección das entidades aseguradoras; os profesionais e entidades que subscriban os documentos previstos nesta lei ou nas súas disposicións complementarias de desenvolvemento; os liquidadores de entidades aseguradoras; e aquelas persoas para as que legalmente se estableza algunha prohibición ou mandato en relación co ámbito obxectivo desta lei.

c) As organizacións constituídas con carácter de permanencia para a distribución da cobertura de riscos ou a prestación ás entidades aseguradoras de servizos comúns relacionados coa actividade aseguradora, calquera que sexa a súa natureza e forma xurídica.

2. En virtude do principio de reciprocidade:

a) Cando de feito ou de dereito en países terceiros alleos ao Espazo Económico Europeo se lles exixa ás entidades ou persoas físicas españolas, a que se refire o número 1, maiores garantías ou requisitos que aos seus nacionais, ou se lles recoñezan menores dereitos, o ministro de Economía e Facenda establecerá, en réxime de reciprocidade, outras condicións equivalentes nos seus termos ou nos seus efectos para as entidades ou persoas físicas nacionais do país de que se trate.

b) A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións colaborará coas autoridades supervisoras de países terceiros alleos ao Espazo Económico Europeo, sempre que exista reciprocidade e as citadas autoridades estean sometidas ao segredo profesional en condicións que, como mínimo, sexan equiparables ás establecidas polas leis españolas.

c) Tratándose de entidades aseguradoras, o disposto na alínea a) aplicarase unicamente ás sucursais de países terceiros non membros do Espazo Económico Europeo.

Artigo 3. *Ámbito obxectivo e territorial.*

1. Quedan sometidas aos preceptos desta lei:

a) As actividades de seguro directo de vida, de seguro directo distinto do seguro de vida e de reaseguro.

b) As operacións de capitalización baseadas en técnica actuarial que consistan en obter compromisos determinados en canto á súa duración e ao seu importe a cambio de desembolsos únicos ou periódicos previamente fixados.

c) As operacións preparatorias ou complementarias das de seguro ou capitalización que practiquen as entidades aseguradoras na súa función canalizadora do aforro e do investimento.

d) As actividades de prevención de danos vinculadas á actividade aseguradora.

2. As actividades e operacións definidas no número 1 axustaranse ao disposto nesta lei:

a) Cando sexan realizadas por entidades aseguradoras españolas.

b) Cando sexan realizadas en España por entidades aseguradoras domiciliadas no territorio de calquera dos restantes países membros do Espazo Económico Europeo ou en países terceiros.

Artigo 4. *Operacións prohibidas e sanción de nulidade.*

1. Quédanlles prohibidas ás entidades aseguradoras, e a súa realización determinará a súa nulidade de pleno dereito, as seguintes operacións:

a) As que carezan de base técnica actuarial.

b) O exercicio de calquera outra actividade comercial e a prestación de garantías distintas das propias da actividade aseguradora.

Non se entenderá incluída en tal prohibición a colaboración con entidades non aseguradoras para a distribución dos servizos producidos por estas.

c) As actividades de mediación en seguros privados definidas na Lei 9/1992, do 30 de abril, de mediación en seguros privados.

2. Serán nulos de pleno dereito os contratos de seguro e demais operacións sometidas a esta lei formalizados ou realizados por entidade non autorizada, cuxa autorización administrativa fose revogada, ou que transgridan os límites da autorización administrativa concedida. quen contratase con ela non estará obrigado a cumprir a súa obriga de pagamento da prima e terá dereito á devolución da prima pagada, salvo que, con anterioridade, tivese lugar un sinistro; se antes de tal devolución acaece un sinistro, amparado polo contrato se fose válido, nacerá a obriga da entidade que o formalizase de satisfacer unha indemnización cuxa contía se fixará consonte as normas que rexen o pagamento da prestación conforme o contrato de seguro, sen prexuízo do deber de indemnizar os restantes danos e perdas que puidese ocasionar.

Esta obriga e responsabilidade será solidaria da entidade e de quen, desempeñando nesta cargos de administración ou dirección, autorizase ou permitise a formalización de tales contratos ou operacións.

TÍTULO II

Da actividade de entidades aseguradoras españolas

CAPÍTULO I

Do acceso á actividade aseguradora

Artigo 5. *Necesidade de autorización administrativa.*

1. O acceso ás actividades definidas no artigo 3.1 por entidades aseguradoras españolas estará supeditado á previa obtención de autorización administrativa do ministro de Economía e Facenda.

2. Serán requisitos necesarios para obter e conservar a autorización administrativa os seguintes:

a) Adoptar unha das formas xurídicas previstas no artigo 7 e, se é o caso, facilitar información sobre a exis-

tencia de vínculos estreitos con outras persoas ou entidades.

b) Limitar o seu obxecto social á actividade aseguradora e ás operacións definidas no artigo 3.1 desta lei, con exclusión de calquera outra actividade comercial, nos termos dos artigos 4 e 11.

c) Presentar e atermos a un programa de actividades consonte o artigo 12.

d) Ter o capital social ou fondo mutual que exige o artigo 13 e o fondo de garantía previsto no artigo 18. Até a concesión da autorización, o capital social ou fondo mutual desembolsados manteranse nos activos que regulamentariamente se determinen, de entre os que son aptos para cobertura de provisións técnicas.

e) Indicar as achegas e participacións no capital social ou fondo mutual dos socios, que deberán reunir os requisitos expresados no artigo 14.

f) Estar dirixidas de maneira efectiva por persoas que reúnan as condicións necesarias de honorabilidade e de cualificación ou experiencia profesionais.

g) Se a entidade pretende cubrir os riscos do ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, deberá comunicar o nome e enderezo do representante designado en cada un dos Estados do Espazo Económico Europeo distinto a España, encargado da tramitación e liquidación dos sinistros acontecidos nun Estado distinto ao de residencia do prexudicado ou nun país asinante do sistema de certificado internacional do seguro do automóbil (carta verde).

h) As entidades aseguradoras que pretendan operar no ramo de defensa xurídica deberán optar por unha das seguintes modalidades de xestión:

1.^a Confiar a xestión dos sinistros do ramo de defensa xurídica a unha entidade xuridicamente distinta, que se deberá mencionar no contrato. Se esta entidade estivese vinculada a outra que practique algún ramo de seguro distinto do de vida, os membros do persoal da primeira que se ocupen da xestión de sinistros ou do asesoramento xurídico relativo a tal xestión non poderán exercer asemade a mesma ou parecida actividade na segunda. Tampouco poderán ser comúns as persoas que desempeñen cargos de dirección de ambas as entidades.

2.^a Garantir no contrato de seguro que ningún membro do persoal que se ocupe da xestión de asesoramento xurídico relativo a tal xestión exerza ao tempo unha actividade parecida noutro ramo se a entidade aseguradora opera en varios ou para outra entidade que opere nalgún ramo distinto do de vida e que teña coa aseguradora de defensa xurídica vínculos financeiros, comerciais ou administrativos con independencia de que estea ou non especializada no citado ramo.

3.^a Prever no contrato o dereito do asegurado a confiar a defensa dos seus intereses, a partir do momento en que teña dereito a reclamar a intervención do asegurador segundo o disposto na póliza, a un avogado da súa elección.

As tres modalidades de xestión enténdense sen prexuízo de que o asegurado, no momento de verse afectado por calquera procedemento, faga efectivo o dereito que lle atribúe o artigo 76.d) da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

3. Tamén será precisa autorización administrativa para que unha entidade aseguradora poida estender a súa actividade a outros ramos distintos dos autorizados e para a ampliación dunha autorización que comprenda só unha parte dos riscos incluídos nun ramo ou que lle permita á entidade aseguradora exercer a súa actividade nun territorio de ámbito superior ao inicialmente solicitado e autorizado. A ampliación da autorización administrativa estará suxeita a que a entidade aseguradora cumpra os seguintes requisitos:

a) Ter cubertas as súas provisións técnicas e dispor da marxe de solvencia establecida no artigo 17 e, ademais, se para os ramos a que solicita a extensión de actividade, o artigo 13 e o artigo 18 exixen un capital social ou fondo mutual e un fondo de garantía mínimo máis elevados que os anteriores, deberá dispor deles.

b) Presentar un programa de actividades de conformidade co artigo 12.

4. A solicitude de autorización presentárase na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos a que se refiren os números 2 ou 3 precedentes. Tal petición deberá ser resolta no prazo dos seis meses seguintes á data de presentación da solicitude de autorización. En ningún caso se entenderá autorizada unha entidade aseguradora en virtude de actos presuntos polo transcurso do prazo referido.

5. A autorización será válida en todo o Espazo Económico Europeo. Concederáa o ministro de Economía e Facenda por ramos, e abranguerá o ramo completo e a cobertura dos riscos accesorios ou complementarios daquel, segundo proceda, comprendidos noutro ramo, e permitiralle á entidade aseguradora exercer no Espazo Económico Europeo actividades en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos, salvo que o solicitante só desexe cubrir unha parte dos riscos correspondentes ao ramo autorizado, exercer a súa actividade nun territorio de ámbito menor ao do territorio nacional, ou realice operacións comprendidas no artigo 49.2.

6. A solicitude de autorización será denegada cando:

a) A entidade non adopte unha das formas xurídicas previstas no artigo 7, os seus estatutos non se axusten a esta lei ou careza de calquera dos restantes requisitos legais para a válida e eficaz constitución na forma elixida.

b) Existan vínculos estreitos aos cales se refire o artigo 8 desta lei que obstaculicen o bo exercicio da ordenación e supervisión, ou se vexa obstaculizado polas disposicións dun país terceiro que regulen unha ou varias das persoas con que a entidade aseguradora manteña vínculos estreitos.

c) O seu obxecto social non se axuste ao disposto no número 2.b) deste artigo.

d) Non presente un programa de actividades ou o presentado non conteña todas as indicacións ou xustificacións exixibles consonte o artigo 12, ou mesmo contendoas, resulten insuficientes ou inaxeitadas para o obxecto ou finalidade pretendido pola entidade ou, mesmo presentándoo, non se corresponda coa situación real da entidade, de modo que esta careza dunha boa organización administrativa e contable, ou de procedementos de control interno adecuados ou dos medios destinados a cubrir as exixencias patrimoniais, financeiras, de solvencia ou, de ser o caso, de prestación de asistencia que garantan a xestión sa e prudente da entidade.

e) Careza do capital social ou fondo mutual mínimo requirido.

f) Non precise as achegas sociais ou non se considere adecuada a idoneidade dos socios que vaian ter unha participación significativa, tal como se define no artigo 14, atendendo á necesidade de garantir unha xestión sa e prudente da entidade.

g) Os que a vaian dirixir de maneira efectiva non reúnan as condicións necesarias de honorabilidade ou de cualificación ou experiencia profesionais.

7. A autorización determinará a inscrición no rexistro a que se refire o artigo 74 e permitiralles ás entidades aseguradoras practicar operacións unicamente nos ramos para os que fosen autorizadas e, de ser o caso, nos riscos

accesorios ou complementarios daqueles, segundo proceda, e deberán axustar o seu réxime de actuación ao programa de actividades, estatutos e demais requisitos determinantes da concesión da autorización.

A autorización da cobertura de só unha parte dos riscos correspondentes a un ramo axustarase ao disposto regulamentariamente.

8. A creación por entidades aseguradoras españolas de sociedades dominadas estranxeiras, a adquisición da condición de dominante en sociedades estranxeiras, o establecemento de sucursais e, de ser o caso, a actividade en réxime de libre prestación de servizos en países non membros do Espazo Económico Europeo, exixirá comunicación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cun mes de antelación. O establecemento de sucursais e a actividade en réxime de libre prestación de servizos no territorio doutros Estados membros do Espazo Económico Europeo axustarase ao disposto nas seccións 2. e 3. do capítulo IV deste título.

9. Non precisarán autorización administrativa previa as organizacións, dotadas ou non de personalidade xurídica, que se creen con carácter de permanencia para a distribución da cobertura de riscos entre entidades aseguradoras ou para a prestación de servizos comúns relacionados coa súa actividade, así como as agrupacións de entidades aseguradoras a que se refire o número 5 do artigo 24, pero nun e outro caso deberánlo comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cunha antelación dun mes á iniciación da actividade organizada ou agrupada.

A citada dirección xeral poderá suspender as actividades a que se refire este punto ou requirir modificacións nestas, cando aprecie que non se axustan aos preceptos reguladores da ordenación e supervisión da actividade aseguradora ou ás normas de contrato de seguro.

Artigo 6. *Ramos de seguro.*

1. No seguro directo distinto do seguro de vida a clasificación dos riscos por ramos, así como a denominación da autorización concedida asemade para varios ramos e, finalmente, a conceptualización de riscos accesorios, axustarase ao seguinte:

a) Clasificación dos riscos por ramos.

1. Accidentes.

As prestacións neste ramo poden ser: a tanto global, de indemnización, mixta de ambos e de cobertura de ocupantes de vehículos.

2. Enfermidade (comprendida a asistencia sanitaria).

As prestacións neste ramo poden ser: a tanto global, de reparación e mixta de ambos.

3. Vehículos terrestres (non ferroviarios).

Inclúe todo dano sufrido por vehículos terrestres, sexan ou non automóviles, salvo os ferroviarios.

4. Vehículos ferroviarios.

5. Vehículos aéreos.

6. Vehículos marítimos, lacustres e fluviais.

7. Mercadorías transportadas (comprendidas as equipaxes e demais bens transportados).

8. Incendio e elementos naturais.

Inclúe todo dano sufrido polos bens (distinto dos comprendidos nos ramos 3, 4, 5, 6 e 7) causado por incendio, explosión, tormenta, elementos naturais distintos da tempestade, enerxía nuclear e afundimento de terreo.

9. Outros danos aos bens.

Inclúe todo dano sufrido polos bens (distinto dos comprendidos nos ramos 3, 4, 5, 6 e 7) causado pola sara-

bia ou a xeada, así como por roubo ou outros sucesos distintos dos incluídos no ramo 8.

10. Responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles (comprendida a responsabilidade do transportista).

11. Responsabilidade civil en vehículos aéreos (comprendida a responsabilidade do transportista).

12. Responsabilidade civil en vehículos marítimos, lacustres e fluviais (comprendida a responsabilidade civil do transportista).

13. Responsabilidade civil en xeral.

Comprende toda responsabilidade distinta das mencionadas nos ramos 10, 11 e 12.

14. Crédito.

Comprende insolvencia xeral, venda a prazos, crédito á exportación, crédito hipotecario e crédito agrícola.

15. Caución (directa e indirecta).

16. Perdas pecuniarias diversas.

Inclúe riscos do emprego, insuficiencia de ingresos (en xeral), mal tempo, perda de beneficios, subsidio por privación temporal do permiso de conducir, persistencia de gastos xerais, gastos comerciais imprevistos, perda do valor venal, perdas de alugueres ou rendas, perdas comerciais indirectas distintas das anteriormente mencionadas, perdas pecuniarias non comerciais e outras perdas pecuniarias.

17. Defensa xurídica.

18. Asistencia.

Asistencia ás persoas que se encontren en dificultades durante desprazamentos ou ausencias do seu domicilio ou do seu lugar de residencia permanente. Comprenderá tamén a asistencia ás persoas que se encontren en dificultades en circunstancias distintas, determinadas regulamentariamente, sempre que non sexan obxecto de cobertura noutros ramos de seguro.

19. Decesos.

Inclúe operacións de seguro que garantan unicamente prestacións en caso de morte, cando estas prestacións se satisfagan en especie ou cando o seu importe non exceda o valor medio dos gastos funerarios por un falecemento.

Os riscos comprendidos nun ramo non poderán ser clasificados noutro ramo, sen prexuízo do disposto respecto dos riscos accesorios na letra C.

b) Denominación da autorización concedida asemade para varios ramos. Cando a autorización se refira asemade:

1.^a Aos ramos 1 e 2, darase coa denominación «Accidentes e enfermidade».

2.^a Á cobertura de ocupantes de vehículos do ramo 1 e aos ramos 3, 7 e 10, darase coa denominación «Seguro de automóbil».

3.^a Á cobertura de ocupantes de vehículos do ramo 1 e aos ramos 4, 6, 7 e 12, darase coa denominación «Seguro marítimo e de transporte».

4.^a Á cobertura de ocupantes de vehículos do ramo 1 e aos ramos 5, 7 e 11, darase coa denominación «Seguro de aviación».

5.^a Aos ramos 8 e 9, darase coa denominación «Incendio e outros danos aos bens».

6.^a Aos ramos 10, 11, 12 e 13, darase coa denominación «Responsabilidade civil».

7.^a Aos ramos 14 e 15, darase coa denominación «Crédito e caución».

8.^a A todos os ramos, darase coa denominación «Seguros xerais».

c) Riscos accesorios.

A entidade aseguradora que obteña unha autorización para un risco principal pertencente a un ramo ou a un grupo de ramos poderá, así mesmo, cubrir os riscos com-

prendidos noutro ramo sen necesidade de obter autorización para tales riscos, cando estes estean vinculados ao risco principal, se refiran ao obxecto cuberto contra o risco principal e estean cubertos polo contrato que cobre o risco principal, sempre que para a autorización no ramo a que pertenza o risco accesorio non se requiran maiores garantías financeiras previas que para o principal, salvo, en canto a este último requisito, que o risco accesorio sexa o de responsabilidade civil cuxa cobertura non supere os límites que regulamentariamente se determinen.

Non obstante, os riscos comprendidos nos ramos 14, 15 e 17 non poderán ser considerados accesorios doutros ramos, salvo o ramo 17 (defensa xurídica) que, cando se cumpran as condicións exixidas na alínea anterior, poderá ser considerado como risco accesorio do ramo 18 se o risco principal só se refire á asistencia facilitada ás persoas en dificultades con motivo de desprazamentos ou de ausencias do domicilio ou do lugar de residencia permanente, e como risco accesorio do ramo 6 cando se refira a litixios ou riscos que resulten da utilización de embarcacións marítimas ou que estean relacionados con tal utilización.

2. O seguro directo sobre a vida incluírase nun só ramo, o ramo de vida, co ámbito de todos os ramos do seguro directo sobre a vida enumerados nas directivas comunitarias reguladoras da actividade do seguro directo sobre a vida.

A. Ámbito do ramo de vida.

O ramo de vida comprenderá:

a) O seguro sobre a vida, tanto para caso de morte como para caso de supervivencia, ou ambos conxuntamente, incluído no de supervivencia o seguro de renda; o seguro sobre a vida con contraseguro; o seguro de «nupcialidade», e o seguro de «natalidade». Así mesmo, comprende calquera destes seguros cando estean vinculados con fondos de investimento.

b) As operacións de capitalización do artigo 3.1.b) desta lei.

c) As operacións de xestión de fondos colectivos de xubilación e de xestión de operacións tontinas. Entenderase por:

1.^a Operacións de xestión de fondos colectivos de xubilación, aquelas que supoñan para a entidade aseguradora administrar os investimentos e, particularmente, os activos representativos das reservas das entidades que outorgan prestacións en caso de morte, en caso de vida ou en caso de cesamento ou redución de actividades. Tamén estarán comprendidas tales operacións cando leven unha garantía de seguro, sexa sobre a conservación do capital, sexa sobre a percepción dun xuro mínimo. Quedan expresamente excluídas as operacións de xestión de fondos de pensións, rexidas polo texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, que estarán reservadas ás entidades xestoras de fondos de pensións.

2.^a Operacións tontinas, aquelas que leven consigo a constitución de asociacións que reúnan partícipes para capitalizar en común as súas achegas e para repartir o activo así constituído entre os superviventes ou entre os seus herdeiros.

B. Riscos complementarios.

As entidades autorizadas para operar no ramo de vida poderán cubrir como riscos complementarios os comprendidos no ramo de accidentes e no ramo de enfermidade, sempre que concorran os seguintes requisitos:

a) Que estean vinculados co risco principal e sexan complementarios deste.

b) Que se refiran ao obxecto cuberto contra o risco principal.

c) Que estean garantidos nun mesmo contrato con este.

d) Cando o ramo complementario sexa o de enfermidade, que este non comprenda prestacións de asistencia sanitaria.

SECCIÓN 1.^a FORMAS XURÍDICAS DAS ENTIDADES ASEGURADORAS

Artigo 7. *Natureza, forma e denominación das entidades aseguradoras.*

1. A actividade aseguradora unicamente poderá ser realizada por entidades privadas que adopten a forma de sociedade anónima, mutua, cooperativa e mutualidade de previsión social. As mutuas, as cooperativas e as mutualidades de previsión social poderán operar a prima fixa ou a prima variable.

2. Tamén poderán realizar a actividade aseguradora as entidades que adopten calquera forma de dereito público, sempre que teñan por obxecto a realización de operacións de seguro en condicións equivalentes ás das entidades aseguradoras privadas.

As entidades a que se refire o parágrafo anterior axustaranse integramente a esta lei e quedarán sometidas tamén, no exercicio da súa actividade aseguradora, á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, e á competencia dos tribunais da orde civil.

3. As entidades aseguradoras constituiranse mediante escritura pública, que deberá ser inscrita no Rexistro Mercantil. Con esta inscrición adquirirán a súa personalidade xurídica as sociedades anónimas, mutuas de seguros e mutualidades de previsión social.

4. A solicitude de autorización administrativa regulada no artigo 5 unicamente se poderá presentar tras a adquisición de personalidade xurídica.

5. Na denominación social das entidades aseguradoras incluíranse as palabras «seguros» ou «reaseguros», ou ambas á vez, conforme o seu obxecto social, que quedan reservadas en exclusiva para as citadas entidades. Tamén as mutuas, cooperativas e mutualidades de previsión social consignarán a súa natureza na denominación e indicarán se son «a prima fixa» ou «a prima variable».

Artigo 8. *Vínculos estreitos.*

1. Para os efectos do disposto nesta lei, enténdese por vínculo estreito toda relación entre dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas se están unidas a través dunha participación ou mediante un vínculo de control. É participación, para estes efectos, o feito de posuír, de maneira directa ou indirecta, o 20 por cento ou máis dos dereitos de voto ou do capital dunha entidade aseguradora; e é vínculo de control o existente entre unha sociedade dominante e unha dominada en todos os casos recollidos no artigo 42.1 e 2 do Código de comercio.

Así mesmo, entenderase constitutiva de vínculo estreito entre dúas ou varias persoas físicas ou xurídicas entre as que se encontre unha entidade aseguradora a situación en que tales persoas estean vinculadas, de forma duradeira, a unha mesma persoa física ou xurídica por un vínculo de control.

2. Os vínculos estreitos entre a entidade aseguradora e outras persoas físicas ou xurídicas, en caso de existiren, non poderán obstaculizar o bo exercicio da ordenación e supervisión da entidade aseguradora. As disposicións dun país terceiro alleo ao Espazo Económico Europeo que regulen unha ou varias das persoas coas cales a entidade aseguradora manteña vínculos estreitos, ou a aplicación das citadas disposicións, tampouco pode-

rán obstaculizar o bo exercicio da ordenación e supervisión da entidade aseguradora.

3. As condicións que impón o número 2 son de cumprimento permanente durante o exercicio da actividade aseguradora. E, para estes efectos, as entidades aseguradoras subministraranlle á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a información precisa para garantir tal cumprimento.

Artigo 9. *Mutuas e cooperativas a prima fixa.*

1. As mutuas a prima fixa son entidades aseguradoras privadas sen ánimo de lucro que teñen por obxecto a cobertura aos seus socios, persoas físicas ou xurídicas, dos riscos asegurados mediante unha prima fixa pagadoira ao comezo do período do risco.

2. Serán aplicables ás mutuas a prima fixa as seguintes normas:

a) A carencia de ánimo de lucro e que cada unha delas conte, polo menos, con 50 mutualistas.

b) A condición de mutualista será inseparable da de tomador do seguro ou de asegurado. En ningún caso as entidades de que proceda o reaseguro aceptado polas mutuas adquirirán condición de mutualistas.

c) Os mutualistas que realizen achegas para constituír o fondo mutual poderán percibir xuros non superiores ao xuro legal do diñeiro, e unicamente poderán obter o reintegro das cantidades achegadas no suposto a que se refire a alínea f) deste punto ou cando o acorde a asemblea xeral por seren substituídas con excedentes dos exercicios.

d) Os mutualistas non responderán das débedas sociais, salvo que os estatutos establezan tal responsabilidade; en tal caso, esta limitarase a un importe igual ao da prima que anualmente paguen, e deberá destacarse nas pólizas de seguro.

e) Os resultados de cada exercicio darán lugar á correspondente derrama activa ou retorno que, en canto proceda de primas non consumidas, non terá a consideración de rendemento do capital mobiliario para os mutualistas; ou, de ser o caso, pasiva, que deberá ser individualizada e feita efectiva no exercicio seguinte; ou traspasaranse ás contas patrimoniais do correspondente exercicio.

f) Cando un mutualista cause baixa na mutua, terá dereito ao cobramento das derramas activas e obriga de pagamento das pasivas acordadas e non satisfeitas; tamén terá dereito a que, unha vez aprobadas as contas do exercicio en que se produza a baixa, lle sexan devoltas as cantidades que achegase ao fondo mutual, salvo que fosen consumidas en cumprimento da súa función específica e sempre con dedución das cantidades que lle debese á entidade. Non procederá outra liquidación con cargo ao patrimonio social a favor do mutualista que cause baixa.

g) En caso de disolución da mutua, participarán na distribución do patrimonio os mutualistas que a integren no momento en que se acorde a disolución e os que, non pertencendo a ela nese momento, o fosen no período anterior fixado nos estatutos; todo isto sen prexuízo do dereito que asiste os partícipes no fondo mutual.

3. No regulamento de desenvolvemento desta lei regularanse os dereitos e as obrigas dos mutualistas, sen que se poidan establecer privilexios en prol de ningunha persoa; o tempo anterior de pertenza á entidade para ter dereito á participación na distribución do patrimonio en caso de disolución; os órganos de goberno, que deberán ter funcionamento, xestión e control democráticos; o contido mínimo dos estatutos sociais, e os restantes extremos relativos ao réxime xurídico destas entidades.

4. As cooperativas a prima fixa rexeranse polas seguintes disposicións:

a) Seranlles aplicables as normas contidas nas alíneas a), b), c), d), e) e f) do número 2 deste artigo, pero as referencias que nelas se conteñen ás mutuas, mutualistas, fondo mutual e derramas entenderanse feitas ás cooperativas, cooperativistas, capital social e retorno cooperativo.

b) A inscrición no Rexistro de cooperativas deberá ter lugar con carácter previo á solicitude de autorización administrativa regulada no artigo 5.

c) No demais, rexeranse polas disposicións desta lei e polos preceptos do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, a que aquela se remite, así como polas disposicións regulamentarias que a desenvolvan e, supletoriamente, pola lexislación de cooperativas.

Artigo 10. *Mutuas e cooperativas a prima variable.*

1. As mutuas a prima variable son entidades aseguradoras privadas sen ánimo de lucro fundadas sobre o principio de axuda recíproca, que teñen por obxecto a cobertura, por conta común, aos seus socios, persoas físicas ou xurídicas, dos riscos asegurados mediante o cobramento de derramas con posterioridade aos sinistros, e cuxa responsabilidade é mancomunada, proporcional ao importe dos respectivos capitais asegurados na propia entidade e limitada a este importe.

2. Ademais das normas contidas nas alíneas a), b), c), e), f) e g) do número 2 do artigo 9 e das contidas no número 3 do mesmo artigo, serán aplicables ás mutuas a prima variable as seguintes:

a) Exixirán a achega dunha cota de entrada para adquirir a condición de mutualista e deberán constituír un fondo de manobra que permita pagar sinistros e gastos sen esperar ao cobramento das derramas.

b) Os administradores non percibirán ningunha remuneración pola súa xestión e a produción de seguros será directa, sen mediación, e sen que poida ser retribuída.

3. Os riscos que aseguren deberán ser homoxéneos cualitativa e cuantitativamente, e os capitais asegurados e gastos de administración non poderán superar os límites que se determinen regulamentariamente.

Estas mutuas poderán operar soamente nun ramo de seguro distinto ao seguro directo de vida, salvo os de caución, crédito e todos aqueles en que se cubra o risco de responsabilidade civil. Non obstante, poderán operar en seguro de responsabilidade civil como accesorio do ramo de «incendio e elementos naturais», sempre dentro dos límites do valor do ben asegurado.

Poderán ceder operacións de reaseguro, pero non as poderán aceptar en ningún caso.

4. Deberán desenvolver a súa actividade e localizar os seus riscos nun ámbito territorial que sexa o menor dos dous seguintes: dous millóns de habitantes ou unha provincia, salvo que se trate de prestacións para caso de enfermidade ou por falecemento de persoas unidas por un vínculo profesional.

5. As cooperativas a prima variable rexeranse polas seguintes disposicións:

a) Seranlles aplicables as normas contidas nos puntos anteriores deste artigo, pero a achega da cota de entrada a que se refire a alínea a) do punto 2 realizarase como constitutiva do capital social, e as referencias que nos citados puntos se conteñen ás mutuas, mutualistas e fondo mutual deberanse entender feitas ás cooperativas, cooperativistas e capital social.

b) A inscrición no Rexistro de cooperativas deberá ter lugar con carácter previo á solicitude de autorización administrativa regulada no artigo 5.

c) No demais, rexeranse polas disposicións desta lei e polos preceptos do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, a que aquela se remite, así como polas disposicións regulamentarias que a desenvolvan e, supletoriamente, pola lexislación de cooperativas.

SECCIÓN 2.^a RESTANTES REQUISITOS

Artigo 11. *Obxecto social.*

1. O obxecto social das entidades aseguradoras será exclusivamente a práctica das operacións de seguro e demais definidas no artigo 3.1, así como as permitidas polo artigo 4 nos termos expresados nel.

2. O obxecto social das entidades aseguradoras que pretendan operar en calquera modalidade do ramo de vida será unicamente a realización de operacións de tal ramo e a cobertura de riscos complementarios do ramo de vida. Ademais, logo da obtención da pertinente autorización administrativa, poderán realizar operacións nos ramos de accidentes e enfermidade, sen someterse, neste caso, ás limitacións e requisitos exixibles á cobertura de riscos complementarios.

O obxecto social das entidades aseguradoras que pretendan operar en calquera dos ramos do seguro directo distinto do de vida non poderá comprender a realización de operacións do ramo de vida. Non obstante, se só están autorizadas para os riscos comprendidos nos ramos de accidentes e enfermidade, poderán operar no ramo de vida se obteñen a pertinente autorización administrativa.

Artigo 12. *Programa de actividades.*

1. O programa de actividades deberá conter indicacións ou xustificacións relativas, polo menos, á natureza dos riscos ou compromisos que a entidade aseguradora se propón cubrir; aos principios reitores e ámbito xeográfico da súa actuación; á estrutura da organización, incluíndo os sistemas de comercialización; aos medios destinados a cubrir as exixencias patrimoniais, financeiras e de solvencia e a prestar a asistencia a que, de ser o caso, se comprometa. Ademais, conterà a xustificación das previsións que presente e da adecuación a estas dos medios e recursos dispoñibles. Regulamentariamente, poderanse desenvolver as exixencias contidas neste precepto adecuadas a cada un dos ramos de seguro.

Ademais, para os tres primeiros exercicios sociais, tratándose de seguros de vida, deberá conter un plan en que se indiquen de forma detallada as previsións de ingresos e gastos, tanto polas operacións directas e as aceptacións de reaseguro como polas cesións deste último e, se se trata de seguros distintos do de vida, as previsións relativas aos gastos de xestión distintos dos gastos de instalación, en particular os gastos xerais correntes e as comisións, e as previsións relativas ás primas ou cotas e aos sinistros. E, en ambos os casos, as previsións relativas aos medios financeiros destinados á cobertura dos compromisos e da marxe de solvencia e, finalmente, a situación probable de tesouraría.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comprobará os medios técnicos de que dispoñan as entidades aseguradoras que pretendan operar no ramo de enfermidade, outorgando prestacións de asistencia sanitaria, para levar a cabo as operacións que se comprometen a efectuar, e solicitará das autoridades sanitarias un informe sobre a adecuación dos medios e do funciona-

mento previsto destes ás prestacións que pretenda outorgar e á lexislación sanitaria correspondente.

O Ministerio de Economía e Facenda e as autoridades sanitarias establecerán a necesaria coordinación para lle dar cumprimento a este precepto.

Artigo 13. *Capital social e fondo mutual.*

1. As sociedades anónimas e as cooperativas de seguros a prima fixa deberán ter os seguintes capitais sociais mínimos cando pretendan operar nos ramos que a seguir se enumeran:

a) 9.015.181,57 euros nos ramos de vida, caución, crédito, calquera dos que cubran o risco de responsabilidade civil e na actividade exclusivamente reaseguradora.

b) 2.103.542,37 euros nos ramos de accidentes, enfermidade, defensa xurídica, asistencia e decesos.

No caso de entidades aseguradoras que unicamente practiquen o seguro de enfermidade outorgando prestacións de asistencia sanitaria e limiten a súa actividade a un ámbito territorial con menos de dous millóns de habitantes, será suficiente a metade do capital ou fondo mutual previsto na alínea anterior.

c) 3.005.060,52 euros, nos restantes.

O capital social mínimo estará totalmente subscrito e desembolsado polo menos nun 50 por cento. Os desembolsos de capital por riba do mínimo axustaranse á lexislación mercantil xeral. En todo caso, o capital estará representado por títulos ou anotacións en conta nominativos.

2. As mutuas a prima fixa deberán acreditar fondos mutuais permanentes, achegados polos seus mutualistas ou constituídos con excedentes dos exercicios sociais, cuxas contías mínimas, segundo os ramos en que pretendan operar, serán as sinaladas no punto anterior como capital desembolsado das sociedades anónimas. Non obstante, para as mutuas con réxime de derrama pasiva previsto no artigo 9.2.e), requiriranse as tres cuartas partes da citada contía.

3. As cooperativas de seguros a prima variable deberán acreditar un capital social subscrito e integramente desembolsado de 300.506,05 euros, e as mutuas a prima variable deberán acreditar un fondo mutual permanente cuxa contía mínima será de 30.050,61 euros.

4. As mutualidades de previsión social deberán acreditar un fondo mutual permanente, cuxa contía mínima será a sinalada no artigo 67.

5. As entidades que exerzan a súa actividade en varios ramos de seguro directo distintos do de vida deberán ter o capital ou fondo mutual correspondente ao ramo para o que se exixa maior contía.

Se, consonte o número 2 ou o número 3 do artigo 11, exercen actividade tamén no ramo de vida, o capital ou fondo mutual será o correspondente á suma dos requiridos para o ramo de vida e para un dos ramos distintos ao de vida dos que operen.

Artigo 14. *Socios.*

As persoas físicas ou xurídicas que, directa ou indirectamente, participen na constitución da entidade aseguradora mediante unha participación significativa nela deberán ser idóneas para que a xestión desta sexa sa e prudente.

Entre outros factores, a idoneidade ou non-idoneidade apreciarase en función:

a) Da honorabilidade e cualificación ou experiencia profesionais dos socios.

b) Dos medios patrimoniais con que contan tales socios para atender os compromisos asumidos.

c) Da falta de transparencia na estrutura do grupo a que eventualmente poida pertencer a entidade, ou a existencia de graves dificultades para obter a información necesaria sobre o desenvolvemento das súas actividades.

d) Da posibilidade de que a entidade quede exposta de forma inapropiada ao risco das actividades non financeiras dos seus promotores; ou cando, tratándose de actividades financeiras, a estabilidade ou o control da entidade poidan quedar afectados polo alto risco daquelas.

Artigo 15. *Dirección efectiva das entidades aseguradoras.*

1. Os que, baixo calquera título, leven a dirección efectiva da entidade aseguradora serán persoas físicas de recoñecida honorabilidade e coas condicións necesarias de cualificación ou experiencia profesionais e inscribiranse no Rexistro administrativo de altos cargos de entidades aseguradoras a que se refire o artigo 74.

En todo caso, entenderase que levan a dirección efectiva os que desempeñen cargos de administración ou dirección, considerándose tales os referidos na alínea a) do artigo 40.1. Poderán desempeñar cargos de administración as persoas xurídicas pero, neste caso, deberán designar na súa representación unha persoa física que reúna os requisitos anteriormente citados.

2. A honorabilidade debe referirse ao ámbito comercial e profesional, e concorre en quen viñese observando unha traxectoria persoal de respecto ás leis mercantís e ás demais que regulan a actividade económica e a vida dos negocios, así como ás boas prácticas comerciais, financeiras e de seguros. Presúmese que posúen cualificación profesional os que obtivesen un título superior universitario de grao de licenciatura en ciencias xurídicas, económicas, actuariais e financeiras, administración e dirección de empresas ou en materia específica de seguros privados, e teñen experiencia profesional para exercer as súas funcións os que desempeñasen durante un prazo non inferior a cinco anos funcións de alta administración, dirección, control ou asesoramento de entidades financeiras sometidas a ordenación e supervisión de solvencia pola Administración pública, ou funcións de similar responsabilidade noutras entidades públicas ou privadas de dimensións e exixencias análogas ás da entidade que se pretende crear.

3. En ningún caso poderán desempeñar a dirección efectiva de entidades aseguradoras:

a) Os que teñan antecedentes penais por delitos de falsidade, violación de segredos, descubrimento e revelación de segredos, contra a Facenda pública e contra a Seguridade Social, malversación de fondos públicos e calquera outro delito contra a propiedade; os inhabilitados para exercer cargos públicos ou de administración ou dirección en entidades financeiras, aseguradoras ou de corretaxe de seguros; os inhabilitados conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, mentres non concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso; e, en xeral, os incurso en incapacidade ou prohibición conforme a lexislación vixente.

b) Os que, como consecuencia dun procedemento sancionador ou en virtude dunha medida de control especial, fosen suspendidos no exercicio do cargo ou separados deste, ou suspendidos no exercicio da actividade, nos termos do artigo 39.2.d) desta lei ou dos artigos 25.2 e 27 da Lei 9/1992, do 30 de abril, de mediación en seguros privados, durante o cumprimento da sanción ou até que sexa deixada sen efecto a medida de control especial.

CAPÍTULO II

Condicións para o exercicio da actividade aseguradoraSECCIÓN 1.^a GARANTÍAS FINANCEIRASArtigo 16. *Provisións técnicas.*

1. As entidades aseguradoras terán a obriga de constituír e manter en todo momento provisións técnicas suficientes para o conxunto das súas actividades. Para estes efectos, deberán estar adecuadamente calculadas, contabilizadas e investidas en activos aptos para a súa cobertura.

Son provisións técnicas as de primas non consumidas, de riscos en curso, de seguros de vida, de participación dos asegurados nos beneficios, de prestacións, de estabilización e aquelas outras que, consonte o regulamento de desenvolvemento desta lei, sexan necesarias co obxecto de cumprir a finalidade a que se refire a alínea anterior.

2. A contía destas provisións determinarase consonte hipóteses prudentes e razoables. Regulamentariamente fixaranse os métodos e procedementos de cálculo das provisións técnicas, así como o importe destas que debe cubrir a entidade aseguradora.

3. Os activos representativos das provisións técnicas deberán ter en conta o tipo de operacións efectuadas pola entidade aseguradora para garantir a seguridade, o rendemento e a liquidez dos investimentos da entidade, cunha adecuada distribución diversificada destes investimentos.

4. No seguro de vida, a entidade aseguradora deberá ter ao dispor dos que estean interesados as bases e os métodos utilizados para o cálculo das provisións técnicas, incluída a provisión de participación dos asegurados nos beneficios.

5. Regulamentariamente determinarase os activos aptos para a cobertura das provisións técnicas, as porcentaxes máximas destas que poidan estar investidas en cada tipo destes activos, as demais condicións que deban reunir tales investimentos, así como os criterios de valoración destas e as normas e os límites para o cumprimento do principio de congruencia monetaria.

Artigo 17. *Marxe de solvencia.*

1. As entidades aseguradoras deberán dispor en todo momento dunha marxe de solvencia suficiente respecto ao conxunto das súas actividades.

2. A marxe de solvencia estará constituída polo patrimonio da entidade aseguradora libre de todo compromiso previsible e con dedución dos elementos inmateriais.

3. Os grupos consolidables de entidades aseguradoras deberán dispor en todo momento, como marxe de solvencia, dun patrimonio consolidado non comprometido, que se suxeitará ao disposto no número 2 do artigo 20, suficiente para cubrir a suma das exixencias legais de solvencia aplicables a cada unha das entidades do grupo.

Se forman parte do grupo entidades doutra natureza, poderanse establecer regulamentariamente exixencias específicas de suficiencia de recursos propios consolidados.

4. O cumprimento polo grupo do disposto no punto anterior non exonerará as entidades financeiras que forman parte del de cumpriren individual ou subconsolidadamente as exixencias de recursos propios. Para tal efecto, as ditas entidades serán supervisadas individualmente polo órgano ou ente público que corresponda segundo a súa lexislación específica.

5. Regulamentariamente determinarase a contía e os elementos constitutivos da marxe de solvencia exixible ás entidades aseguradoras e aos grupos consolidables de entidades aseguradoras, os requisitos que deben reunir estes elementos, os límites aplicables a eles e fíxase a definición de elementos inmateriais para efectos da marxe de solvencia.

6. Serán aplicables aos subgrupos consolidables de entidades aseguradoras as normas contidas neste artigo sobre marxe de solvencia consolidada e ordenación e supervisión dos grupos consolidados nos termos que se fixen regulamentariamente.

Artigo 18. *Fondo de garantía.*

1. A terceira parte da contía mínima da marxe de solvencia constitúe o fondo de garantía, que non poderá ser inferior a tres millóns de euros para as entidades que operen nalgún dos ramos de vida, caución, crédito e calquera dos que cubran o risco de responsabilidade civil, así como para as que realicen actividade exclusivamente reaseguradora, e a dous millóns de euros para as restantes.

2. Para as mutuas con réxime de derrama pasiva e as cooperativas, o fondo de garantía mínimo será de tres cuartas partes do exixido para as restantes entidades.

Cando as citadas entidades non operen nos ramos de responsabilidade civil, crédito, caución nin realicen actividade exclusivamente reaseguradora, e o seu importe anual de primas ou cotas non supere os cinco millóns de euros durante tres anos consecutivos, o fondo de garantía non poderá ser inferior a 800.000 euros se operan no ramo de vida, a 200.000 euros se operan nos ramos doutros danos aos bens, defensa xurídica ou decesos, e a 300.000 euros se operan nos restantes. En caso de que a entidade supere o importe de cinco millóns de euros durante tres anos consecutivos, con efectos a partir do cuarto ano aplicarase o importe mínimo previsto no parágrafo anterior.

Non obstante, estarán exentas do mínimo de fondo de garantía as mutuas acollidas ao mencionado réxime cando non operen nos ramos de vida, responsabilidade civil, crédito ou caución nin realicen actividade exclusivamente reaseguradora e o seu importe anual de primas ou cotas non exceda de 750.000 euros.

3. As contías previstas no número 1 serán obxecto de revisión anual desde o 20 de setembro de 2003, co fin de ter en conta os cambios do índice europeo de prezos de consumo publicado por Eurostat.

As contías adaptaranse automaticamente, aumentando o seu importe inicial en euros no cambio porcentual do citado índice durante o período transcorrido entre o 20 de marzo de 2002 e a data de revisión, redondeando até un múltiplo de 100.000 euros. Se o cambio porcentual desde a última actualización é inferior ao cinco por cento, non se efectuará ningunha actualización.

Para estes efectos, para facilitar o seu coñecemento e aplicación, faranse públicas tales actualizacións por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Artigo 19. *Limitación de distribución de excedentes e de actividades.*

1. Os beneficios ou excedentes que se produzan nos tres primeiros exercicios completos de actividade e tamén no exercicio inicial, se este non fose completo, non poderán ser repartidos e deberán aplicarse integramente á dotación da reserva legal nas sociedades anónimas, dunha reserva con idéntico réxime nas mutuas e á incorporación obrigatoria ao capital social nas cooperativas.

2. As entidades aseguradoras que non teñan totalmente cubertas as súas provisións técnicas ou cunha

marxe de solvencia ou fondo de garantía que non alcance o mínimo legal, non poderán distribuír dividendos ou derramas, nin ampliar a súa actividade a outros ramos de seguro, nin o seu ámbito territorial, nin estender a súa actividade en réxime de dereito de establecemento nin de liberdade de prestación de servizos nin, finalmente, ampliar a súa rede comercial.

SECCIÓN 2.^a OUTROS REQUISITOS ESPECÍFICOS

Artigo 20. *Contabilidade e deber de consolidación.*

1. A contabilidade das entidades aseguradoras e a formulación das contas dos grupos consolidables de entidades aseguradoras rexeranse polas súas normas específicas e, no seu defecto, polas establecidas no Código de comercio, no Plan Xeral de Contabilidade e nas demais disposicións da lexislación mercantil en materia contable. As entidades aseguradoras autorizadas para operar asemade no ramo de vida e nos ramos de accidentes ou enfermidade, consonte os números 2 ou 3 do artigo 11, deberán levar contabilidade separada para aquel e estes.

Regulamentariamente recolleranse as normas específicas de contabilidade a que se refire a alínea anterior, as obrigas contables das entidades aseguradoras, os principios contables de aplicación obrigatoria, as normas sobre formulación das súas contas anuais, os criterios de valoración dos elementos integrantes delas, así como o réxime de aprobación, verificación, depósito e publicidade das citadas contas. Tal potestade normativa exercerase por proposta do Ministerio de Economía e Facenda e logo do informe do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas e da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións.

Facúltase o ministro de Economía e Facenda, logo dos mesmos informes, para desenvolver estas normas específicas de contabilidade.

2. Para o cumprimento da marxe de solvencia e, de ser o caso, das demais limitacións e obrigas previstas nesta lei, as entidades aseguradoras consolidarán os seus estados contables cos das demais entidades aseguradoras ou entidades financeiras que constitúan con elas unha unidade de decisión.

Para estes efectos, enténdese que un grupo de entidades constitúe unha unidade de decisión cando algunha delas exerza ou poida exercer, directa ou indirectamente, o control das demais, ou cando tal control corresponda a unha ou varias persoas físicas que actúen sistematicamente en concerto.

Presumirase que existe en todo caso unidade de decisión cando conorra algún dos supostos recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42 do Código de comercio.

Para os efectos do previsto nas dúas alíneas anteriores, aos dereitos da dominante engadíranse os que posúa a través doutras entidades dominadas ou a través de persoas que actúen por conta da entidade dominante ou doutras dominadas, ou aqueles dos cales dispoña concertadamente con calquera outra persoa.

3. Os grupos consolidables de entidades aseguradoras están suxeitos ao deber de consolidación consonte o disposto neste artigo, ás normas que se diten no seu desenvolvemento e, subsidiariamente, ás normas contidas nos artigos 42 a 49 do Código de comercio e demais aplicables da lexislación mercantil.

En todo caso aplicaranse as seguintes normas:

a) Considérase que un grupo de entidades financeiras constitúe un grupo consolidable de entidades aseguradoras, cuxos tipos de entidades integrados se determinarán regulamentariamente, cando se dea algunha das circunstancias seguintes:

1.^a Que unha entidade aseguradora controle as demais entidades.

2.^a Que a entidade dominante sexa unha entidade cuxa actividade principal consista en ter participacións en entidades aseguradoras.

3.^a Que unha persoa física, un grupo de persoas físicas que actúen sistematicamente en concerto ou unha entidade non financeira domine varias entidades, todas elas aseguradoras.

Cando se dea calquera das dúas últimas circunstancias, corresponderalle á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións designar a persoa ou entidade obrigada a formular e aprobar as contas anuais e o informe de xestión consolidados e a proceder ao seu depósito, e corresponderalle á obrigada o nomeamento dos auditores de contas. Para os efectos da citada designación, as entidades aseguradoras integrantes do grupo deberánlle comunicar a existencia do grupo á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, con indicación do domicilio e da razón social da entidade que exerce o control, ou o seu nome se é unha persoa física.

En ningún caso, as entidades de crédito e as sociedades e axencias de valores formarán parte do grupo consolidable de entidades aseguradoras.

b) A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderalles requirir ás entidades suxeitas a consolidación nun grupo consolidable de entidades aseguradoras canta información sexa necesaria para verificar as consolidacións efectuadas e analizar os riscos asumidos polo conxunto das entidades consolidadas, así como, con igual obxecto, inspeccionar os seus libros, documentación e rexistros. Ademais, poderá requirir das persoas físicas ou entidades non financeiras que non formen parte do grupo consolidable de entidades aseguradoras, pero respecto das cales, conforme o previsto nesta lei, exista unha unidade de decisión, cantas informacións poidan ser útiles para o exercicio da ordenación e supervisión dos grupos consolidables de entidades aseguradoras e inspeccionalas para os mesmos fins.

c) Cando das relacións económicas, financeiras ou xerenciais dunha entidade aseguradora con outras entidades caiba presumir a existencia dun grupo consolidable de entidades aseguradoras ou outra unidade de decisión, sen que as entidades procedesen á consolidación das súas contas, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderalles solicitar información a esas entidades, ou inspeccionalas, para os efectos de determinar a procedencia da consolidación.

d) As mesmas obrigas impostas neste número 3 serán aplicables aos subgrupos consolidables de entidades aseguradoras. Por tales entenderase un conxunto de entidades financeiras cuxa configuración responda a algún dos tipos previstos na alínea a) anterior, que, pola súa súa vez, se integre nun grupo consolidable de maior extensión e tipo diferente. Non obstante o anterior, a entidade aseguradora dominante dun subgrupo de sociedades non estará suxeita ao deber de consolidación cando sexa, pola súa vez, sociedade dominada por unha entidade aseguradora dominante dun grupo de sociedades.

De igual forma poderá regularse o modo de integración do subgrupo no grupo e a colaboración, de ser o caso, entre os órganos e entes supervisores.

e) Cando existan entidades estranxeiras susceptibles de se integraren nun grupo consolidable de entidades aseguradoras, determinarase regulamentariamente o alcance do deber de consolidación que se regula neste número 3, atendendo, entre outros criterios, ao domicilio das entidades nalgún dos Estados membros do Espazo Económico Europeo ou fóra del, á súa natureza xurídica e ao grao de control.

4. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá autorizar a exclusión individual dunha entidade aseguradora ou financeira do grupo consolidable de entidades aseguradoras cando a inclusión da citada entidade na consolidación resulte inaxeitada para o cumprimento dos obxectivos da ordenación e supervisión do dito grupo.

5. Se dun grupo consolidable de entidades aseguradoras forman parte entidades suxeitas individualmente a control por unha autoridade supervisora distinta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, esta última deberá actuar de forma coordinada coa citada autoridade supervisora. Para estes efectos, o ministro de Economía e Facenda poderá ditar as normas precisas para asegurar a adecuada coordinación.

6. Toda norma regulamentaria de desenvolvemento desta lei reguladora do deber de consolidación dos grupos consolidables de entidades aseguradoras que poida afectar directamente outras entidades financeiras suxeitas á ordenación e supervisión do Banco de España ou da Comisión Nacional do Mercado de Valores se ditará logo de informe destes organismos.

7. O exercicio económico de toda clase de entidades aseguradoras coincidirá co ano natural.

Artigo 21. *Contas consolidadas dos grupos consolidables de entidades aseguradoras.*

1. A obriga establecida no número 2 do artigo anterior para os grupos consolidables de entidades aseguradoras é independente da obriga de formular as contas anuais consolidadas que establece o Código de comercio para os grupos de sociedades que integren entidades de seguros.

Para o cumprimento do deber de formular as contas consolidadas que establece o Código de comercio aplicaranse integralmente as normas contidas no dito código. Non obstante, cando non se apliquen as normas de contabilidade aprobadas polos regulamentos da Comisión Europea, as normas de consolidación que desenvolvan o Código de comercio determinaranse segundo os mesmos procedementos e criterios establecidos no número 1 do artigo 20, respectando os principios que sobre a presentación das contas dos grupos de sociedades se conteñen no libro primeiro do Código de comercio e nas súas disposicións de desenvolvemento, aínda que se poderán introducir as adaptacións de obrigado cumprimento que resulten necesarias para as entidades aseguradoras, nos grupos de sociedades:

- a) Cuxa sociedade dominante sexa unha entidade aseguradora,
- b) Cuxa sociedade dominante sexa unha entidade cuxa actividade principal consista en ter participacións en entidades aseguradoras, e
- c) Nos que, incluíndo unha ou máis entidades aseguradoras, a actividade destas sexa a máis importante do grupo.

2. Os estados consolidados previstos no número 2 do artigo anterior deberán ser asinados polos administradores da entidade do grupo consolidable de entidades aseguradoras obrigada á súa formulación; non obstante, no caso previsto no número 3.a).3. do artigo anterior, a entidade obrigada será designada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións entre as entidades de seguros do grupo.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá exixir que os estados consolidados de peche de exercicio a que se refire o punto anterior, cando non coincidan cos do grupo de sociedades que establece o Código de comercio, sexan sometidos, co alcance que se

determine, ao control dos auditores de contas da entidade obrigada a elaboralos.

Artigo 22. *Réxime de participacións significativas.*

1. Para os efectos do disposto nesta lei, enténdese por participación significativa o feito de ser titular nunha entidade aseguradora, directa ou indirectamente, dunha porcentaxe igual ou superior ao 10 por cento do capital social, fondo mutual ou dos dereitos de voto. Tamén ten a consideración de participación significativa, nos termos que se determinen regulamentariamente, calquera outra posibilidade de exercer unha influencia notable na xestión da entidade aseguradora en que se posúa unha participación.

2. Toda persoa física ou xurídica que pretenda adquirir, directa ou indirectamente, mesmo nos supostos de aumento ou redución de capital, fusións e escisións, unha participación significativa nunha entidade aseguradora deberá informar diso previamente a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, e fará constar a contía desta participación, os termos e as condicións da adquisición e o prazo máximo en que se pretenda realizar a operación. A igual deber de información estarán suxeitas as citadas persoas físicas ou xurídicas cando se proponan incrementar a súa participación significativa, de modo que a proporción dos seus dereitos de voto ou de participacións no capital chegue a ser igual ou superior aos límites do 20 por cento, 33 por cento ou 50 por cento e tamén cando a entidade aseguradora se converta en sociedade dominada daquelas.

Co fin de determinar a aplicación desta obriga, considerase que pertencen ao adquirente ou transmitente das participacións no capital todas aquelas que estean en poder do grupo, segundo a definición deste contida no artigo 20.2 desta lei, ao cal este pertenza ou por conta do cal actúe.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións disporá dun prazo de tres meses, a partir da presentación da información que exige a alínea precedente, para se opor á adquisición de participación significativa ou de cada un dos seus incrementos que igualem ou superen os ditos límites ou que convertan a entidade aseguradora en sociedade dominada do titular da participación significativa; a oposición deberá fundarse en que o que pretenda adquirila non sexa idóneo para garantir unha xestión sa e prudente da entidade aseguradora. Se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións non se pronunciase no prazo de tres meses, poderase proceder á adquisición ou incremento de participación. Se esta dirección xeral expresa a súa conformidade á adquisición ou incremento de participación significativa, poderá fixar un prazo máximo distinto ao comunicado para efectuar a adquisición.

3. Cando se efectúe unha das adquisicións ou incrementos regulados no número 2 incumprindo o disposto nel, produciranse os seguintes efectos:

a) En todo caso e de forma automática, non se poderán exercer os dereitos políticos correspondentes ás participacións adquiridas irregularmente. Se, non obstante, chegasen a exercerse, os correspondentes votos serán nulos e os acordos serán impugnables conforme o previsto nos artigos 115 a 118 e 122 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, para o que estará lexitimada a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

b) Se for preciso, adoptaranse medidas de control especial sobre a entidade aseguradora.

c) Ademais, poderanse impor as sancións administrativas previstas nos artigos 41 e 42 desta lei.

4. Toda persoa física ou xurídica que se propoña deixar de ter, directa ou indirectamente, unha participación significativa nalgunha entidade aseguradora deberá informar previamente diso a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e comunicar a contía prevista da diminución da súa participación. Igual obriga de información terán os que pretendan diminuír a súa participación significativa, sempre que a proporción dos seus dereitos de voto ou de participacions no capital descenda dos límites do 50 por cento, 33 por cento ou 20 por cento, ou ben que a entidade aseguradora deixe de ser sociedade dominada de quen posúe a participación significativa.

O incumprimento deste deber de información será sancionado segundo o previsto na sección 5.^a do capítulo III deste título II.

5. A obriga a que se refiren os números 2 e 4 anteriores correspóndelle tamén á entidade aseguradora da cal se adquira, aumente, diminúa ou deixe de ter a participación significativa referida.

Ademais, as entidades aseguradoras comunicarán, ao tempo de presentar a súa información periódica, e sempre que sexan requiridas para o efecto pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a identidade dos accionistas ou socios que posúan participacions significativas, a contía destas participacions e as alteracións que se produzan no accionariado. En particular, os datos sobre participación significativa obteranse da xunta xeral anual de accionistas ou socios, ou da información recibida en virtude das obrigas derivadas da Lei 24/1998, do 28 de xullo, do mercado de valores.

6. Cando se acredite que os titulares dunha participación significativa exercen unha influencia que vaia en detrimento da xestión sa e prudente dunha entidade aseguradora, que dane gravemente a súa situación financeira, o ministro de Economía e Facenda, por proposta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, poderá adoptar algunha ou algunhas das seguintes medidas:

a) As previstas nas alíneas a), b) e c) do número 3 deste artigo, aínda que a suspensión dos dereitos de voto non poderá exceder de tres anos.

b) Con carácter excepcional, a revogación da autorización.

7. O disposto neste artigo para as entidades aseguradoras entenderase sen prexuízo da aplicación das normas sobre ofertas públicas de adquisición e información sobre participacions significativas contidas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Artigo 23. *Cesión de carteira.*

1. As entidades aseguradoras españolas poderán ceder entre si o conxunto dos contratos de seguro que integren a carteira dun ou máis ramos en que operen, excepto as mutuas e cooperativas a prima variable e as mutualidades de previsión social, que só poderán adquirir as carteiras de entidades da súa mesma clase. Esta cesión xeral de carteira dun ou máis ramos axustarase ás seguintes regras:

a) Non será causa de resolución dos contratos de seguro cedidos sempre que a entidade aseguradora cesionaria quede subrogada en todos os dereitos e obrigas que incumbían á cedente en cada un dos contratos, salvo que se trate de mutuas e cooperativas a prima variable ou de mutualidades de previsión social.

b) Despois da cesión, a cesionaria deberá ter provisións técnicas suficientes conforme o artigo 16, e deberá superar a marxe de solvencia establecida no artigo 17.

c) A cesión deberá ser autorizada polo ministro de Economía e Facenda, logo da publicación do acordo de cesión de carteira e o transcurso do prazo dun mes desde o último anuncio durante o cal se poderá exercer o dereito

de oposición. Non obstante, poderase prescindir desta información pública cando se denegue a autorización por non reunir os requisitos legalmente exixibles para a cesión. Unha vez autorizada, a cesión formalizarase en escritura pública, que se inscribirá no Rexistro Mercantil.

d) As relacións laborais existentes no momento da cesión rexeranse polo disposto no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

2. Tamén serán admisibles cesións parciais da carteira dun ramo nos supostos que se determinen regulamentariamente; en tal caso, os tomadores poderán resolver os contratos de seguro.

3. Cando a carteira que se vai ceder comprenda contratos subscritos en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos, observarase ademais o disposto no artigo 50.

Artigo 24. *Transformación, fusión, escisión e agrupación.*

1. As mutualidades de previsión social e as mutuas e cooperativas de seguros a prima variable poderanse transformar en mutuas e cooperativas a prima fixa, e aquelas e as mutuas e cooperativas a prima fixa poderanse transformar en sociedades anónimas de seguros.

Calquera transformación dunha entidade aseguradora nunha sociedade de tipo distinto aos previstos anteriormente, sexa ou non aseguradora, será nula.

Na transformación de entidades aseguradoras aplicase o disposto nas alíneas b), c) e d) do número 1 do artigo 23, e os tomadores poderán resolver os seus contratos de seguro.

2. Calquera entidade aseguradora poderá fusionarse nunha sociedade anónima de seguros, e as sociedades anónimas de seguros poderán absorber entidades aseguradoras, calquera que sexa a forma que estas revistan. As mutuas e cooperativas a prima fixa poderán, ademais, fusionarse en sociedades da súa mesma natureza e forma, e unicamente poderán absorber outras entidades aseguradoras con forma distinta á de sociedade anónima de seguros. As mutuas de seguros e cooperativas a prima variable e as mutualidades de previsión social poderanse tamén fusionar en sociedades da súa mesma natureza e forma, e unicamente poderán absorber entidades aseguradoras da súa mesma forma xurídica.

As entidades aseguradoras non se poderán fusionar con entidades non aseguradoras, nin absorbelas nin seren absorbidas por entidades non aseguradoras.

Na fusión e absorción de entidades aseguradoras será de aplicación o disposto nas alíneas a), b), c) e d) do número 1 do artigo 23.

3. A escisión de entidades aseguradoras estará suxeita ás mesmas limitacións e deberá cumprir idénticos requisitos que a fusión delas.

Ademais, non se poderá escindir dunha entidade non aseguradora parte do seu patrimonio para se traspasar en bloque a unha entidade aseguradora, salvo que excepcionalmente o ministro de Economía e Facenda o autorice, sempre que a incorporación patrimonial derivada da escisión permita un exercicio da actividade máis axeitado e a entidade aseguradora beneficiaria da escisión non asuma obrigas en virtude daquela, sen prexuízo da responsabilidade solidaria regulada no artigo 259 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

4. En todo o non regulado expresamente nesta lei, e na medida en que non se opoña a ela, aplicarase á transformación, fusión e escisión de entidades aseguradoras a normativa do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

5. As entidades aseguradoras poderán constituír agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas, neste último caso exclusivamente entre si, consonte a lexislación xeral que as regula e con sometemento ao control da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ademais do que prevé a citada lexislación.

6. Excepcionalmente, o ministro de Economía e Facenda poderá autorizar a transformación, fusión e absorción de entidades aseguradoras en supostos distintos aos previstos nos números 1 e 2 deste artigo, así como as unións temporais de empresas en que se integren entidades aseguradoras con outras que non o sexan cando, atendidas as singulares circunstancias que concurran na entidade aseguradora que solicite a transformación, fusión, absorción ou unión temporal, segundo os casos, se obteña un desenvolvemento máis adecuado da actividade pola entidade aseguradora afectada, sempre que isto non menoscabe as súas garantías financeiras, os dereitos dos asegurados e a transparencia na asunción das obrigas derivadas dos contratos de seguro.

Artigo 25. *Estatutos, pólizas e tarifas.*

1. Os estatutos das entidades aseguradoras axustaranse ao disposto nesta lei e ás súas disposicións complementarias de desenvolvemento e, subsidiariamente, á lexislación que lles sexa aplicable segundo a súa natureza.

2. O contido das pólizas deberase axustar a esta lei. Tamén, á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, na medida en que resulte aplicable en virtude das normas de dereito internacional privado contidas no seu título IV.

3. As tarifas de primas deberán ser suficientes, segundo hipóteses actuariais razoables, para lle permitir á entidade aseguradora satisfacer o conxunto das obrigas derivadas dos contratos de seguro e, en particular, constituír as provisións técnicas adecuadas. Así mesmo, responderán ao réxime de liberdade de competencia no mercado de seguros sen que, para estes efectos, teña o carácter de práctica restritiva da competencia a utilización de tarifas de primas de risco baseadas en estatísticas comúns.

4. As entidades aseguradoras poderán establecer ficheiros comúns que conteñan datos de carácter persoal para a liquidación de sinistros e a colaboración estatístico-actuarial para permitir a tarificación e selección de riscos e a elaboración de estudos de técnica aseguradora. A cesión de datos aos citados ficheiros non requirirá o consentimento previo do afectado, pero si a comunicación a este da posible cesión dos seus datos persoais a ficheiros comúns para os fins sinalados, con expresa indicación do responsable, para que se poidan exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación previstos na lei.

Tamén se poderán establecer ficheiros comúns cuxa finalidade sexa previr a fraude no seguro sen que sexa necesario o consentimento do afectado. Non obstante, será necesaria nestes casos a comunicación ao afectado, na primeira introdución dos seus datos, de quen sexa o responsable do ficheiro e das formas de exercicio dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación.

En todo caso, os datos relativos á saúde só poderán ser obxecto de tratamento co consentimento expreso do afectado.

5. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá prohibir a utilización das pólizas e tarifas de primas que non cumpran o disposto nos números 2 e 3 anteriores. Para estes efectos, instruirase o correspondente procedemento administrativo en que se poderá acordar como medida provisional a suspensión da utilización das pólizas ou as tarifas de primas. Previamente á

iniciación do procedemento administrativo en que se acorde a referida prohibición, a citada dirección xeral poderá, tamén a través dun procedemento administrativo, requirirlle á entidade aseguradora que acomode as súas pólizas ou tarifas de primas aos números 2 e 3 deste artigo. Todo o anterior se entende sen prexuízo da aplicación da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, nos termos que nela se establecen, ás prácticas contrarias á liberdade de competencia.

6. Os modelos de pólizas, as tarifas de primas e as bases técnicas non estarán suxeitos a autorización administrativa nin deberán ser obxecto de remisión sistemática á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Non obstante:

a) Os modelos de pólizas de seguros de subscripción obrigatoria deberán estar ao dispor da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións na forma que regulamentariamente se estableza.

b) Nos contratos de seguro sobre a vida, as bases técnicas utilizadas para o cálculo das tarifas e das provisións técnicas deberán estar ao dispor da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, para controlar o respecto aos principios actuariais, tamén na forma que regulamentariamente se estableza.

c) A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá requirir a presentación, sempre que o entenda pertinente, dos modelos de pólizas, tarifas de primas e as bases técnicas para controlar se respectan as disposicións técnicas e sobre contrato de seguro.

A exigencia contida nas tres alíneas precedentes non poderá constituír para a entidade aseguradora condición previa para o exercicio da súa actividade.

7. As entidades aseguradoras conservarán a documentación a que se refire este precepto no domicilio social.

CAPÍTULO III

Intervención de entidades aseguradoras

SECCIÓN 1.^a REVOCACIÓN DA AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA

Artigo 26. *Causas da revogación e os seus efectos.*

1. O ministro de Economía e Facenda revogará a autorización administrativa concedida ás entidades aseguradoras nos seguintes casos:

a) Se a entidade aseguradora renuncia a ela expresamente.

b) Cando a entidade aseguradora non iniciase a súa actividade no prazo dun ano ou cese de exercela durante un período superior a seis meses. A esta inactividade, por falta de iniciación ou cesamento de exercicio, equiparase a falta de efectiva actividade nun ou varios ramos, nos termos que se determinen regulamentariamente, e a cesión xeral da carteira nun ou máis ramos.

c) Cando a entidade aseguradora deixe de cumprir algún dos requisitos establecidos por esta lei para o outorgamento da autorización administrativa ou incorra en causa de disolución.

d) Cando a entidade aseguradora non puidese cumprir, no prazo fixado, as medidas previstas nun plan de saneamento ou de financiamento exixidos a esta ao abeiro do artigo 39.2 b) ou c).

e) Cando se lle impuxese á entidade aseguradora a sanción administrativa de revogación da autorización, ao abeiro do artigo 41.1.a).

2. O Goberno poderá revogar a autorización concedida a entidades españolas con participación estranxeira

maioritaria en aplicación do principio de reciprocidade ou cando o aconsellen circunstancias extraordinarias de interese nacional. En ningún caso será aplicable esta causa de revogación ás entidades aseguradoras españolas en que a participación estranxeira maioritaria proceda de países do Espazo Económico Europeo.

3. Cando concorra algunha das causas de revogación previstas nas alíneas b), c) ou d) do número 1, o Ministerio de Economía e Facenda, antes de acordar a revogación da autorización administrativa, estará facultado para conceder un prazo, que non excederá seis meses, para que a entidade aseguradora que o solicitase proceda a emendala.

4. A revogación da autorización administrativa afectará todos os ramos en que opere a entidade aseguradora, salvo nos supostos das alíneas a) e b) do número 1, en que afectará, segundo os casos, os ramos a que se renunciase ou aqueles a que afecte a inactividade.

5. A revogación da autorización administrativa determinará, en todos os casos, a prohibición inmediata da contratación de novos seguros pola entidade aseguradora e da aceptación de reaseguro, así como a liquidación, con sometemento ao disposto no artigo 28, das operacións de seguro dos ramos afectados pola revogación. Ademais, se a revogación afecta todos os ramos en que opera a entidade, procederá a súa disolución administrativa consonte o artigo 27.1.a), sen necesidade de se suxeitar ao disposto nos números 2 e 3 do citado artigo 27.

SECCIÓN 2.^a DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DE ENTIDADES ASEGURADORAS

Artigo 27. *Disolución.*

1. Son causas de disolución das entidades aseguradoras:

a) A revogación da autorización administrativa que afecte todos os ramos en que opera a entidade. Non obstante, a revogación non será causa de disolución cando a propia entidade renuncie á autorización administrativa e esta renuncia veña unicamente motivada pola modificación do seu obxecto social para desenvolver unha actividade distinta ás enumeradas no artigo 3.1.

b) A cesión xeral da carteira de contratos de seguro cando afecte todos os ramos en que opera a entidade. No entanto, a cesión de carteira non será causa de disolución cando na escritura pública de cesión a cedente manifieste a modificación do seu obxecto social para desenvolver unha actividade distinta ás enumeradas no artigo 3.1.

c) Ter quedado reducido o número de socios, nas mutuas e cooperativas de seguros e nas mutualidades de previsión social, a unha cifra inferior ao mínimo legalmente exigible.

d) Non realizar as derramas pasivas conforme exigen os artigos 9 e 10.

e) As causas de disolución enumeradas no artigo 260 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro. Tratándose de mutuas de seguros e de mutualidades de previsión social, as referencias que neste precepto se fan á xunta xeral e ao capital social deberán entender feitas á asemblea xeral e ao fondo mutual, respectivamente. Non obstante, ás cooperativas de seguros seranlles de aplicación as causas de disolución recollidas na súa lexislación específica.

2. A disolución, salvo no suposto de cumprimento do termo fixado nos estatutos, requirirá o acordo da xunta ou asemblea xeral. Para estes efectos, os administradores deberán convocala para a súa celebración no prazo de dous meses desde a concorrencia da causa de disolución, e calquera socio poderá requirir os adminis-

tradores para que convoquen a xunta ou asemblea se, ao seu xuízo, existe causa lexítima para a disolución.

3. No caso de que exista causa legal de disolución e a xunta ou asemblea non fose convocada ou, se o fose, non se celebrase, non se puidese lograr o acordo ou este fose contrario á disolución, os administradores estarán obrigados a solicitar a disolución administrativa da entidade no prazo de 10 días naturais contado desde a data en que se debería ter convocado a xunta ou asemblea consonte o número 2, cando non fose convocada; ou desde a data prevista para a súa celebración, cando aquela non se constituíse; ou, finalmente, desde o día da celebración, cando o acordo de disolución non se puidese lograr ou este fose contrario á disolución.

4. Coñecida polo Ministerio de Economía e Facenda a concorrencia dunha causa de disolución, así como o incumprimento polos órganos sociais do disposto nos puntos anteriores, procederá á disolución administrativa da entidade.

O procedemento administrativo de disolución iníciase de oficio ou por solicitude dos administradores e, tras as alegacións da entidade afectada, o Ministerio de Economía e Facenda procederá, de ser o caso, á disolución administrativa da entidade, sen que sexa necesaria, para estes efectos, a convocatoria da súa xunta ou asemblea xeral. O acordo de disolución administrativa contera a revogación da autorización administrativa para todos os ramos en que opere a entidade aseguradora.

5. En todo o non regulado expresamente nos puntos anteriores e en canto non se opoña a eles, aplicaranse as normas contidas nos artigos 261 a 265 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro. Non obstante, as cooperativas de seguros rexeranse polas regras de disolución contidas na súa lexislación específica.

Artigo 28. *Liquidación de entidades aseguradoras.*

1. A liquidación dunha entidade aseguradora española comprenderá tamén a de todas as súas sucursais. Durante o período de liquidación non se poderán celebrar as operacións definidas no artigo 3.1, pero os contratos de seguro vixentes no momento da disolución conservarán a súa eficacia até a conclusión do período do seguro en curso, e vencerán no dito momento sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo da opción de vencemento anticipado consonte o preceptuado no número 2.d).

2. Na liquidación, e até a cancelación da inscrición no rexistro administrativo, o Ministerio de Economía e Facenda conservará todas as súas competencias de ordeñación e supervisión sobre a entidade en liquidación e, ademais, poderá adoptar as seguintes medidas:

a) Acordar a intervención da liquidación para salvaguardar os intereses dos asegurados, beneficiarios e prexudicados ou doutras entidades aseguradoras. Decidida a intervención, estarán suxeitas ao control da intervención do Estado as actuacións dos liquidadores nos termos definidos neste artigo, no artigo 39.3 e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento.

b) Designar liquidadores ou encomendar a liquidación ao Consorcio de Compensación de Seguros nos supostos enumerados no artigo 14 do texto refundido do Estatuto Legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro.

c) Dispor, de oficio ou por petición dos liquidadores, a cesión xeral ou parcial da carteira de contratos de seguro da entidade para facilitar a súa liquidación.

d) Determinar a data de vencemento anticipado do período de duración dos contratos de seguro que integren a carteira da entidade en liquidación, para lles evitar maiores prexuízos aos asegurados, beneficiarios e tercei-

ros prexudicados amparados por estes contratos. Tal determinación respectará o equilibrio económico das prestacións nos contratos afectados e deberá ter lugar coa necesaria publicidade, cunha antelación de 15 días naturais á data en que deba ter efecto e, salvo que concorran circunstancias excepcionais que aconsellen non demorar a data de vencemento, simultaneamente ao cumprimento polos liquidadores do deber de informar que lles impón o número 3.c).

3. O réxime xurídico do nomeamento, da actuación e da responsabilidade dos liquidadores axustarase ás seguintes regras:

a) Só poderán ser liquidadores os que teñan recoñecida honorabilidade e condicións necesarias de cualificación ou experiencia profesionais para exercer as súas funcións e estarán suxeitos ao mesmo réxime de responsabilidade administrativa que os administradores dunha entidade aseguradora.

b) Cando a entidade non procedese ao nomeamento de liquidadores antes dos 15 días seguintes ao da disolución, ou cando o nomeamento dentro dese prazo o fose sen cumprir os requisitos legais e estatutarios, o ministro de Economía e Facenda poderá designar liquidadores ou encomendar a liquidación ao Consorcio de Compensación de Seguros.

c) Os liquidadores subscribirán, en unión dos administradores, o inventario e balance da entidade e deberán sometelo, nun prazo non superior a un mes desde o seu nomeamento, á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, se a liquidación fose intervida, ao interventor. Deberán informar os acredores sobre a situación da entidade, en particular aos asegurados acerca de se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións determinou o vencemento anticipado do período de duración dos contratos de seguro que integren a carteira da entidade aseguradora e sobre a súa data, e a forma en que deben solicitar o recoñecemento dos seus créditos, mediante notificación individual aos coñecidos e chamamento aos descoñecidos a través de anuncios, aprobados, de ser o caso, polo interventor, que se publicarán no «Boletín Oficial do Rexistro Mercantil», e en dous xornais, polo menos, dos de maior circulación no ámbito de actuación da entidade aseguradora.

Cando o acredor coñecido teña o seu domicilio nun Estado membro do Espazo Económico Europeo distinto a España, a información anterior facilitarase en castelán, aínda que o escrito deberá levar, en todas as linguas oficiais da Unión Europea, o encabezamento «Convocatoria para a presentación de créditos. Prazos aplicables» ou «Convocatoria para a presentación de observacións sobre os créditos. Prazos aplicables», segundo proceda. Non obstante, cando o acredor o sexa por un crédito de seguro, a información facilitarase na lingua oficial ou nunha das linguas oficiais do Estado membro onde radique o seu domicilio.

Os acredores con domicilio nun Estado membro do Espazo Económico Europeo distinto a España poderán presentar os escritos de reclamación de créditos ou de observacións a estes na lingua oficial ou nunha das linguas oficiais do Estado onde radique o seu domicilio, aínda que o escrito deberá levar o encabezamento «Presentación de créditos» ou, de ser o caso, «Presentación de observacións sobre os créditos» en castelán.

d) Os liquidadores adoptarán as medidas necesarias para ultimar a liquidación no prazo máis breve posible, e poderán ceder xeral ou parcialmente a carteira de contratos de seguro da entidade con autorización do ministro de Economía e Facenda, así como pactar o rescate ou resolución dos contratos de seguro. O alleamento dos inmobles poderá ter lugar sen poxa pública cando a liquidación sexa intervida ou cando, sendo taxados para estes efectos polos servizos técnicos da Dirección Xeral de Seguros e

Fondos de Pensións ou por sociedades de taxación, o prezo de alleamento non sexa inferior ao de taxación. Requirirá, nun e outro caso, a autorización previa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. A disposición dos restantes bens e a realización dos pagamentos precizará a conformidade do interventor nas liquidacións intervidas polo Estado.

e) Cando os liquidadores incumpran as normas que para a protección dos asegurados se establecen nesta lei ou as que rexen a liquidación, a dificulten ou se atrase, o ministro de Economía e Facenda poderá acordar a súa destitución e designar novos liquidadores ou encomendar a liquidación ao Consorcio de Compensación de Seguros.

f) No demais, os liquidadores suxeitarán a súa actuación ao texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

4. Durante o período de liquidación, a entidade poderalle ofrecer ao ministro de Economía e Facenda a remoción da causa de disolución e solicitar deste a rehabilitación da autorización administrativa revogada. Esta rehabilitación só se poderá conceder cando a entidade cumpra todos os requisitos exixidos durante o funcionamento normal e garanta a totalidade dos dereitos de asegurados e acredores, mesmo os daqueles cuxos contratos de seguro fosen declarados vencidos durante o período de liquidación. Se se acordase a rehabilitación da autorización administrativa revogada, entenderase removida de pleno dereito a causa de disolución, cancelarse a inscrición practicada no Rexistro Mercantil consonte o artigo 263 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, e daráselle ao acordo de rehabilitación a mesma publicidade que este precepto impón para o acordo de disolución.

5. Unha vez concluídas as operacións de liquidación, o ministro de Economía e Facenda declarará extinguida a entidade e procederase a cancelar os asentos no rexistro administrativo. Por excepción, procederá a cancelación dos asentos no citado rexistro sen declaración de extinción da entidade, e nese momento poderá iniciar a actividade consonte o obxecto social modificado, cando teña lugar a cesión xeral da carteira ou a revogación da autorización, sempre que, en ambos os casos, se procedese a modificar o obxecto social da entidade sen disolución desta e previamente a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comprobe que se executou a cesión de carteira ou se liquidaron as operacións de seguro, respectivamente.

A cancelación no rexistro administrativo determinará, nos supostos de declaración de extinción da entidade, a cancelación, pola súa vez, no Rexistro Mercantil.

6. A resolución administrativa correspondente ou o acordo do que traia causa a liquidación será recoñecido no territorio dos demais Estados membros do Espazo Económico Europeo, de conformidade co previsto na súa lexislación, e producirá efectos neles tan pronto como o faga en España.

Para estes efectos, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, no prazo de 10 días contado desde o seguinte ao da data en que se dite esta resolución ou teña coñecemento do acordo, informará as autoridades supervisoras dos restantes Estados membros do Espazo Económico Europeo sobre a existencia do procedemento e os seus efectos. Así mesmo, o citado órgano publicará no «Diario Oficial da Unión Europea» un extracto da citada resolución ou acordo que, en todo caso, indicará a competencia do Ministerio de Economía e Facenda sobre o procedemento, que a lexislación aplicable a tal procedemento de liquidación é a contida nesta lei e nas súas nor-

mas de desenvolvemento, así como a identificación do liquidador ou liquidadores nomeados.

Os liquidadores poderán desenvolver a súa actuación no territorio de todos os Estados membros do Espazo Económico Europeo, e poderán exercer neles as mesmas funcións e poderes que en España. Para estes efectos, resultará título suficiente para acreditar a condición de liquidador unha certificación da resolución ou unha copia legalizada do acordo polo cal se efectúe o seu nomeamento.

Así mesmo, poderán outorgar poderes de representación ou solicitar asistencia, cando isto resulte necesario para levar a cabo o proceso de liquidación no territorio doutros Estados membros do Espazo Económico Europeo e, en particular, para resolver as dificultades que puidesen encontrar os acredores residentes neles. En todo caso, as persoas que os asistan ou representen deben ter recoñecida honorabilidade e reunir as condicións necesarias de cualificación ou experiencia profesional para exercer as súas funcións, nos termos do artigo 15 desta lei.

Resultará aplicable á liquidación o disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

7. En todo o non regulado expresamente neste artigo, a liquidación e extinción de entidades aseguradoras rexerá polo disposto nos artigos 266 a 280 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, con exclusión dos artigos 269 e 270.

Artigo 29. *Accións fronte a entidades aseguradoras sometidas a procedementos concursais ou en liquidación.*

1. Nos supostos de declaración xudicial de concurso de entidades aseguradoras, o Consorcio de Compensación de Seguros, ademais de asumir as funcións que lle atribúe o número 2 do artigo 14 do texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro, procederá, de ser o caso, a liquidar o importe dos bens a que se refire o artigo 59.3 desta lei, para o único efecto de o distribuír entre os asegurados, beneficiarios e terceiros prexudicados; isto sen prexuízo do dereito daqueles no procedemento concursal.

2. Nos supostos de entidades aseguradoras disoltas administrativamente, non se poderán inscribir nos rexistros públicos dereitos reais de garantía nin anotarse mandamentos xudiciais ou providencias administrativas de embargo desde a data da publicación no «Boletín Oficial del Estado» da orde ministerial de disolución, sen prexuízo da efectividade dos créditos que, de ser o caso, se pretendesen garantir coas citadas inscricións ou anotacións.

Os encargados dos rexistros farán constar por nota marxinal o feito da disolución e o peche do folio rexistral aos actos a que se refire a alínea anterior. Se se acordase a rehabilitación da autorización administrativa revogada, cancelárase a referida nota marxinal.

3. Nos supostos de liquidación intervida polo Ministerio de Economía e Facenda, as accións individuais exercidas polos acredores, antes do comezo da liquidación ou durante ela, poderán continuar até o pronunciamento de sentenza firme, pero a súa execución quedará suspendida e o crédito que, de ser o caso, declare a citada sentenza ao seu favor liquidarase conxuntamente cos dos demais acredores. Non obstante, transcorrido un ano desde que a sentenza adquira firmeza, a suspensión quedará alzada automaticamente sen necesidade de declaración nin resolución ao respecto, calquera que fose o estado en que se encontrase a liquidación.

O disposto na alínea anterior non é aplicable ás accións no exercicio de dereitos reais sobre bens situados fóra do territorio español, que se rexerán pola súa legisla-

ción específica, nin ás accións no exercicio dun dereito real de garantía que se rexa por unha lei distinta á española.

Artigo 30. *Procedementos concursais.*

1. Ditado polo órgano xurisdiccional competente un auto de declaración de concurso respecto dunha entidade aseguradora, este órgano procederá de inmediato á súa notificación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a cal nos 10 días seguintes informará as autoridades supervisoras dos restantes Estados membros do Espazo Económico Europeo sobre a existencia do procedemento e os seus efectos. Así mesmo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións procederá á publicación no «Diario Oficial da Unión Europea» dun extracto das mencionadas resolucións en que se indicará, en todo caso, o órgano xurisdiccional competente e a aplicación ao procedemento da lexislación española.

2. Deberanse observar, en todo caso, as normas de dereito internacional privado previstas na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Tratándose de acredores coñecidos que teñan o seu domicilio nun Estado membro do Espazo Económico Europeo distinto a España, deberán ser informados sobre a forma en que deben solicitar o recoñecemento dos seus créditos de conformidade co previsto no artigo 28.3.c) desta lei e poderán presentar os escritos de reclamación de créditos ou de observacións a estes na forma a que se refire o mesmo artigo.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderalle solicitar ao xuíz do concurso información acerca do estado e da evolución dos procedementos concursais que afecten a entidades aseguradoras.

SECCIÓN 3.^a LIQUIDACIÓN POLO CONSORCIO DE COMPENSACIÓN DE SEGUROS

Artigo 31. *Actuación do Consorcio de Compensación de Seguros na liquidación de entidades aseguradoras.*

O Consorcio de Compensación de Seguros (en diante, o Consorcio) asumirá a condición de liquidador das entidades aseguradoras enumeradas no artigo 7.1 desta lei nos termos establecidos no artigo 14 do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro.

Artigo 32. *Normas xerais de liquidación.*

1. Nas liquidacións que se lle encomenden, o Consorcio substituirá todos os órganos sociais da entidade aseguradora afectada. En consecuencia, non procederá a celebración das xuntas ou asembleas ordinarias ou extraordinarias de accionistas, mutualistas ou cooperativistas da entidade.

As delegacións e os apoderamentos que confira deberán constar en escritura pública.

Non obstante, os recursos administrativos e contencioso-administrativos interpostos pola entidade aseguradora contra os actos de ordenación e supervisión do Ministerio de Economía e Facenda con anterioridade á asunción da liquidación polo Consorcio poderán ser continuados polos administradores e polos socios que contén cunha participación significativa no seu propio nome, como titulares dun interese directo, se comparecesen para estes efectos ante o órgano administrativo ou xurisdiccional no prazo dun mes desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» da encomenda da liquidación ao Consorcio.

2. O Consorcio instará, cando proceder, a exigencia de responsabilidades de toda índole en que puidesen incorrer os que desempeñaron cargos de administración ou dirección da entidade aseguradora en liquidación. En ningún caso nin circunstancia, o Consorcio, os seus órganos, representantes ou apoderados serán considerados debedores nin responsables das obrigas e responsabilidades que incumban á aseguradora cuxa liquidación se lle encomenda ou aos seus administradores.

3. En caso de insolvencia da entidade aseguradora, o Consorcio non estará obrigado a solicitar a declaración xudicial de concurso. Así mesmo, consideraranse vencidas, na data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» da resolución administrativa pola que se lle encomende a liquidación, as débedas pendentes da aseguradora, sen prexuízo do desconto correspondente se o pagamento daquelas se verificase antes do tempo prefixado na obriga, e deixarán de devengar xuros todas as débedas da aseguradora, salvo os créditos hipotecarios e pignoratícios, até onde alcance a respectiva garantía.

4. A intervención do Estado cesará nas liquidacións intervidas no momento en que a liquidación se lle encomende ao Consorcio.

Artigo 33. *Beneficios da liquidación.*

1. Con cargo aos recursos do Consorcio afectos á súa actividade liquidadora e coa finalidade de mellorar e conseguir unha máis rápida satisfacción dos dereitos dos asegurados, beneficiarios e terceiros prexudicados, incluídas as administracións públicas que teñan tal condición, o Consorcio poderalles ofrecer a adquisición por cesión dos seus créditos, e aboaráselles as cantidades que lles corresponderían en proporción ao previsible haber líquido resultante, tendo en conta, para estes únicos efectos, as seguintes normas:

a) Incorporaranse ao activo a totalidade dos bens e créditos, incluídos de ser o caso os xuros, en que o Consorcio poida apreciar a titularidade da aseguradora en liquidación, aínda que sobre eles estean pendentes ou se deban iniciar actuacións xudiciais ou extraxudiciais para o seu mantemento no patrimonio da entidade ou reintegración a este.

b) Os investimentos materiais e financeiros valoraranse pola contía que resulte superior das dúas seguintes: o prezo de adquisición máis o importe das melloras efectuadas sobre aquelas, incrementados nas regularizacións e actualizacións legalmente posibles, ou o valor de realización.

c) Non se terá en conta a orde de prelación de créditos nin os gastos de liquidación anticipados polo Consorcio.

En ningún caso será de aplicación esta medida aos créditos a prol das aseguradoras.

2. Así mesmo, tamén con cargo aos seus propios recursos, o Consorcio poderá satisfacer anticipadamente os créditos dos traballadores derivados de salarios e indemnizacións por despedimento comprendidos no artigo 32.1 e 3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo; e, de ser o caso, as indemnizacións debidas a aqueles como consecuencia da extinción das relacións laborais.

A adquisición por cesión dos créditos a que se refire o número 1 e os anticipos a que se refire este punto non suporán, en ningún caso, asunción das débedas da entidade aseguradora en liquidación por parte do Consorcio.

A cesión destes créditos e estes anticipos, calquera que fose a cantidade satisfeita, alcanzará o total importe daqueles e en idéntica orde de preferencia que lles corresponda. Os seus titulares non poderán formular ningunha reclamación por este concepto; tampouco poderán efectuar reclamación contra o Consorcio os titulares destes

créditos que optasen por non aceptar a oferta formulada polo Consorcio, que manterán a titularidade dos seus créditos e deberán atender ás resultas da liquidación.

3. O Consorcio poderá satisfacer anticipadamente, con cargo aos recursos da entidade aseguradora en liquidación, os créditos dos traballadores correspondentes a salarios dos últimos 30 días de traballo, coa limitación do artigo 32.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo; e, en segundo termo, os créditos dos acredores con dereito real nos termos e pola orde establecidos na lexislación hipotecaria. Se non se alcanzase a satisfacción destes créditos, os acredores referidos terán na liquidación, para cobrar o importe non satisfeito, a preferencia que lles corresponda segundo a natureza do seu crédito.

4. Cando a entidade aseguradora en liquidación se encontre en situación de insolvencia, se a xunta de acredores aproba o plan de liquidación, a recuperación polo Consorcio dos gastos de liquidación quedará condicionada a que sexan totalmente satisfeitos os demais recoñecidos na liquidación.

5. Nos supostos en que corresponda ao Consorcio indemnizar consonte as alíneas c) a f) do artigo 11.1 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro, así como en calquera outro suposto en que a lexislación vixente determine a responsabilidade subsidiaria do Consorcio por estar a correspondente entidade aseguradora suxeita a un procedemento concursal, intervida na súa liquidación ou terse encomendado esta liquidación ao propio Consorcio, o disposto no número 1 deste artigo en canto aos créditos de terceiros prexudicados aplicarase unicamente á parte destes créditos que exceda aquela que corresponda aboar ao Consorcio en virtude de tal responsabilidade subsidiaria. O disposto nos números 2 e 3 acerca dos créditos dos traballadores afectará unicamente a parte destes créditos que exceda daquela que lle corresponde aboar ao Fondo de Garantía Salarial.

Artigo 34. *Procedemento de liquidación.*

O procedemento de liquidación polo Consorcio axustarase ao disposto no artigo 28.3, coas seguintes peculiaridades:

a) Encomendada a liquidación ao Consorcio, todos os acredores estarán suxeitos ao procedemento de liquidación por este e nin os acredores nin a entidade aseguradora poderán solicitar a declaración de concurso, sen prexuízo de que as accións de toda índole exercidas ante os tribunais contra tal aseguradora, anteriores á disolución ou durante o período de liquidación, continúen a súa tramitación até a obtención de sentenza ou resolución xudicial firme. Pero a execución da sentenza, dos embargos preventivos, administracións xudicialmente acordadas e demais medidas cautelares adoptadas pola autoridade xudicial, a do auto que despache a execución no procedemento executivo, os procedementos xudiciais sumarios e executivos extraxudiciais sobre bens hipotecados ou pignorados que se encontren en territorio español, así como a execución das providencias administrativas de constrinximento, quedarán en suspenso desde a encomenda da liquidación ao Consorcio e durante a tramitación por este do procedemento liquidatorio.

Se o plan de liquidación formulado polo Consorcio non fose aprobado en xunta de acredores ou ratificado pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, o Consorcio quedará plenamente lexitimado para solicitar a declaración de concurso da entidade afectada, e deberá facelo inmediatamente.

2. Cando a liquidación da entidade aseguradora lle sexa encomendada ao Consorcio con posterioridade á disolución da citada aseguradora, subscribirá ou comprobará, segundo proceda, en unión dos administradores e liquidadores, de teren sido nomeados, o inventario e balance da entidade no prazo dun mes desde que asumise a liquidación, sen que deba sometelo á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións nin ao interventor, nin estar suxeita á obriga que impón o artigo 273 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

3. No cumprimento do deber de información aos acredores, farase constancia expresa á especial circunstancia de que a liquidación foi asumida polo Consorcio. Así mesmo, desde o momento en que teña coñecemento da existencia de créditos laborais ou presuma a posibilidade da súa existencia, comunicarllo ao Fondo de Garantía Salarial, comunicación que producirá os efectos da citación a que se refire o número 3 do artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

4. Até a ratificación pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións do plan de liquidación, o Consorcio non poderá facer pagamento dos seus créditos aos acredores da entidade aseguradora, salvo o disposto no artigo anterior. Os gastos que sexan precisos para a liquidación serán satisfeitos con cargo aos propios recursos do Consorcio.

5. O alleamento dos inmobles da entidade aseguradora en liquidación poderá ter lugar sen poxa pública e non precisará autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

6. O Consorcio formulará o plan de liquidación no prazo máis breve posible. Antes do transcurso do prazo de nove meses desde que asumise as súas funcións liquidatorias, deberá ter procedido a executar as medidas previstas no artigo 33, no caso de telas adoptado; só por causas xustificadas, debidamente acreditadas ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, poderá superar o mencionado prazo.

Artigo 35. *Plan de liquidación.*

O plan de liquidación comprenderá unha información sobre as medidas adoptadas consonte os números 1, 2 e 3 do artigo 33, o balance e a lista provisional de acredores. O activo do balance deberá estar constituído en metálico, salvo que, tratándose de bens inmobles, non considerase procedente o seu alleamento e, tratándose de créditos, sexan estes litixiosos, de modo que sexa presumible que esperar un pronunciamento xudicial firme atrasaría notablemente a liquidación. A lista provisional de acredores formularase consonte a orde de prelación do artigo 59 desta lei e pola contía que corresponda a cada un deles. Ademais, se do balance se desprendese a solvencia da entidade aseguradora, incorporará a relación de socios. Finalmente, o plan de liquidación conterá a proposta respecto do importe que, consonte o activo e pasivo do balance e a orde de prelación de créditos, se lle deba satisfacer a cada un dos acredores e, no caso de solvencia da entidade, aos socios e, se procedese, de adxudicación de bens inmobles e créditos litixiosos.

Artigo 36. *Xunta xeral de acredores.*

1. Simultaneamente á formulación do plan de liquidación, o Consorcio convocará a xunta xeral de acredores cunha antelación non inferior a un mes nin superior a dous. Citaraos mediante notificación persoal e daralle á convocatoria a publicidade que, conforme as circunstan-

cias do caso, coide pertinente. Será de aplicación o previsto no artigo 28.3.c) en canto a forma de comunicación e publicidade aos acredores que teñan o seu domicilio nun Estado membro do Espazo Económico Europeo distinto a España. Até o día sinalado para a celebración da xunta, os acredores ou os seus representantes poderán examinar o plan de liquidación. Até os 15 días antes do sinalado para a xunta, poderase solicitar a exclusión ou inclusión de créditos, así como a impugnación da contía dos incluídos mediante escrito dirixido ao Consorcio, ou por comparecencia ante este organismo, designando os documentos da liquidación ou presentando a documentación de que se queira valer o solicitante en xustificación do seu dereito. O Consorcio resolverá sobre cada reclamación sen ulterior recurso, sen prexuízo do dereito de impugnación a que se refire o número 4 deste artigo, e formulará a lista definitiva de acredores.

2. A xunta realizarase no día, hora e lugar sinalados na convocatoria, e poderá continuar nos días consecutivos que resulten necesarios, e será presidida por un delegado do Consorcio. Poderán concorrer, persoalmente ou por medio de representante, todos os acredores incluídos na lista definitiva. A xunta de acredores quedará legalmente constituída se os créditos dos concorrentes e representados suman, polo menos, tres quintos do pasivo do debedor en primeira convocatoria e calquera que sexa o número dos créditos concorrentes e representados en segunda convocatoria; entre unha e outra deberán mediar, polo menos, 24 horas. Declarada legalmente constituída a xunta polo representante do Consorcio, comezará a sesión pola lectura do plan de liquidación e procederase ao debate e ulterior votación sobre el. O plan de liquidación entenderase aprobado sempre que voten a prol do plan acredores cuxos créditos importen máis da metade do montante dos créditos presentes e representados, tanto en primeira como en segunda convocatoria, e quedarán obrigados todos os acredores por aquel, sen que ningún teña dereito de abstención, e sendo de aplicación á Facenda pública acreedora o disposto no artigo 10.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Extinguiranse os créditos na parte que excedan os importes recoñecidos para seren satisfeitos no citado plan; tratándose de créditos tributarios, unicamente quedarán extinguidas as responsabilidades da entidade aseguradora, e subsistirán nos seus propios termos os créditos respecto dos restantes responsables tributarios.

3. Se o plan de liquidación non fose aprobado en xunta xeral de acredores, o Consorcio deberá solicitar a declaración xudicial de concurso. A mesma solicitude poderase formular en calquera momento do período de liquidación anterior á xunta de acredores cando considerase que, dadas as circunstancias concorrentes na entidade aseguradora cuxa liquidación ten encomendada, sufrirán grave prexuízo os créditos dos acredores se non tivese lugar tal declaración xudicial de concurso.

4. Dentro dos oito días seguintes á celebración da xunta, os acredores que non concorresen a ela ou que, concorrendo, discordasen do voto da maioría ou que fosen eliminados polo Consorcio da lista definitiva a que se refire o número 1, poderán impugnar xudicialmente o plan de liquidación. A impugnación unicamente poderá fundarse nas seguintes causas:

a) Defectos nas formas prescritas para a convocatoria, celebración, deliberación e adopción de acordos da xunta de acredores.

b) Falta de personalidade ou representación nalgún dos votantes, inclusión ou exclusión indebida de créditos ou figurar na lista definitiva de acredores con cantidade maior ou menor da que se estimase xusta, sempre que en calquera destes casos a estimación da pretensión inflúa decisivamente na formación da maioría.

c) Erro na estimación do activo ou na prelación de créditos padecido polo Consorcio.

En todo o demais, a impugnación do plan de liquidación axustarase ao disposto na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, para a oposición á aprobación do convenio.

5. Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior sen se formular oposición, ou unha vez ditada sentenza firme que a resolva, e axustado, de ser o caso, o plan de liquidación a ela, o Consorcio elevará o plan de liquidación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, que ditará resolución pola que se ratifica o plan. Tal ratificación producirá os efectos previstos para a resolución xudicial nos números 6 e 7 do artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, se do citado plan se deduce a insolvencia da aseguradora.

6. O Consorcio procederá ao pagamento dos créditos en execución do plan de liquidación ratificado. De ser o caso, procederá á repartición e división do haber social conxuntamente os estatutos e disposicións específicas aplicables á entidade aseguradora e, subsidiariamente, conforme o disposto nos artigos 276 e 277 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto legislativo 1564/1989, do 22 de decembro, pero a consignación en depósito das cotas non reclamadas terá lugar no propio Consorcio, á disposición dos seus lexítimos donos durante un prazo de cinco anos, transcorrido o cal sen seren reclamadas se ingresarán no Tesouro Público.

7. Se, como consecuencia do desfase temporal entre a aprobación en xunta xeral de acredores do plan de liquidación e o efectivo pagamento dos créditos aos acredores e, de ser o caso, a división do haber social entre os socios, resultase un remanente, este incorporarase ao patrimonio do Consorcio para os efectos previstos no punto seguinte.

8. Os créditos recoñecidos por sentenza firme notificada ao acredor en data posterior á celebración da xunta xeral de acredores serán satisfeitos polo Consorcio co remanente a que se refire o punto anterior e, no seu defecto, cos seus propios recursos nos mesmos termos que lle corresponderían de ter estado incluído no plan de liquidación.

Artigo 37. *Anticipo de gastos de liquidación e satisfacción de créditos.*

1. De a entidade aseguradora ter sido declarada xudicialmente en concurso e carecer da liquidez necesaria, o Consorcio poderá anticipar os gastos que sexan precisos, con cargo aos seus propios recursos, para o adecuado desenvolvemento do procedemento concursal. Non obstante, o pagamento dos dereitos de procuradores e honorarios de letrados será por conta das partes que os designen, sen que proceda o seu anticipo polo Consorcio.

De se formular proposta de convenio cos acredores e este resultar aprobado, a recuperación polo Consorcio dos gastos de liquidación quedará condicionada a que sexan totalmente satisfeitos os demais recoñecidos na liquidación.

2. En caso de concurso, será de aplicación o disposto no artigo 33 desta lei.

SECCIÓN 4. MEDIDAS DE CONTROL ESPECIAL

Artigo 38. *Medidas de garantía da solvencia futura das entidades aseguradoras.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá adoptar as medidas contidas no número 2

deste artigo cando concorran circunstancias, deducidas de comprobacións efectuadas pola Administración, que poidan pór en perigo a solvencia futura da entidade ou poidan supor unha ameaza para os intereses dos asegurados ou o cumprimento futuro das obrigas contraídas, como consecuencia dunha inadecuada selección de riscos, a aplicación de tarifas de primas insuficientes, a existencia de desviacións significativas da sinistralidade, a inadecuación da política de reaseguro ou de calquera outra causa que poida xerar no futuro unha situación grave de desequilibrio ou de debilidade financeira.

2. As medidas de garantía da solvencia futura das entidades aseguradoras poderán consistir en:

a) Exixirle á entidade aseguradora un plan de recuperación financeira para garantir e prever a súa solvencia futura, que deberá ser sometido á aprobación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Este plan deberá, polo menos, conter indicacións e xustificacións para os próximos tres exercicios relativos: ás estimacións dos gastos de xestión, en especial ás comisións e aos gastos xerais correntes; ás estimacións detalladas dos ingresos e gastos relativos ás operacións de seguro directo, ás aceptacións en reaseguro e ás cesións en reaseguro; aos balances de situación previstos; ás estimacións dos recursos financeiros con que se pretenda cubrir os compromisos contraídos e a marxe de solvencia obrigatoria, e a política global de reaseguro.

b) Exixir que a entidade aseguradora dispoña dunha marxe de solvencia superior ao resultante da aplicación do disposto nas normas de desenvolvemento regulamentario desta lei, que garanta o cumprimento no futuro dos requisitos de solvencia da entidade. Para estes efectos, a contía mínima da marxe de solvencia de que se deberá dispor será a que determine a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e basearase no plan de recuperación financeira que lle sexa aprobado á entidade.

3. A adopción das medidas de garantía da solvencia futura das entidades aseguradoras a que se refire este artigo tramitarase conforme o disposto polo número 5 do artigo 39 desta lei.

Artigo 39. *Medidas de control especial.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá adoptar as medidas de control especial contidas neste artigo cando as entidades aseguradoras estean nalgunha das seguintes situacións:

a) Déficit superior ao cinco por cento no cálculo de cada unha das provisións técnicas individualmente consideradas, salvo na provisión técnica de prestacións, que será do 15 por cento; así mesmo, déficit superior ao 10 por cento na cobertura das provisións técnicas.

b) Insuficiencia da marxe de solvencia.

c) Que a marxe de solvencia non alcance o fondo de garantía mínimo.

d) Perdas acumuladas en contía superior ao 25 por cento do seu capital social ou fondo mutual desembolsados.

e) Dificultades financeiras ou de liquidez que determinasen demora ou incumprimento nos seus pagamentos.

f) Imposibilidade manifesta de realizar o fin social ou paralización dos órganos sociais, de modo que resulte imposible o seu funcionamento.

g) Situacións de feito, deducidas de comprobacións efectuadas pola Administración, que poñan en perigo a súa solvencia, os intereses dos asegurados ou o cumprimento das obrigas contraídas, así como a falta de adecuación da súa contabilidade ao plan de contabilidade das entidades aseguradoras ou irregularidade da contabilidade ou administración en termos tales que impidan ou dificulten notablemente coñecer a verdadeira situación patrimonial da entidade aseguradora.

As mesmas medidas de control especial poderanse adoptar sobre as entidades dominantes de grupos consolidables de entidades aseguradoras e sobre as propias entidades aseguradoras que formen parte do grupo cando este se encontre nalgunha das situacións descritas nas alíneas a), b), c), e), f) e g).

2. Con independencia da sanción administrativa que, de ser o caso, proceda impor, as medidas de control especial poderán consistir en:

a) Prohibir a disposición dos bens que se determinen da entidade aseguradora. Esta medida poderase adoptar cando a entidade incorra en calquera das situacións descritas nas alíneas a) e c) a g) do número 1 anterior e tamén, se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións considera que a posición financeira da entidade aseguradora se vai seguir deteriorando, nos supostos da alínea b) deste número 1. Poderase completar esta medida coas seguintes:

1. O depósito dos valores e demais bens mobles ou a administración dos bens inmobles por persoa aceptada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

2. As precisas para que a prohibición de dispor teña eficacia fronte a terceiros mediante a notificación ás entidades de crédito depositarias de efectivo ou de valores e a anotación preventiva da prohibición de dispor nos rexistros públicos correspondentes; para estes efectos, será título a resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións en que se acorde a referida prohibición de dispor. Durante a vixencia da anotación preventiva non se poderán inscribir nos rexistros públicos dereitos reais de garantía nin anotarse mandamentos xudiciais ou providencias administrativas de embargo.

3. A solicitude ás autoridades supervisoras dos restantes Estados membros do Espazo Económico Europeo de que adopten sobre os bens da entidade aseguradora situados no seu territorio as mesmas medidas que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións adoptase.

b) Exixirlle á entidade aseguradora un plan de saneamento para restablecer a súa situación financeira, no suposto previsto na alínea b) do número 1, que deberá ser sometido á aprobación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

c) Exixirlle á entidade aseguradora un plan de financiamento a curto prazo, que tamén deberá ser sometido á aprobación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, no suposto da alínea c) do citado número 1.

d) Ademais, en todos os supostos de adopción de medidas de control especial e con obxecto de salvagardar os intereses dos asegurados, poderá adoptar conxunta ou separadamente calquera das seguintes medidas:

1. Suspender a contratación de novos seguros ou a aceptación de reaseguro.

2. Prohibir a prórroga dos contratos de seguro subscritos pola entidade aseguradora en todos ou nalgúns dos ramos. Para estes efectos, a entidade aseguradora deberalles comunicar por escrito aos asegurados a prohibición da prórroga do contrato no prazo de 15 días naturais desde que reciba a notificación desta medida de control especial; neste caso, o prazo previsto na alínea segunda do artigo 22 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, quedará reducido a 15 días naturais. Con independencia da comunicación por escrito aos asegurados, a resolución pola que se adopte tal medida publicarse no «Boletín Oficial del Estado» e no «Diario Oficial da Unión Europea».

3. Prohibirlle á entidade aseguradora que, sen autorización previa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, poida realizar os actos de xestión e disposición que se determinen, distribuír dividendos, derramas acti-

vas e retornos, contratar novos seguros ou admitir novos socios.

4. Prohibir o exercicio da actividade aseguradora no estranxeiro, cando tal actividade contribúa a que a entidade aseguradora se encontre nalgunha das situacións descritas no número 1 anterior.

5. Exixirlle á entidade aseguradora un plan de rehabilitación en que propoña as adecuadas medidas administrativas, financeiras ou doutra orde, formule previsión dos resultados e fixe os prazos para a súa execución, co fin de superar a situación que deu orixe a tal exigencia, que deberá ser sometido á aprobación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

6. Ordenarlle ao conselleiro delegado ou cargo similar de administración que lles dea a coñecer aos demais órganos de administración a resolución administrativa adoptada e, de ser o caso, a acta de inspección.

7. Convocar os órganos de administración ou a xunta ou asemblea xeral da entidade aseguradora, e designar a persoa que deba presidir a reunión e dar conta da situación.

8. Substituír provisionalmente os órganos de administración da entidade.

3. Como medida de control especial complementaria das anteriores, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá acordar a intervención da entidade aseguradora para garantir o seu correcto cumprimento.

Os actos e acordos de calquera órgano da entidade aseguradora que se adopten a partir da data da notificación da resolución que acorde a intervención administrativa e que afecten ou garden relación coas medidas de control especial citadas anteriormente non serán válidos nin se poderán levar a efecto sen a aprobación expresa dos interventores designados. Exceptúase desta aprobación o exercicio de accións ou recursos pola entidade intervida contra os actos administrativos de ordenación e supervisión ou en relación coa actuación dos interventores.

Os interventores designados estarán facultados para revogar cantos poderes ou delegacións fosen conferidos polo órgano de administración da entidade aseguradora ou polos seus apoderados con anterioridade á data de publicación do acordo. Adoptada tal medida, os interventores procederán a exixir a devolución dos documentos en que consten os apoderamentos, así como a promover a inscrición da súa revogación nos rexistros públicos correspondentes.

4. A substitución provisional dos órganos de administración da entidade aseguradora axustarase ao seguinte:

a) A resolución administrativa designará a persoa ou as persoas que teñan que actuar como administradores provisionais e indicará se deben facelo mancomunada ou solidariamente. Esta resolución, de carácter inmediatamente executivo, publicarse no «Boletín Oficial del Estado» e inscribírase nos rexistros públicos correspondentes, incluídos, de ser o caso, os existentes no resto de Estados membros do Espazo Económico Europeo, publicación que determinará a eficacia da resolución fronte a terceiros. A idénticos requisitos e efectos se suxeitará a substitución de administradores provisionais cando for preciso proceder a ela.

b) Os administradores provisionais deberán reunir os requisitos exixidos polo artigo 15.

c) Os administradores provisionais terán o carácter de interventores, coas facultades expostas no número 3, respecto dos actos e acordos da xunta ou a asemblea xerais da entidade aseguradora.

d) A obriga de formular as contas anuais da entidade aseguradora e a aprobación destas e da xestión social poderán quedar en suspenso, por prazo non superior a un ano contado desde o vencemento do prazo legalmente establecido para o efecto, se a Dirección Xeral de Seguros

e Fondos de Pensións estimase, por solicitude dos administradores provisionais, que non existen datos ou documentos fiables e completos para iso.

e) Acordado pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o cesamento da medida de substitución provisional dos órganos de administración da entidade, os administradores provisionais procederán a convocar inmediatamente a xunta ou asemblea xeral da entidade aseguradora, en que se nomeará o novo órgano de administración. Até a toma de posesión deste, os administradores provisionais seguirán exercendo as súas funcións.

f) Os administradores provisionais poderán desenvolver a súa actuación no territorio de todos os Estados membros do Espazo Económico Europeo, e poderán exercer neles as mesmas funcións e poderes que en España. Para estes efectos, resultará título suficiente para acreditar a condición de administrador unha certificación da resolución pola que se acorde o seu nomeamento. Así mesmo, poderán outorgar poderes de representación ou solicitar asistencia, cando resulte necesario para levar a cabo a execución no territorio doutros Estados membros do Espazo Económico Europeo das medidas adoptadas e, en particular, para resolver as dificultades que puidesen encontrar os acredores residentes neles. En todo caso, as persoas que os asistan ou representen deben ter recoñecida honorabilidade e reunir as condicións necesarias de cualificación ou experiencia profesional para exercer as súas funcións, nos termos do artigo 15 desta lei.

5. A adopción de medidas de control especial farase nun procedemento administrativo tramitado conforme as normas comúns ou as do procedemento de ordenación e supervisión por inspección, segundo proceda, coas seguintes peculiaridades en ambos os casos:

a) Só se tramitará un procedemento por cada entidade aseguradora de modo que, se se adoptaron medidas de control especial sobre unha entidade aseguradora e é preciso, en virtude de comprobacións ou inspeccións ulteriores, acordar novas medidas, substituír ou deixar sen efecto, total ou parcialmente, as xa adoptadas, a ratificación ou cesación destas últimas, segundo proceda, serán incorporadas á resolución en que se adopten as novas medidas de control especial.

b) Iniciado o procedemento de adopción de medidas de control especial, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá adoptar, como medidas provisionais, as referidas nas alíneas a) e d) do número 2 deste artigo, sempre que concorran os requisitos do artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

c) Excepcionalmente, poderase prescindir da audiencia da entidade aseguradora afectada cando tal trámite orixine un atraso tal que comprometa gravemente a efectividade da medida adoptada, os dereitos dos asegurados ou os intereses económicos afectados. Neste suposto, a resolución que adopte a medida de control especial deberá expresar as razóns que motivaron a urxencia da súa adopción e tal medida deberá ser ratificada ou deixada sen efecto nun procedemento tramitado con audiencia do interesado.

6. As medidas de control especial deixaránse sen efecto por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cando cesasen as situacións que consonte o número 1 deste artigo determinaron a súa adopción e queden, ademais, debidamente garantidos os dereitos dos asegurados, beneficiarios e terceiros prexudicados.

7. Nos casos de incumprimento das medidas de control especial e sen prexuízo do disposto no número 4 deste artigo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de

Pensións poderalles dar publicidade, logo de audiencia da entidade interesada.

Ademais, aos actos da entidade aseguradora con vulneración das medidas de control especial seralles de aplicación o disposto no número 2 do artigo 4.

8. En todos os casos en que, ao abeiro do disposto nesta lei, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións proceda á designación de administradores provisionais ou interventores, poderase chegar á compulsión directa sobre as persoas para a toma de posesión das oficinas, libros e documentos correspondentes ou para o exame destes últimos.

9. Adoptada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, conforme o previsto nos puntos anteriores, algunha das medidas recollidas nas alíneas a), b) e c) do número 2 ou no número 2.d).2., 5.e 8., a prevista no número 3, así como a relativa á prohibición de distribuír dividendos, derramas activas ou retornos, aquela producirá efectos, de conformidade co previsto na súa lexislación, en todos os Estados membros do Espazo Económico Europeo. Para estes efectos e sen prexuízo do previsto na alínea a) do número 2 anterior e no número 3 do artigo 51, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará as autoridades supervisoras dos restantes Estados membros do Espazo Económico Europeo do acordo polo que se adopte a medida e os seus efectos no prazo de 10 días contado desde a súa adopción.

Tales medidas rexeranse polo disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

SECCIÓN 5. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 40. *Infraccións administrativas.*

1. As entidades aseguradoras, incluídas as dominantes de grupos consolidables de entidades aseguradoras nos termos definidos no artigo 20, as entidades que, de ser o caso, deban formular e aprobar as contas e informes consolidados de tales grupos, así como as persoas físicas ou entidades que sexan titulares de participacións significativas ou desempeñen cargos de administración ou dirección en calquera das entidades anteriores, e os liquidadores de entidades aseguradoras, que infrinxan normas de ordenación e supervisión dos seguros privados, incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable consonte o disposto nos artigos seguintes.

Consideraranse:

a) Cargos de administración, os administradores ou membros dos órganos colexiados de administración e os cargos de dirección, os seus directores xerais ou asimilados. Enténdense por tales aquelas persoas que desenvolvan na entidade funcións de alta dirección baixo a dependencia directa do seu órgano de administración, de comisións executivas ou de conselleiros delegados daquel.

b) Normas de ordenación e supervisión dos seguros privados, as comprendidas nesta lei e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento e, en xeral, as que figuren en leis de carácter xeral que conteñan preceptos especificamente referidos ás entidades aseguradoras e de obrigada observancia por elas.

2. As infraccións de normas de ordenación e supervisión dos seguros privados clasifícanse en moi graves, graves e leves.

3. Terán a consideración de infraccións moi graves:

a) O exercicio de actividades alleas ao seu obxecto exclusivo legalmente determinado, salvo que teña un carácter meramente ocasional ou illado.

b) A realización de actos ou operacións prohibidos por normas de ordenación e supervisión con rango de lei ou con incumprimento dos requisitos establecidos nes-

tas, salvo que teña un carácter meramente ocasional ou illado.

c) O defecto na marxe de solvencia en contía superior ao cinco por cento do importe correspondente e calquera insuficiencia no fondo de garantía.

d) O defecto no cálculo ou a insuficiencia dos investimentos para cobertura das provisións técnicas en contía superior ao 10 por cento.

e) Carecer da contabilidade exixida legalmente ou levala con anomalías substanciais que impidan ou dificulten notablemente coñecer a situación económica, patrimonial e financeira da entidade, así como o incumprimento da obriga de someter as súas contas anuais a auditoría de contas conforme a lexislación vixente.

f) A adquisición ou incremento de participación significativa nunha entidade aseguradora incumprindo o disposto no artigo 22.

g) Pór en perigo a xestión sa e prudente dunha entidade aseguradora mediante a influencia exercida polo titular dunha participación significativa, segundo o previsto no artigo 22.6.

h) A realización de prácticas abusivas, distintas das tipificadas como infraccións administrativas na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, que prexudiquen o dereito dos asegurados, beneficiarios, terceiros prexudicados ou doutras entidades aseguradoras.

i) A cesión de carteira, a transformación, fusión e escisión de entidades aseguradoras sen a preceptiva autorización ou, cando fose outorgada, sen axustarse a ela.

j) O incumprimento das medidas de control especial adoptadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións conforme o artigo 39.

k) O reiterado incumprimento dos acordos ou resolucións emanados da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

l) A falta de remisión á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións de cantos datos ou documentos lle deba subministrar a entidade aseguradora, quer mediante a súa presentación periódica, quer mediante a atención de requirimentos individualizados que lle dirixa a citada dirección xeral no exercicio das súas funcións, ou a falta de veracidade naqueles, cando con isto se dificulte a apreciación da solvencia da entidade aseguradora. Para os efectos desta alínea entenderase que hai falta de remisión cando non se produza dentro do prazo concedido para o efecto pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ao recordar por escrito a obriga de presentación periódica ou reiterar o requirimento individualizado.

m) A escusa, negativa ou resistencia á actuación inspectora, sempre que medie requirimento expreso e por escrito ao respecto.

n) Reter indebidamente, sen ingresalas dentro de prazo, as recargas recadadas a prol do Consorcio de Compensación de Seguros.

ñ) O incumprimento do deber de veracidade informativa debida aos seus socios, aos asegurados e ao público en xeral, sempre que, polo número de afectados ou pola importancia da información, tal incumprimento se poida estimar como especialmente relevante.

o) A realización de actos fraudulentos ou de negocios simulados ou a utilización de persoas físicas ou xurídicas interpostas coa finalidade de conseguir un resultado cuxa obtención directa implicaría a comisión de, polo menos, unha infracción grave.

p) As infraccións graves, cando durante os cinco anos anteriores á súa comisión se lle impuxese á entidade aseguradora sanción firme por infracción grave tipificada na mesma alínea do número 4 deste artigo.

q) Presentar deficiencias na organización administrativa e contable, ou nos procedementos de control interno, incluídos os relativos á xestión de riscos, cando

tales deficiencias poñan en perigo a solvencia ou viabilidade da entidade aseguradora.

4. Terán a consideración de infraccións graves:

a) O exercicio meramente ocasional ou illado de actividades alleas ao seu obxecto exclusivo legalmente determinado.

b) A realización meramente ocasional ou illada de actos ou operacións prohibidos por normas de ordenación e supervisión con rango de lei, ou con incumprimento dos requisitos establecidos nelas.

c) O defecto na marxe de solvencia en contía inferior ao cinco por cento do importe correspondente.

d) O defecto no cálculo ou a insuficiencia dos investimentos para cobertura das provisións técnicas en contía superior ao cinco por cento, pero inferior ao 10 por cento.

e) O incumprimento das normas vixentes sobre contabilización de operacións, formulación de balances e contas de perdas e ganancias, sempre que non constitúa infracción moi grave consonte a alínea e) do punto anterior, así como as relativas á elaboración dos estados financeiros de obrigada comunicación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

f) A ausencia de notificacións e informacións preceptivas á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, así como o incumprimento da posta á disposición da documentación exixida por normas de ordenación e supervisión con rango de lei, sempre que non constitúa infracción moi grave.

g) A desatención do requirimento ou prohibición acordados pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións consonte o número 5 do artigo 25.

h) O incumprimento pola entidade aseguradora das normas imperativas contidas nos artigos 3, 5, 8, 10, 12, 15, 18, 19, 20, 22, 76, 88, 94, 95, 96, 97 e 99 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, cando tal conduta teña un carácter repetitivo. Para estes efectos, enténdese que a conduta ten carácter repetitivo se durante os dous anos anteriores á súa comisión se desatenderon 10 ou máis requirimentos a que fai referencia a alínea b) do número 5 deste artigo.

i) Non facilitar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a documentación e información necesarias, nos prazos e forma determinados regulamentariamente, para permitir o mantemento actualizado dos rexistros administrativos regulados no artigo 74.

j) Nos supostos de entidades aseguradoras en liquidación, o incumprimento polos liquidadores das obrigas que lles impón o artigo 28.3, así como o incumprimento inxustificadamente por quen desempeñou cargos de administración ou dirección nos cinco anos anteriores á data de disolución, da súa obriga de colaborar cos liquidadores nos actos de liquidación que se relacionen con operacións do período en que aqueles desempeñaron tales cargos.

k) O incumprimento meramente ocasional ou illado dos acordos ou resolucións emanados da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

l) A falta de remisión á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións de cantos datos ou documentos lle deba subministrar a entidade aseguradora, ben mediante a súa presentación periódica, ben mediante a atención de requirimentos individualizados que lle dirixa a citada dirección xeral no exercicio das súas funcións, así como a falta de veracidade naqueles, salvo que isto supoña a comisión dunha infracción moi grave. Para os efectos desta alínea, entenderase que hai falta de remisión cando non se produza dentro do prazo fixado nas normas reguladoras da presentación periódica ou do prazo concedido para o efecto ao formular o requirimento individualizado.

m) A escusa, negativa ou resistencia á actuación inspectora, cando non constitúa infracción moi grave.

n) Non recadar na forma e no prazo procedentes, facelo indebidamente de modo insuficiente e, en xeral, incumprir as súas obrigas de recadación obrigatoria das recargas legalmente exixibles a prol do Consorcio de Compensación de Seguros.

ñ) O incumprimento do deber de veracidade informativa debida aos seus socios, aos asegurados ou ao público en xeral, cando non concorran as circunstancias a que se refire a alínea ñ) do número 3, así como a realización de calquera acto ou operación con incumprimento das normas reguladoras da publicidade e deber de información das entidades aseguradoras.

o) A realización de actos fraudulentos ou negocios simulados ou a utilización de persoas físicas ou xurídicas interpostas coa finalidade de conseguir un resultado contrario ás normas de ordenación e supervisión con rango de lei, sempre que tal conduta non estea comprendida na alínea o) do número 3.

p) As infraccións leves, cando durante os dous anos anteriores á súa comisión se lle impuxese á entidade aseguradora unha sanción firme por calquera infracción leve.

q) Presentar deficiencias na organización administrativa e contable, ou nos procedementos de control interno, incluídos os relativos á xestión de riscos, unha vez que transcorrese o prazo concedido para o efecto para a súa emenda polas autoridades competentes, e sempre que isto non constituía infracción moi grave conforme o previsto no número 3 anterior.

5. Terán a consideración de infraccións leves:

a) O defecto no cálculo ou a insuficiencia dos investimentos para cobertura das provisións técnicas en contía inferior ao cinco por cento.

b) O incumprimento pola entidade aseguradora das normas imperativas contidas nos artigos 3, 5, 8, 10, 12, 15, 18, 19, 20, 22, 76, 88, 94, 95, 96, 97 e 99 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, se non atendese no prazo dun mes o requirimento que para o efecto lle formule a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cando entendese fundadas as queixas e reclamacións a que se refire a normativa sobre protección de clientes de servizos financeiros.

c) En xeral, os incumprimentos de preceptos de obrigada observancia para as entidades aseguradoras comprendidos en normas de ordenación e supervisión dos seguros privados con rango de lei, sempre que non constituían infracción grave ou moi grave conforme o disposto nos dous puntos anteriores.

Artigo 41. Sancións administrativas.

1. Pola comisión de infraccións moi graves imporáselle, en todo caso, á entidade aseguradora unha das seguintes sancións:

a) Revogación da autorización administrativa.

b) Suspensión da autorización administrativa para operar nun ou varios ramos en que estea autorizada a entidade aseguradora, por un período non superior a 10 anos nin inferior a cinco.

c) Darlle publicidade á conduta constitutiva da infracción moi grave.

d) Multa por importe de até o un por cento dos seus fondos propios, ou desde 150.000 até 300.000 euros se aquela porcentaxe fose inferior a 150.000 euros.

Non obstante o disposto neste punto, no caso de imposición das sancións previstas nas alíneas a), b) e d) poderase impor asemade a sanción prevista na súa alínea c).

2. Pola comisión de infraccións graves imporáselle á entidade aseguradora unha das seguintes sancións:

a) Suspensión da autorización administrativa para operar nun ou varios ramos nun período de até cinco anos.

b) Darlle publicidade á conduta constitutiva da infracción grave.

c) Multa por importe desde 30.000 até 150.000 euros.

Non obstante o disposto neste punto, no caso de imposición das sancións previstas nas alíneas a) e c) poderase impor asemade a sanción prevista na súa alínea b).

3. Pola comisión de infraccións leves, imporáselle á entidade aseguradora a sanción de multa, que poderá alcanzar até o importe de 30.000 euros ou a de amoestación privada.

Artigo 42. Responsabilidade dos que exercen cargos de administración e dirección.

1. Quen exerza na entidade aseguradora e demais entidades enumeradas no artigo 40.1 cargos de administración ou dirección será responsable das infraccións moi graves ou graves cometidas por elas, cando estas sexan imputables á súa conduta dolosa ou negligente, salvo a infracción tipificada no artigo 40.4.j), que será directamente imputable a aquel.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, non serán considerados responsables das infraccións moi graves ou graves cometidas polas entidades aseguradoras e demais enumeradas no artigo 40.1 os que exerzan cargos de administración, nos seguintes casos:

a) Cando os que formen parte de órganos colexiados de administración non asistisen por causa xustificada ás reunións correspondentes ou votasen en contra ou salvarsen o seu voto en relación coas decisións ou acordos que desen lugar ás infraccións.

b) Cando estas infraccións sexan exclusivamente imputables a comisións executivas, conselleiros delegados, directores xerais ou órganos asimilados, ou outras persoas con funcións directivas na entidade.

3. Con independencia da sanción que corresponda impor á entidade, pola comisión de infraccións moi graves poderáselles impor unha das seguintes sancións aos que exerzan cargos de administración, de feito ou de dereito ou de dirección nela, e sexan responsables de tales infraccións:

a) Separación do cargo, con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera entidade aseguradora, por un prazo máximo de 10 anos.

b) Suspensión temporal no exercicio do cargo por prazo non inferior a un ano nin superior a cinco anos.

c) Multa, a cada un deles, por importe non superior a 90.000 euros.

Non obstante o disposto neste punto, no caso de imposición da sanción prevista na alínea a) poderase impor asemade a sanción prevista na súa alínea c).

4. Con independencia da sanción que corresponda impor á entidade, pola comisión de infraccións graves poderáselles impor unha das seguintes sancións aos que exerzan cargos de administración de feito ou de dereito, ou de dirección nela, e sexan responsables da infracción:

a) Suspensión temporal no exercicio do cargo por prazo non superior a un ano.

b) Multa, a cada un deles, por importe non superior a 45.000 euros. Esta sanción poderase impor asemade coa prevista na alínea a) anterior.

c) Amoestación privada.

d) Amoestación pública.

Artigo 43. *Criterios de graduación das sancións.*

1. As sancións aplicables en cada caso pola comisión de infraccións moi graves, graves ou leves determinaranse sobre a base dos seguintes criterios:

- a) A natureza e entidade da infracción, así como o grao de intencionalidade na súa comisión.
- b) A gravidade do perigo creado ou dos prexuízos causados.
- c) As ganancias obtidas, de ser o caso, como consecuencia dos actos ou omisións constitutivos da infracción.
- d) A circunstancia de ter procedido á emenda da infracción por propia iniciativa.
- e) A importancia da entidade aseguradora infractora, medida en función do importe total do seu balance e do seu volume de primas no último exercicio económico terminado con anterioridade á comisión da infracción.
- f) No caso de insuficiencia da marxe de solvencia, fondo de garantía e provisións técnicas, as dificultades obxectivas que poidan ter concorrido para alcanzar ou manter o nivel legalmente exixido.
- g) O ramo ou ramos a que afecte singularmente, de ser o caso, a infracción cometida.
- h) A conduta anterior da entidade en relación coas normas de ordenación e supervisión que lle afecten, atendendo xa á reiteración na comisión de infraccións durante os últimos cinco anos, xa á reincidencia por comisión de máis dunha infracción da mesma natureza no termo dun ano cando, nun e outro caso, fosen declaradas por resolución firme.
- i) As consecuencias desfavorables dos feitos para o sector asegurador, o sistema financeiro ou a economía nacional.

2. Para determinar a sanción aplicable entre as previstas nos números 3 e 4 do artigo 42, tomaranse en consideración, ademais, as seguintes circunstancias:

- a) O grao de responsabilidade nos feitos que concorran no interesado.
- b) O alcance da representación do interesado na entidade aseguradora.
- c) A conduta anterior do interesado, na mesma ou noutra entidade aseguradora, en relación coas normas de ordenación e supervisión, se incorre en reiteración ou reincidencia. Para estes efectos, entenderase por reiteración ou reincidencia a conduta descrita na alínea h) do número 1.

3. Para os efectos de graduación das sancións, estas dividiranse en tres períodos iguais de tempo ou tramos iguais da contía pecuniaria que comprenda a sanción imposta, formando un grao de cada un dos tres períodos ou tramos. Sobre esta base observaranse, para a imposición das sancións, segundo concorran ou non as circunstancias determinantes da aplicación de criterios de atenuación ou agravación, as regras seguintes:

- a) Cando nas infraccións moi graves concorran máis de dúas circunstancias de agravación e, polo menos, dúas delas sexan moi cualificadas, imporase a sanción prevista no artigo 41.1.a) e, de ser o caso, 42.3.a). Para a graduación nesta última, atenderase, consonte os criterios dos alíneas c) e seguintes, á concorrencia doutras circunstancias distintas ás dúas de agravación moi cualificadas determinantes da imposición desta sanción.
- b) Cando nas infraccións moi graves e graves concorran circunstancias de agravación e, polo menos, unha delas sexa moi cualificada, imporase as sancións previstas no artigo 41.1.b) ou 41.2.a) e, de ser o caso, as do artigo 42.3.b) ou 42.4.a), respectivamente, sempre que nas infraccións moi graves non concorran as circunstancias determinantes da aplicación do disposto na alínea a)

anterior. Ademais, para a graduación da sanción atenderase, en todos os casos e consonte os criterios das alíneas seguintes, á concorrencia doutras circunstancias distintas á de agravación moi cualificada determinante da imposición destas sancións.

- c) Cando concorran unha soa circunstancia de agravación, a sanción imporase no grao medio, e se concorren varias, no grao máximo.
- d) Cando concorran circunstancias de agravación e atenuación, compensaranse racionalmente para a determinación da sanción, graduando o valor dunhas e outras.
- e) Cando non concorran circunstancias de atenuación nin de agravación ou cando concorran só unha circunstancia de atenuación, imporase a sanción no grao mínimo.
- f) Cando sexan dúas ou máis as circunstancias de atenuación ou unha soa moi cualificada e non concorran ningunha agravante, imporase a sanción correspondente á infracción da clase inmediatamente inferior, e aplicarase no grao que se considere pertinente consonte a entidade e o número de tales circunstancias.
- g) Dentro dos límites de cada grao determinarase a extensión da sanción e, nos supostos en que sexa posible consonte os artigos 41 e 42, a imposición simultánea de dúas sancións, en consideración á totalidade dos criterios a que se refire o número 1 anterior.

Artigo 44. *Medidas inherentes á imposición de sancións administrativas.*

1. O órgano que impoña a sanción poderá dispor a exixencia ao infractor da reposición da situación por el alterada ao seu estado orixinario no prazo que para o efecto se determine.

2. Así mesmo, no suposto de que, polo número e clase das persoas afectadas polas sancións de separación ou suspensión, resulte necesario para asegurar a continuidade na administración e dirección da entidade aseguradora, o órgano que impoña a sanción poderá dispor o nomeamento, con carácter provisional, dun ou máis administradores ou dos membros que se precisen para que o órgano colexiado de administración poida adoptar acordos, sinalando as súas funcións en ambos os casos. Os administradores provisionais rexeranse polo disposto no artigo 39.4.a) e b) e exercerán os seus cargos até que o órgano competente da entidade aseguradora, que deberá ser convocado de modo inmediato, provexa os correspondentes nomeamentos e tomen posesión os designados ou, de ser o caso, até que transcorra o prazo de separación ou suspensión.

3. A imposición das sancións farase constar no rexistro administrativo de entidades aseguradoras e no dos altos cargos de entidades aseguradoras e, unha vez que sexan executivas, deberán ser obxecto de comunicación á inmediata xunta ou asemblea xeral que se celebre; as de separación do cargo e suspensión, así mesmo, unha vez que sexan executivas, faranse constar, ademais, no Rexistro Mercantil e, de ser o caso, no Rexistro de Cooperativas.

Artigo 45. *Prescrición de infraccións e sancións.*

1. As infraccións moi graves e as graves prescribirán aos cinco anos, e as leves, aos dous anos.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día en que a infracción se cometese. Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada, a data inicial do cómputo será a de finalización da actividade ou a do último acto con que a infracción se comece.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e volverá a transcorrer o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

2. As sancións por infraccións moi graves e graves prescribirán aos cinco anos, e as sancións por infraccións leves farano aos dous anos.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola cal se impón a sanción ou, de ser o caso, desde o quebrantamento da sanción imposta, se esta comezase a se cumprir.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, da execución da sanción, e volverá a transcorrer o prazo se esta execución está paralizada durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 46. *Competencias administrativas.*

A competencia para a instrución dos expedientes e para imposición das sancións correspondentes rexeráse polas seguintes regras:

a) Será competente para a instrución dos expedientes o órgano da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións que regulamentariamente se determine.

b) A imposición de sancións por infraccións graves e leves corresponderalle ao director xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

c) A imposición de sancións por infraccións moi graves corresponderalle ao ministro de Economía e Facenda, por proposta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, salvo a de revogación da autorización, que a imporá o Consello de Ministros.

Artigo 47. *Normas complementarias para o exercicio da potestade sancionadora.*

1. O exercicio da potestade sancionadora a que se refire esta lei será independente da eventual concorrencia de delitos ou faltas de natureza penal. Non obstante, cando se considere que os feitos puidesen ser constitutivos de delito e se puxesen en coñecemento da autoridade xudicial ou do Ministerio Fiscal, ou cando se estea tramitando un proceso penal polos mesmos feitos ou por outros cuxa separación dos sancionables consonte esta lei sexa racionalmente imposible, o procedemento administrativo sancionador quedará suspendido respecto daqueles até que recaia pronunciamento firme da autoridade xudicial. Se procede proseguir o procedemento administrativo sancionador, a resolución que se dite deberá respectar a apreciación dos feitos que conteña o pronunciamento xudicial.

2. No caso de entidades aseguradoras extinguidas por fusión, escisión ou disolución, a responsabilidade administrativa polas infraccións e sancións no ámbito da ordenación e supervisión dos seguros privados seralles exixible aos que exercesen cargos de administración ou dirección nelas mesmo cando estas non sexan sancionadas.

Artigo 48. *Exercicio de actividades e uso de denominacións reservadas ás entidades aseguradoras.*

1. As persoas ou entidades que realicen operacións de seguro ou reaseguro sen contar coa preceptiva autorización administrativa ou que utilicen as denominacións propias das entidades aseguradoras, sen selo, serán sancionadas simultaneamente coas sancións previstas nas alíneas c) e d) do artigo 41.1 e os que exerzan cargos de administración ou dirección nelas, tratándose de entidades, serano coas sancións previstas no artigo 42.3. Se,

requiridas para cesaren inmediatamente na realización de actividades ou na utilización das denominacións, continuasen a realizalas ou a utilízalas, serán sancionadas do mesmo modo, o que poderá ser reiterado con ocasión de cada un dos requirimentos posteriores que se formulen.

2. Será competente para a imposición das sancións e para a formulación dos requirimentos regulados no punto anterior o director xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Os requirimentos formularanse logo de audiencia da persoa ou entidade afectada e as multas imporanse consonte o procedemento aplicable para a imposición das sancións ás entidades aseguradoras.

3. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo das demais responsabilidades, mesmo de orde penal, que poidan resultar exixibles.

CAPÍTULO IV

Da actividade en réxime de dereito de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos no Espazo Económico Europeo.

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 49. *Entidades aseguradoras autorizadas.*

1. As entidades aseguradoras españolas que obtivesen a autorización válida en todo o Espazo Económico Europeo consonte o artigo 5 poderán exercer, nos mesmos termos da autorización concedida, as súas actividades en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos en todo o territorio do Espazo Económico Europeo.

2. Non será de aplicación o disposto no punto anterior:

a) Ás operacións de seguro cando os riscos sexan cubertos polo Consorcio de Compensación de Seguros.

b) As seguintes operacións de seguro de vida:

1. As realizadas por mutuas de seguro que, ao mesmo tempo, prevexan nos seus estatutos a posibilidade de proceder a descontos por contribución adicional, ou de reducir as prestacións ou de solicitar a axuda doutras persoas que asumisen un compromiso con este fin, e perciban un importe anual das contribucións consonte a previsión de riscos sobre a vida que durante tres anos consecutivos non exceda os 500.000 euros.

2. As das entidades de previsión e de asistencia que concedan prestacións variables segundo os recursos dispoñibles e determinen nunha cantidade fixa a contribución dos seus socios ou partícipes.

c) As seguintes operacións de seguro distinto ao de vida:

1. As realizadas por entidades de previsión cuxas prestacións varíen en función dos recursos dispoñibles e en que a contribución dos membros se determine nunha cantidade fixa.

2. As efectuadas por organizacións sen personalidade xurídica que teñan por obxecto a garantía mutua dos seus membros, sen dar lugar ao pagamento de primas nin á constitución de provisións técnicas.

3. As realizadas por mutuas de seguros en que concorran simultaneamente as seguintes condicións: que os seus estatutos prevexan a posibilidade de realizar derramas de cotas ou reducir as prestacións, que a súa actividade non cubra os riscos de responsabilidade civil, salvo que constitúa risco accesorio, nin os riscos de crédito e caución; que o importe anual das cotas percibidas por razón de operacións de seguro non supere 1.000.000 de euros, e, finalmente, que a metade, polo menos, de tales cotas proveña de persoas afiliadas á mutua.

4. As realizadas por mutuas de seguros que concertasen con outra mutua un acordo sobre o reaseguro íntegro dos contratos de seguro que subscribisen ou a substitución da mutua cesionaria pola cedente para a execución dos compromisos resultantes dos citados contratos.

5. As de seguro de crédito á exportación por conta ou co apoio do Estado.

6. As do ramo de decesos.

7. As efectuadas por entidades que operen unicamente no ramo de asistencia, cando a súa actividade se limite a parte do territorio nacional, as súas prestacións sexan en especie e o seu importe anual de ingresos non supere 200.000 euros.

Artigo 50. *Cesión de carteira.*

1. A cesión de carteira por unha entidade aseguradora española dos contratos subscritos en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos ou que, en virtude da cesión, pasen a estar subscritos en calquera de ambos os réximes, a un cesionario domiciliado no Espazo Económico Europeo, incluído España, ou ás sucursais do cesionario establecidas no dito espazo, precisará da conformidade da autoridade supervisora do Estado membro do compromiso ou localización do risco, da certificación de que a cesionaria dispón, tendo en conta a cesión, da marxe de solvencia necesaria, expedida pola autoridade supervisora do Estado membro de orixe do cesionario, e nos contratos subscritos en réxime de dereito de establecemento, da consulta á autoridade supervisora do Estado membro da sucursal cedente.

2. Se os Estados membros non contestan as solicitudes de conformidade, certificación e consulta no prazo de tres meses desde a súa recepción, entenderase outorgada tal conformidade, expedida a certificación e resolta a consulta, respectivamente.

3. Os tomadores terán dereito a resolver os contratos de seguro afectados pola cesión de carteira regulada neste precepto e, en todo o demais, a citada cesión de carteira axustarase ao disposto no artigo 23.

Artigo 51. *Medidas de intervención.*

1. A revogación da autorización administrativa a unha entidade aseguradora española que opere en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos será notificada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ás autoridades supervisoras dos restantes Estados membros. Neste caso e co obxecto de salvagardar os intereses dos asegurados, en colaboración coas referidas autoridades, poderá adoptar as medidas de control especial reguladas no artigo 39.

2. Se a entidade aseguradora española fose disolta, as obrigas derivadas dos contratos formalizados en réxime de dereito de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos terán o mesmo tratamento que as obrigas que resulten dos demais contratos de seguro da entidade en liquidación, sen distinción de nacionalidade dos tomadores de seguro, asegurados e beneficiarios.

En canto á convocatoria destes acredores e ao exercicio dos seus dereitos, aplicarase o previsto no artigo 28.3.c).

3. Se se adopta a medida de control especial de prohibición de dispor dos bens sobre unha entidade aseguradora española que opere noutros Estados membros en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará as autoridades supervisoras dos demais Estados membros e, de ser o caso, solicitará, consonte o artigo 39.2.a), que adopten sobre os

bens situados no seu territorio as mesmas medidas que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións adoptase.

Artigo 52. *Deber de información ao Ministerio de Economía e Facenda.*

As entidades aseguradoras españolas que operen en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos deberán informar a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, separadamente para as operacións realizadas en cada Estado membro do Espazo Económico Europeo en réxime de dereito de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos, sobre a súa actividade nos termos, na forma e na periodicidade que regulamentariamente se determine.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións subministrará esta información, sobre unha base agregada, ás autoridades supervisoras dos Estados membros interesados que así o soliciten. Regulamentariamente, concretarase o alcance desta subministración de información.

Artigo 53. *Deber de información ao tomador do seguro.*

1. Antes da celebración por unha entidade aseguradora española dun contrato de seguro, distinto ao contrato de seguro por grandes riscos, en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos, deberá informar o tomador do seguro de que está domiciliada en España ou, se é o caso, a sucursal coa cal se vaia formalizar o contrato, o que tamén deberá constar nos documentos que para estes efectos se lles entreguen, de ser o caso, ao tomador do seguro ou aos asegurados.

2. A póliza e calquera outro documento en que se formalice todo contrato de seguro en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos, incluídos os contratos de seguro por grandes riscos, deberán indicar o enderezo do domicilio social ou, de ser o caso, da sucursal da entidade aseguradora española que proporcione a cobertura; e, tratándose de contratos de seguro de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, formalizados en réxime de libre prestación de servizos, deberase facer constar tamén o nome e o enderezo do representante a que se refire o artigo 86.2, cando o exixa o Estado membro de localización do risco.

Artigo 54. *Remisión xeral.*

En todo o demais, e en defecto do disposto especificamente nos artigos 55 e 56, as entidades aseguradoras españolas que operen en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos axustarase ás disposicións deste título II, con excepción do disposto no artigo 25.6.a) e no artigo 23.4 do texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro.

SECCIÓN 2. RÉXIME DE DEREITO DE ESTABLECEMENTO

Artigo 55. *Establecemento de sucursais.*

1. Toda entidade aseguradora española que se proponha establecer unha sucursal no territorio doutro Estado membro do Espazo Económico Europeo notificarao na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, xuntando a seguinte información:

a) O nome do Estado membro en cuxo territorio se propón establecer a sucursal.

b) O seu programa de actividades, en que se indiquen, en particular, as operacións que pretenda realizar e a estrutura da organización da sucursal.

c) O enderezo no Estado membro da sucursal en que lle poden reclamar e entregar os documentos.

d) O nome do apoderado xeral da sucursal, que deberá estar dotado de poderes suficientes para obrigar a entidade aseguradora fronte a terceiros e para representala ante as autoridades e órganos xudiciais do Estado membro da sucursal.

e) Se a entidade pretende que a súa sucursal cubra os riscos do ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, deberá declarar que se asociou á oficina nacional e ao fondo nacional de garantía do Estado membro da sucursal.

f) Se a entidade pretende que a súa sucursal cubra os riscos do ramo de defensa xurídica, deberá indicar a opción elixida, entre as distintas modalidades de xestión previstas no artigo 5.2.h).

2. No prazo de tres meses a partir da recepción da información a que fai referencia o número 1, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comunicarllo á autoridade supervisora do Estado membro da sucursal, e xuntará unha certificación de que a entidade aseguradora dispón do mínimo da marxe de solvencia legalmente exigible e non se encontra sometida ao plan de recuperación financeira previsto no artigo 38.2, e informará desta comunicación a entidade aseguradora.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderase negar a comunicar esta información cando, á vista da documentación presentada pola entidade aseguradora, teña razóns para dudar da idoneidade da estrutura da organización, da situación financeira da entidade aseguradora, ou da honorabilidade e cualificación ou experiencia profesionais dos directivos responsables ou do apoderado xeral.

A negativa a comunicar a información ao Estado membro da sucursal deberalle ser notificada á entidade aseguradora. Tanto esta negativa como a falta de comunicación da información no prazo de tres meses, coa consideración de acto presunto en que se pode entender desestimada a solicitude, terán o carácter de actos administrativos susceptibles de recurso.

3. Se a autoridade supervisora do Estado membro da sucursal lle indicase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as condicións en que, por razóns de interese xeral, deban ser exercidas estas actividades no referido Estado membro da sucursal, a citada dirección xeral comunicarllo á entidade aseguradora interesada.

4. A entidade aseguradora poderá establecer a sucursal e comezar as súas actividades desde que reciba a comunicación da autoridade supervisora do Estado membro da sucursal ou, no seu defecto, desde o transcurso do prazo de dous meses a partir da recepción por esta da comunicación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a que se refire o número 2 deste artigo.

5. A modificación do contido dalgún dos datos notificados consonte o disposto nas alíneas b), c) ou d) do número 1 axustarase ao disposto nos puntos anteriores, pero a entidade aseguradora notificarallo ademais ao Estado membro da sucursal en que estea establecida, e tanto este como a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións disporán dun prazo común dun mes para exercer as funcións que lles atribúen os puntos anteriores.

6. A obriga de conservar a documentación no domicilio social que impón o artigo 25.7 entenderase referida ao enderezo da sucursal.

SECCIÓN 3. RÉXIME DE LIBRE PRESTACIÓN DE SERVIZOS

Artigo 56. *Actividades en réxime de libre prestación de servizos.*

1. Toda entidade aseguradora española que se propoña exercer por primeira vez nun ou máis Estados membros do Espazo Económico Europeo actividades en réxime de libre prestación de servizos deberá informar previamente do seu proxecto na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, indicando a natureza dos riscos ou compromisos que se propoña cubrir.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comunicarllo, no prazo dun mes, a partir da recepción da información, ao Estado ou Estados membros en cuxo territorio se propoña a entidade aseguradora desenvolver as súas actividades en réxime de libre prestación de servizos, e indicará:

a) Que a entidade aseguradora dispón do mínimo da marxe de solvencia e non se encontra sometida ao plan de recuperación financeira previsto no artigo 38.2.

b) Os ramos en que a entidade aseguradora está autorizada a operar.

c) A natureza dos riscos ou compromisos que a entidade aseguradora se propoña cubrir no Estado membro da libre prestación de servizos.

d) Se a entidade pretende cubrir os riscos do ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, a declaración da entidade de que se asociou á oficina nacional e ao fondo nacional de garantía do Estado membro da libre prestación de servizos, así como o nome e o enderezo do representante a que se refire o artigo 86.2.

e) Se a entidade pretende cubrir os riscos do ramo de defensa xurídica, a opción elixida entre as distintas modalidades de xestión previstas no artigo 5.2.h).

Esta última información, así como a anterior da alínea d), deberá ser achegada pola entidade xunto coa referida no número 1 deste artigo.

3. A entidade aseguradora poderá iniciar a súa actividade a partir da data certificada en que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións lle notifique que cursou a comunicación a que se refire o punto anterior.

4. Toda modificación da natureza dos riscos ou compromisos que a entidade aseguradora pretende cubrir en réxime de libre prestación de servizos axustarase ao disposto nos puntos anteriores deste artigo.

CAPÍTULO V

Reaseguro

Artigo 57. *Entidades reaseguradoras.*

1. Unicamente poderán aceptar operacións de reaseguro:

a) As sociedades anónimas españolas que teñan por obxecto exclusivo o reaseguro.

b) As entidades aseguradoras que estean autorizadas para a práctica do seguro directo en España, nos mesmos ramos que comprenda aquela autorización e consonte o mesmo réxime xurídico.

c) As entidades de reaseguro estranxeiras ou agrupacións destas que operen no seu propio país e establezan sucursal en España.

d) As entidades aseguradoras e de reaseguro estranxeiras, ou agrupacións destas, que operen no seu propio país e non teñan sucursal en España ou que, tendo, as aceptasen desde o seu domicilio social ou, no caso de entidades domiciliadas no Espazo Económico

Europeo, desde sucursais establecidas en calquera dos Estados membros.

2. As entidades referidas na alínea a) e as sucursais comprendidas na alínea c) do punto anterior requirirán autorización do ministro de Economía e Facenda, para cuxa obtención deberán cumprir, na forma que regulamentariamente se estableza, os requisitos exixidos para as entidades aseguradoras directas. A autorización determinará a inscrición no rexistro administrativo de entidades aseguradoras.

3. As entidades a que se refire o número 2 terán a obriga de constituír, calcular, contabilizar e investir as provisións técnicas e, de ser o caso, dispor da marxe de solvencia na forma que regulamentariamente se determine. Ademais, seranlles aplicables as normas contidas nos artigos 15, 18, 19, 20, 21, 22, 26, 27, 28 e 31 ao 48 desta lei, así como as contidas nos artigos 14 e 23.4 do texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro.

4. As entidades exclusivamente reaseguradoras non poderán estender a súa xestión preto dos tomadores de seguro ou dos asegurados.

5. Os administradores das sociedades definidas no número 1.a) deste artigo están obrigados a formular, no prazo máximo de seis meses contados a partir do peche do exercicio social, as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación do resultado; e a xunta xeral ordinaria destas entidades, previamente convocada para o efecto, reunirase necesariamente dentro dos tres meses seguintes á data da citada formulación polos administradores para censurar a xestión social, aprobar, de ser o caso, as contas do exercicio anterior e resolver sobre a aplicación do resultado.

Artigo 58. *Plenos de retención.*

As entidades aseguradoras e de reaseguros establecerán os seus plans de reaseguro de tal modo que os plenos de retención correspondentes garden relación coa súa capacidade económica para o adecuado equilibrio técnico-financeiro da entidade.

CAPÍTULO VI

Protección do asegurado

Artigo 59. *Prelación de créditos.*

1. Os créditos dos asegurados, beneficiarios e terceiros prexudicados a que se refire o artigo 73 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, gozarán de prioridade absoluta sobre todos os demais créditos contra a entidade aseguradora respecto dos activos que, representando as provisións técnicas, se encontren incorporados ao rexistro de investimentos.

2. Respecto dos créditos contra a entidade aseguradora que non gocen da prioridade a que se refire o punto anterior, resultará de aplicación o sistema de prelación establecido na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, norma que resulta ademais de aplicación subsidiaria en todo o non regulado nesta lei.

3. Ademais da preferencia establecida no número 1 deste artigo, os bens respecto dos cales se adoptase a medida de control especial de prohibición de dispor, prevista no artigo 39.2.a), aínda que tal medida non fose obxecto de inscrición rexistral, quedarán afectos a satisfacer os créditos mencionados no número 1, con exclusión de calquera outro distinto dos garantidos con dereito real inscrito ou anotación de embargo practicada con anterior-

idade á data en que se faga constar a medida nos rexistros correspondentes.

Esta preferencia será tamén aplicable aos créditos de quen subscribíse coas entidades aseguradoras contratos afectados polo disposto no artigo 4.2 e na alínea segunda do artigo 39.7 desta lei.

Artigo 60. *Deber de información ao tomador.*

1. Antes de formalizar un contrato de seguro, a entidade aseguradora deberá informar o tomador sobre o Estado membro e a autoridade aos cales lles corresponde o control da actividade da propia entidade aseguradora, extremo que deberá, así mesmo, figurar na póliza e en calquera outro documento en que se formalice todo contrato de seguro.

2. Antes de formalizar un contrato de seguro distinto ao seguro de vida, se o tomador é unha persoa física, ou calquera contrato de seguro de vida, a entidade aseguradora deberá informar o tomador sobre a lexislación aplicable ao contrato, sobre as disposicións relativas ás reclamacións que se poidan formular e sobre os demais extremos que se determinen regulamentariamente.

3. Cando o contrato de seguro se vaia celebrar no marco dun sistema de prestación de servizos a distancia organizado polo asegurador que utilice exclusivamente unha ou varias técnicas de comunicación a distancia até a formalización dese contrato, e o tomador sexa unha persoa física que actúe cun propósito alleo a unha actividade comercial ou profesional propia, ademais da información prevista nos puntos anteriores, deberase informar sobre a existencia, de ser o caso, do dereito de rescisión a que se refiren os artigos 6 bis e 83.a) da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, e a súa forma de exercicio, así como acerca do procedemento que se vaia seguir para a formalización do contrato e demais extremos que regulamentariamente se establezan.

En todo caso, nos seguros de vida en que o tomador asume o risco do investimento informarase de forma clara e precisa acerca de que o importe que se vai percibir depende de fluctuacións nos mercados financeiros, alleos ao control do asegurador e cuxos resultados históricos non son indicadores de resultados futuros.

4. Toda a información a que se refire o punto anterior, así como as condicións contractuais, deberán ser postas polo asegurador á disposición do tomador en soporte duradeiro accesible ao tomador con antelación suficiente ao momento en que este asuma calquera obriga derivada do contrato de seguro.

Cando o contrato se subscribíse por petición do tomador utilizando unha técnica de comunicación a distancia que non permita transmitir as condicións contractuais e a información previa á formalización do contrato nun soporte duradeiro accesible ao tomador, o asegurador cumprirá inmediatamente despois da formalización do contrato de seguro as obrigas a que se refire a alínea anterior.

En calquera momento da relación contractual o tomador terá dereito a obter as condicións contractuais en papel e a cambiar as técnicas de comunicación a distancia utilizadas.

5. Para efectos do previsto nos números 3 e 4 anteriores, entenderase por:

a) Técnica de comunicación a distancia: todo medio que se poida utilizar para a formalización dun contrato de seguro entre o asegurador e o tomador sen que exista unha presenza física simultánea das partes.

b) Soporte duradeiro: todo instrumento que permita almacenar a información de modo que se poida recuperar facilmente durante un período de tempo adecuado para os fins para os cales tal información está destinada e permite a súa reprodución sen cambios.

6. Durante todo o período de vixencia do contrato de seguro sobre a vida, a entidade aseguradora deberá informar o tomador das modificacións da información inicialmente subministrada e, así mesmo, sobre a situación da súa participación en beneficios, nos termos e prazos que regulamentariamente se determinen.

Artigo 61. *Mecanismos de solución de conflitos.*

1. Os conflitos que poidan xurdir entre tomadores de seguro, asegurados, beneficiarios, terceiros prexudicados ou habentes-dereito de calquera deles con entidades aseguradoras resolveranos os xuíces e tribunais competentes.

2. Así mesmo, poderán someter voluntariamente as súas diverxencias a decisión arbitral nos termos do artigo 31 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e as súas normas de desenvolvemento.

3. En calquera caso, e sen prexuízo do disposto no punto anterior, tamén poderán someter a arbitraje as cuestións litixiosas, xurdidas ou que poidan xurdir, en materia da súa libre disposición conforme a dereito, nos termos da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.

Artigo 62. *Protección administrativa.*

1. O Ministerio de Economía e Facenda protexerá a liberdade dos asegurados para decidir a contratación dos seguros e o mantemento do equilibrio contractual nos contratos de seguro xa formalizados.

2. A protección administrativa no ámbito dos seguros privados rexerase pola normativa vixente sobre protección de clientes de servizos financeiros, contida na Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas para a reforma do sistema financeiro, e as súas normas de desenvolvemento.

3. As prácticas abusivas e a desatención dos requirimentos efectuados pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a que se refire o artigo 40.5.b) dará lugar, segundo os casos, á imposición das sancións administrativas correspondentes ás infraccións tipificadas no artigo 40.4.h) e 40.5.b) ou á prohibición regulada no artigo 25.5.

Artigo 63. *Departamento ou servizo de atención ao cliente. Defensor do cliente.*

Nos termos previstos na normativa vixente sobre protección de clientes de servizos financeiros, contida na Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas para a reforma do sistema financeiro, e nas súas normas de desenvolvemento, as entidades aseguradoras estarán obrigadas a atender e resolver as queixas e reclamacións que os usuarios de servizos financeiros poidan presentar, relacionados cos seus intereses e dereitos legalmente recoñecidos. Para estes efectos, as entidades deberán contar cun departamento ou servizo de atención ao cliente encargado de atender e resolver as queixas e reclamacións.

CAPÍTULO VII

Mutualidades de previsión social

Artigo 64. *Concepto e requisitos.*

1. As mutualidades de previsión social son entidades aseguradoras que exercen unha modalidade aseguradora de carácter voluntario complementaria ao sistema de Seguridade Social obrigatoria, mediante achegas a prima

fixa ou variable dos mutualistas, persoas físicas ou xurídicas, ou doutras entidades ou persoas protectoras.

Na súa denominación deberá figurar necesariamente a indicación «Mutualidade de previsión social», que quedará reservada para estas entidades.

Cando nunha mutualidade de previsión social todos os seus mutualistas sexan empregados, os seus socios protectores ou promotores sexan as empresas, institucións ou empresarios individuais nas cales presten os seus servizos e as prestacións que se outorguen sexan unicamente consecuencia de acordos de previsión entre estas e aqueles, entenderase que a mutualidade actúa como instrumento de previsión social empresarial.

2. O obxecto social das mutualidades de previsión social será o recollido no artigo 11.

Non obstante, as mutualidades de previsión social que cumpran o disposto no artigo 67 poderán outorgar prestacións sociais, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que estas prestacións fosen autorizadas especificamente pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

b) Que manteñan a actividade de outorgamento de prestacións sociais con absoluta separación económico-financiera e contable respecto das súas operacións de seguro.

c) Que, en todo momento, dispoñan do fondo mutual mínimo e teñan adecuadamente constituídas as súas garantías financeiras.

d) Que os recursos que dediquen á actividade de prestación social sexan da súa libre disposición.

3. As mutualidades de previsión social deberán cumprir acumulativamente os seguintes requisitos:

a) Carecer de ánimo de lucro.

b) A condición de tomador do seguro ou de asegurado será inseparable da de mutualista.

c) Establecer igualdade de obrigas e dereitos para todos os mutualistas, sen prexuízo de que as achegas e prestacións garden a relación estatutariamente establecida coas circunstancias que concorran en cada un deles. Serán aplicables as regras contidas no artigo 9.2.c), e), f) e g).

d) Limitar a responsabilidade dos mutualistas polas débedas sociais a unha cantidade inferior ao terzo da suma das cotas que satisfíxesen nos tres últimos exercicios, con independencia da cota do exercicio corrente.

e) A incorporación dos mutualistas á mutualidade será en todo caso voluntaria e requirirá unha declaración individual do solicitante, ou ben de carácter xeral derivada de acordos adoptados polos órganos representativos da cooperativa ou dos colexios profesionais, salvo oposición expresa do colexiado, sen que se poidan pór límites para ingresar na mutualidade distintos dos previstos nos seus estatutos por razóns xustificadas.

f) A incorporación dos seus mutualistas poderá ser realizada directamente pola propia mutualidade ou ben a través da actividade de mediación en seguros, isto último sempre e cando cumpran os requisitos de fondo mutual e garantías financeiras do artigo 67. Non obstante, os mutualistas poderán participar na incorporación de novos socios e na xestión de cobramento das cotas; en tal caso, poderán percibir a compensación económica adecuada fixada estatutariamente.

g) Outorgar só as prestacións enumeradas no artigo 65 e dentro dos límites cuantitativos fixados nel.

h) Asumirán directamente os riscos garantidos aos seus mutualistas, sen practicar operacións de coaseguro nin de aceptación en reaseguro, pero poderán realizar operacións de cesión en reaseguro con entidades aseguradoras autorizadas para operar en España.

i) A remuneración aos administradores pola súa xestión formará parte dos gastos de administración, que non

poderán exceder os límites fixados polo Ministerio de Economía e Facenda.

j) Na súa constitución deberán concorrer polo menos 50 mutualistas.

4. As federacións ou a Confederación Nacional de Mutualidades de Previsión Social son entes de representación asociativa dos intereses das mutualidades de previsión social e en ningún caso poderán realizar actividade aseguradora.

Poderán, se están debidamente autorizadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, prestar servizos comúns relacionados coa actividade das mutualidades de previsión social.

Artigo 65. *Ámbito de cobertura e prestacións.*

1. Na previsión de riscos sobre as persoas, as continxencias que poden cubrir son as de morte, viuvez, orfandade e xubilación, e garantirán prestacións económicas en forma de capital ou renda. Así mesmo, poderán outorgar prestacións por razón de matrimonio, maternidade, fillos e defunción. E poderán realizar operacións de seguro de accidentes e invalidez para o traballo, enfermidade, defensa xurídica e asistencia, así como prestar axudas familiares para sufragar necesidades motivadas por feitos ou actos xurídicos que impidan temporalmente o exercicio da profesión.

As prestacións económicas que se garantan non poderán exceder os 21.000 euros como renda anual nin do seu equivalente actuarial como percepción única de capital.

O límite previsto na alínea anterior poderá ser actualizado polo ministro de Economía e Facenda, considerando a suficiencia das garantías financeiras para atender as prestacións actualizadas.

Non obstante, para aquelas mutualidades que estean incursas nalgunha das situacións previstas nos artigos 27 ou 39.1 desta lei, as novas prestacións económicas que se garantan non poderán exceder os 18.000 euros como renda anual nin os 78.000 euros como percepción única de capital.

2. Na previsión de riscos sobre as cousas, só poderán garantir os que se relacionan seguidamente e dentro do importe cuantitativo dos citados bens:

a) Vivendas de protección oficial e outras de interese social, sempre que estean habitadas polo propio mutualista e a súa familia.

b) Maquinaria, bens e instrumentos de traballo de mutualistas que sexan pequenos empresarios. Para estes efectos, entenderase por pequenos empresarios os traballadores autónomos por conta propia e os profesionais e empresarios, incluídos os agrícolas, que non empreguen máis de cinco traballadores.

c) Colleitas de terreos cultivados directa e persoalmente polo agricultor, sempre que non queden comprendidos no plan anual de seguros agrarios combinados, e os gandos integrados na unidade de explotación familiar.

3. Cada mutualidade poderá outorgar a totalidade ou parte das prestacións mencionadas nos dous puntos anteriores.

Artigo 66. *Ampliación de prestacións.*

1. As mutualidades de previsión social non estarán suxeitas aos límites cualitativos e cuantitativos impostos nos números 1 e 2 do artigo 65 e poderán outorgar prestacións distintas das contidas nos ditos puntos e artigo, sempre que obteñan a autorización administrativa previa á ampliación de prestacións.

2. Son requisitos necesarios para que unha mutualidade de previsión social poida obter e manter a autorización administrativa de ampliación de prestacións os seguintes:

a) Que transcorrese, polo menos, un prazo de cinco anos desde a obtención da autorización administrativa para realizar actividade aseguradora e ser titular dunha autorización válida en todo o Espazo Económico Europeo.

b) Non ter estado suxeita a medidas de control especial, nin térselle incoado procedemento administrativo de disolución ou de revogación da autorización administrativa durante os dous anos anteriores á presentación da solicitude de autorización.

c) Posuír o mínimo de fondo mutual, marxe de solvencia e do fondo de garantía que ás mutuas de seguro a prima fixa lles exige esta lei, e ter constituídas as provisións técnicas nos mesmos termos que as deben ter estas mutuas a prima fixa.

d) Presentar e atermarse a un programa de actividades consonte o artigo 12 e suxeitarse á clasificación en ramos respecto da actividade aseguradora que realicen con ampliación de prestacións.

3. A solicitude de autorización de ampliación de prestacións dirixirse á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, de ser o caso, ao órgano competente da comunidade autónoma, e deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos exixidos no número 2. A autorización concederáa o ministro de Economía e Facenda por ramos, e abranguerá o ramo completo e a cobertura dos riscos accesorios ou complementarios daquel, segundo proceda, comprendidos noutro ramo.

En todo o demais, o procedemento e a resolución administrativa axustaranse ao disposto nos números 4, 5, 6 e 7 do artigo 5.

4. Se a autorización administrativa se obtén no ramo de vida, a mutualidade de previsión social poderá continuar realizando, ademais, de ser o caso, as de previsión de riscos sobre as cousas a que se refire o número 2 do artigo 65; se a autorización administrativa o é en calquera dos ramos distintos ao de vida, a mutualidade de previsión social poderá, ademais de realizar as operacións de seguro correspondentes ao ramo autorizado, continuar realizando as de previsión de riscos sobre as persoas que autoriza o número 1 do artigo 65 e poderá solicitar, consonte o artigo 5.3, a autorización administrativa para estender a súa actividade a outros ramos de vida distintos dos autorizados. En ambos os casos estarán exentas das limitacións que impoñen as alíneas g) e h) do artigo 64.3 unicamente nos ramos de seguro en que obtivesen a autorización administrativa de ampliación de prestacións.

5. A realización por unha mutualidade de previsión social das actividades que este artigo suxeita a unha autorización administrativa de ampliación de prestacións sen a ter obtido previamente será considerada como operación prohibida e quedará suxeita aos efectos e responsabilidades administrativas previstos nos artigos 4.2, 39, 40 e seguintes desta lei.

Artigo 67. *Fondo mutual e garantías financeiras.*

1. As mutualidades de previsión social que obtivesen a autorización administrativa de ampliación de prestacións suxeitaranse na exixencia de fondo mutual e garantías financeiras ao disposto no artigo anterior.

2. As restantes mutualidades de previsión social:

a) Deberán constituír un fondo mutual de 30.050,61 euros. Así mesmo, formarán co seu patrimonio un fondo

de manobra que lles permita pagar os sinistros e gastos sen esperar ao cobramento das derramas.

b) Terán a obriga de constituír as provisións técnicas a que se refire o artigo 16, deberán dispor da marxe de solvencia que regula o artigo 17 e do fondo de garantía exixido polo artigo 18.

A contía mínima do fondo de garantía para estas mutualidades será as tres cuartas partes das contías mínimas previstas na alínea primeira do artigo 18.2.

Non obstante, para as mutualidades que prevexan nos seus estatutos a posibilidade de realizar derramas de cotas ou de reducir as prestacións e cuxo importe anual de cotas non supere os cinco millóns de euros durante tres exercicios consecutivos, o fondo de garantía mínimo será o previsto na alínea segunda do artigo 18.2. En caso de que a entidade supere o importe de cinco millóns de euros durante tres anos consecutivos, a partir do cuarto ano os importes mínimos serán os establecidos na alínea anterior.

Estarán exentas do mínimo de fondo de garantía as mutualidades de previsión social cuxo obxecto exclusivo sexa outorgar prestacións ou subsidios de docencia ou educación e, en todo caso, aquelas mutualidades de previsión social que non operen por ramos, que prevexan nos seus estatutos a posibilidade de realizar derramas de cotas ou de reducir as prestacións, que non cubran riscos de vida e cuxo importe de cotas non exceda de 750.000 euros.

Para os efectos deste punto, asimílaranse os riscos cubertos por estas mutualidades de previsión social aos ramos de seguros na forma prevista regulamentariamente para a marxe de solvencia.

Artigo 68. *Normas aplicables.*

1. As mutualidades de previsión social cuxo ámbito sexa o delimitado na alínea inicial do artigo 69.2 e respecto das cales as comunidades autónomas asumisen nos seus estatutos de autonomía competencia exclusiva rexeranse, no concernente á súa actividade aseguradora, polas disposicións a que se refire o número 2 seguinte que teñan a consideración de bases da ordenación dos seguros consonte a disposición derradeira primeira desta lei e polas normas ditadas polas citadas comunidades autónomas en desenvolvemento de tales bases.

2. As mutualidades de previsión social cuxa competencia de ordenación e supervisión corresponde ao Estado consonte o disposto no artigo 69 rexeranse polo disposto neste capítulo e polas restantes disposicións desta lei, no que non se opoñan a aquel, así como polas súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

CAPÍTULO VIII

Competencias de ordenación e supervisión

SECCIÓN 1.^a COMPETENCIAS DO ESTADO E DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Artigo 69. *Distribución de competencias.*

1. As competencias da Administración xeral do Estado na ordenación e supervisión dos seguros privados, incluído o reaseguro, exerceranse a través do Ministerio de Economía e Facenda.

2. As comunidades autónomas que, consonte os seus estatutos de autonomía, asumisen competencia na ordenación de seguros, terana respecto das entidades aseguradoras, incluídas as reaseguradoras, cuxo domicilio social, ámbito de operacións e localización dos riscos, no caso de seguros distintos do de vida, e asunción dos

compromisos, no suposto de seguros de vida, que aseguren se circunscriban ao territorio da respectiva comunidade autónoma, consonte os seguintes criterios:

a) No ámbito de competencias normativas, correspóndelles o desenvolvemento lexislativo das bases de ordenación e supervisión dos seguros privados contidas nesta lei e nas disposicións regulamentarias básicas que as complementen. En canto ás cooperativas de seguro e mutualidades de previsión social, terán, ademais, competencia exclusiva na regulación da súa organización e funcionamento.

b) No ámbito de competencias de execución correspóndelles as de ordenación e supervisión dos seguros privados que se outorgan á Administración xeral do Estado nesta lei. As referencias que nesta se conteñen ao órgano autonómico competente entenderanse feitas ao Ministerio de Economía e Facenda e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, con excepción das reguladas no capítulo IV deste título e no título III, e quedarán en todo caso reservadas ao Estado as competencias de outorgamento da autorización administrativa para o exercicio da actividade aseguradora e a súa revogación, que comunicará, de ser o caso, á respectiva comunidade autónoma. En canto ás cooperativas de seguro e mutualidades de previsión social, tamén lles corresponde ás comunidades autónomas conceder a autorización administrativa e a súa revogación, logo de informe da Administración Xeral do Estado en ambos os casos; a tramitación destes procedementos, que será interrompida mentres a Administración xeral do Estado emite o seu informe, corresponderalle á comunidade autónoma, que lle comunicará ao Ministerio de Economía e Facenda cada autorización que conceda, así como a súa revogación. A falta de emisión deste informe no prazo de seis meses considerase como manifestación da conformidade do Ministerio de Economía e Facenda á concesión da autorización administrativa ou, de ser o caso, á súa revogación.

3. De conformidade co disposto no artigo 149.1.6., 11. e 13. da Constitución, correspóndelle ao Estado o alto control económico-financieiro das entidades aseguradoras. Para estes efectos, as comunidades autónomas remitirán, cando sexa solicitada polo Ministerio de Economía e Facenda e, en todo caso, anualmente, a información e documentación de cada entidade a que se refiren os artigos 71.4 e 22.4, e manterase a necesaria colaboración entre a Administración xeral do Estado e a da comunidade autónoma respectiva para os efectos de homoxeneizar a información documental e coordinar, de ser o caso, as actividades de ordenación e supervisión de ambas as administracións.

SECCIÓN 2.^a COMPETENCIAS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

Artigo 70. *Control da actividade aseguradora.*

1. O Ministerio de Economía e Facenda velará polo funcionamento e desenvolvemento ordenado do mercado de seguros, mediante o fomento da actividade aseguradora, a transparencia, o respecto e a adecuación das súas institucións, así como a correcta aplicación dos principios propios da técnica aseguradora.

2. O Ministerio de Economía e Facenda poderá utilizar calquera medio técnico, electrónico, informático e telemático para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias de ordenación e supervisión, coas limitacións que á utilización de tales medios impón a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as demais disposicións que resulten de aplicación. Esta posibilidade de utilización de medios supón que:

a) Os documentos emitidos polos medios anteriores, calquera que sexa o seu soporte, gozarán da validez e eficacia dun documento orixinal, sempre que quede garantida a súa autenticidade e integridade e o cumprimento dos requisitos exixidos polas disposicións reguladoras do procedemento administrativo.

b) Os procedementos administrativos que se tramen con soporte informático garantirán a identificación e o exercicio da potestade de ordenación e supervisión polo órgano do Ministerio de Economía e Facenda que a exerza, así como a confidencialidade e seguridade dos datos de carácter persoal.

c) As entidades aseguradoras poderanse relacionar co Ministerio de Economía e Facenda a través dos medios técnicos a que se refire este punto cando sexan compatibles cos que dispoña o citado ministerio e se respecten as garantías e os requisitos previstos no procedemento de que se trate.

3. En ausencia de normas especiais de procedemento contidas nesta lei, a Administración xeral do Estado axustará a súa actuación ás disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 71. *Control das entidades aseguradoras.*

1. O Ministerio de Economía e Facenda exercerá o control financeiro e o regulado no artigo 25 desta lei sobre as entidades aseguradoras españolas, incluídas as actividades que realicen en réxime de dereito de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos.

2. O control financeiro consistirá, en particular, na comprobación, para o conxunto de actividades da entidade aseguradora, do estado de solvencia e da constitución de provisións técnicas, así como dos activos que as representan.

Ademais, cando se trate de entidades aseguradoras que satisfagan prestacións en especie, o control estenderase tamén aos medios técnicos de que dispoñan as aseguradoras para levaren a cabo as operacións que se comprometesen a efectuar.

3. O Ministerio de Economía e Facenda exixirá que as entidades aseguradoras sometidas ao seu control dispoñan dunha boa organización administrativa e contable e de procedementos de control interno adecuados. Así mesmo, a súa publicidade axustarase ao disposto na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e ás súas disposicións de desenvolvemento, así como ás normas precisas para a súa adaptación ás entidades aseguradoras recollidas no regulamento desta lei.

4. As entidades aseguradoras subministraranlle á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a documentación e información que sexan necesarias para lle dar cumprimento ao disposto nos puntos anteriores, xa mediante a súa presentación periódica na forma que regulamentariamente se determine, xa mediante a atención de requirimentos individualizados que lles dirixa a citada dirección xeral.

5. O Ministerio de Economía e Facenda poderá determinar os supostos e as condicións en que as empresas de seguros deberán presentar por medios telemáticos ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a documentación e información que están obrigados a subministraren conforme a súa normativa específica.

Artigo 72. *Inspección de seguros.*

1. As entidades aseguradoras e demais persoas e organizacións enumeradas no artigo 2 están suxeitas á inspección de seguros.

Quedan, así mesmo, suxeitas a esta inspección as entidades que se presuma que forman grupo cunha entidade aseguradora, para os efectos de determinar a súa incidencia na situación xurídica, financeira e económica da entidade aseguradora, e os que realicen operacións que poidan, en principio, cualificarse como de seguros, para comprobar se exercen a actividade sen a autorización administrativa previa.

2. A inspección poderá versar sobre a situación legal, técnica e económico-financiera, así como sobre as condicións en que exercen a súa actividade, co obxecto de que o Ministerio de Economía e Facenda poida desempeñar adecuadamente as competencias que lle atribúe o artigo anterior, e todo isto con carácter xeral ou referido a cuestións determinadas.

3. As actuacións de inspección de seguros realizaranas os funcionarios do corpo superior de inspectores de seguros do Estado. Os funcionarios pertencentes aos corpos técnicos do Ministerio de Economía e Facenda, así como os funcionarios expertos informáticos, só poderán realizar actuacións inspectoras nos termos que se determinen no regulamento de desenvolvemento desta lei. Os funcionarios da Inspección de Seguros, no desempeño das súas funcións, terán a condición de autoridade pública e estarán obrigados ao deber de segredo profesional, mesmo unha vez rematado o exercicio da súa función pública.

Para o correcto exercicio das súas funcións poderán examinar toda a documentación relativa ás operacións da entidade aseguradora, pedir que lles sexa presentada ou entregada unha copia para os efectos da súa incorporación á acta de inspección, e aquela estará obrigada a isto e a darlles as máximas facilidades para o desempeño do seu cometido. Se a persoa ou entidade inspeccionada tivese motivos fundados, poderase opor á entrega dunha copia da documentación, aducindo as súas razóns por escrito para a súa incorporación á acta.

4. As actuacións de inspección poderanse desenvolver indistintamente no domicilio social da entidade aseguradora, en calquera das súas sucursais, onde realice total ou parcialmente a actividade aseguradora e nas oficinas da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cando os elementos sobre os cales se teña que realizar poidan ser examinados nelas.

Os funcionarios da Inspección de Seguros terán acceso ao domicilio social e ás sucursais, locais e oficinas en que desenvolvan actividades a entidade ou persoa inspeccionada; tratándose do domicilio, e en caso de oposición, precisarán da pertinente autorización xudicial e, no caso doutras dependencias, da do director xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

5. A actuación inspectora documentarase en actas de inspección, que poderán ser definitivas ou previas. Levantarase actas de inspección previas cando das actuacións inspectoras resulten elementos suficientes para tramitar o procedemento de supervisión por inspección, se a espera até a formulación da acta definitiva puxese en perigo a tutela dos intereses dos asegurados ou a actitude da entidade ou persoa inspeccionada ou outras circunstancias concorrentes na instrución da inspección así o aconsellasen.

6. Nas actas de inspección reflectiranse, de ser o caso:

a) Os feitos constatados polo inspector actuante que sexan relevantes para efectos da cualificación xurídica da conduta ou actividade inspeccionada.

b) A situación legal e económico-financiera derivada das actuacións realizadas pola inspección.

c) As causas que puidesen determinar a revogación da autorización, a disolución administrativa, a adopción de medidas de control especial ou das medidas de garan-

tía da solvencia futura, así como a imposición de sancións administrativas.

d) A proposta de revogación da autorización, de disolución administrativa da entidade aseguradora, de adopción de medidas de control especial ou das medidas de garantía da solvencia futura.

Formarán parte da acta de inspección, para todos os efectos, os seus anexos e as dilixencias redactadas polo inspector actuante durante a súa actividade comprobadora.

As actas de inspección teñen natureza de documentos públicos e farán proba dos feitos nelas consignados e comprobados polo inspector actuante, salvo que se acredite o contrario.

7. O procedemento administrativo de supervisión, cando haxa actuación da Inspección de Seguros, axustarase aos seguintes trámites:

a) Iniciarase por acordo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións en que se determinarán os aspectos que deben ser obxecto de inspección.

b) A acta seralle notificada á persoa interesada, quen disporá de 15 días para formular as alegacións e propor as probas que coide pertinentes en defensa do seu dereito ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. De se proporen probas e estas seren admitidas, deberánse practicar nun prazo non superior a 10 días.

c) Se, tras as alegacións da entidade interesada e, de ser o caso, a práctica da proba, se realizasen novas actuacións de instrución do procedemento administrativo de supervisión por inspección, daráselle a aquela novo trámite de audiencia polo termo de oito días.

d) Á vista do actuado, o órgano administrativo competente ditará resolución consonte dereito. No caso de que a acta de inspección conteña a proposta a que se refire o número 6.d), a resolución adoptará, se procedese, as medidas de control especial ou de garantía da solvencia futura pertinentes, o acordo de disolución administrativa da entidade aseguradora, ou a revogación da autorización administrativa.

e) A duración máxima deste procedemento será de seis meses, contada desde a notificación da acta de inspección. As actuacións inspectoras previas ao levantamento da acta terán, desde o acordo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións polo que se ordene a inspección, a duración que sexa precisa para o adecuado cumprimento do mandato contido na orde de inspección.

Artigo 73. *Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións.*

1. No Ministerio de Economía e Facenda funcionará a Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións como órgano colexiado administrativo asesor do Ministerio de Economía e Facenda nos asuntos concernentes á ordenación e supervisión dos seguros privados e de plans e fondos de pensións que se sometan á súa consideración. O informe que emita non será vinculante.

2. A Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións será presidida polo director xeral de Seguros e Fondos de Pensións e dela formarán parte, como vogais, representantes da Administración xeral do Estado, asegurados e consumidores, entidades aseguradoras, entidades xestoras de fondos de pensións, mediadores de seguros titulados, organizacións sindicais e empresariais e corporacións de prestixio relacionadas co seguro privado, actuarios, peritos de seguros e comisarios de avarías, na forma que regulamentariamente se determine. Ademais, o presidente poderá solicitar a asistencia doutras persoas ou entidades segundo a natureza dos asuntos que se vaian tratar.

Artigo 74. *Rexistros administrativos.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións levará un rexistro administrativo de entidades aseguradoras sometidas a esta lei. Igualmente, levará os seguintes rexistros administrativos: especial de corredores de seguros, de sociedades de corretaxe de seguros e os seus altos cargos; dos altos cargos de entidades aseguradoras; e das organizacións para a distribución da cobertura de riscos entre entidades aseguradoras ou para a prestación de servizos comúns relacionados coa súa actividade e os seus altos cargos.

Estes rexistros administrativos expresarán as circunstancias que regulamentariamente se determinen e serán públicos para quen acredite interese no seu coñecemento.

2. As entidades e persoas inscritas nos rexistros a que se refire o punto anterior deberán facilitar a documentación e información necesarias para permitir o mantemento actualizado dos rexistros. Para estes efectos, remitirán á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións os documentos, datos e demais información na forma e nos prazos que regulamentariamente se determinen, sen prexuízo da obriga de atender tamén os requirimentos individualizados de información que se lles formulen.

SECCIÓN 3.^a NORMAS XERAIS

Artigo 75. *Deber de segredo profesional.*

1. Salvo o disposto no artigo 74, os datos, documentos e informacións que consten en poder do Ministerio de Economía e Facenda en virtude de cantas funcións lle encomenda esta lei terán carácter reservado.

Todas as persoas que exerzan ou exercesen unha actividade de ordenación e supervisión de entidades aseguradoras, así como aquelas ás cales o Ministerio de Economía e Facenda lles encomendase funcións respecto das citadas entidades, terán obriga de gardar segredo profesional sobre as informacións confidenciais que reciban a título profesional no exercicio de tal función. O incumprimento desta obriga determinará as responsabilidades penais e as demais previstas polas leis. Estas persoas non poderán prestar declaración nin testemuño nin publicar, comunicar ou exhibir datos ou documentos reservados, nin sequera despois de cesar no servizo, salvo permiso expreso outorgado polo órgano competente do Ministerio de Economía e Facenda. Se este permiso non fose concedido, a persoa afectada manterá o segredo e quedará exenta da responsabilidade que disto emane.

O Ministerio de Economía e Facenda só poderá utilizar a información confidencial para o exercicio das potestades de ordenación e supervisión que lle encomenda esta lei.

2. Exceptúanse da obriga de segredo establecida no punto anterior:

a) Cando o interesado consinta expresamente a difusión, publicación ou comunicación dos datos.

b) A publicación de datos agregados con fins estatísticos, ou as comunicacións en forma sumaria ou agregada de maneira que as entidades individuais non poidan ser identificadas nin sequera indirectamente.

c) As informacións requiridas polas autoridades xudiciais competentes nun proceso penal.

d) As informacións que, no marco dos procedementos de concurso a que se encontre sometida unha entidade aseguradora, sexan requiridas polas autoridades xudiciais, sempre que non versen sobre terceiros interesados na rehabilitación da entidade.

e) As informacións que, no marco dos recursos administrativos ou procesos contencioso-administrativos en que se impugnen resolucións administrativas ditas

no exercicio das potestades de ordenación e supervisión da actividade das entidades aseguradoras, sexan requiridas polas autoridades administrativas ou xudiciais competentes.

As autoridades xudiciais que reciban do Ministerio de Economía e Facenda información de carácter reservado estarán obrigadas a adoptar as medidas pertinentes que garantan a reserva durante a tramitación do proceso de que se trate.

f) As informacións requiridas polas comisións parlamentarias de investigación, nos termos establecidos pola súa lexislación específica. O acceso das Cortes Xerais á información sometida ao deber de segredo profesional realizarase a través do Ministerio de Economía e Facenda, na forma establecida no número 1 deste artigo.

3. Non obstante o disposto no número 1, as informacións confidenciais poderanlles ser subministradas ás seguintes persoas e entidades para facilitar o cumprimento das súas respectivas funcións, as cales estarán, pola súa vez, obrigadas polo disposto neste número 1:

a) As autoridades competentes para a ordenación e supervisión das entidades aseguradoras e demais entidades financeiras nos restantes Estados membros do Espazo Económico Europeo.

b) O Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e os demais entes encargados da ordenación e supervisión das contas e da solvencia de entidades.

c) O Consorcio de Compensación de Seguros na súa función de liquidador de entidades aseguradoras.

d) As autoridades responsables da loita contra o branqueo de capitais; a Administración tributaria respecto das comunicacións que de modo excepcional se poidan realizar en virtude do disposto nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, logo de autorización indelegable do ministro de Economía e Facenda.

e) Os auditores de contas das entidades aseguradoras e os seus grupos, e o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

4. Así mesmo, as informacións confidenciais poderán ser recibidas das persoas e entidades referidas no número 3. As informacións confidenciais así recibidas, así como as obtidas pola inspección de sucursais de entidades aseguradoras españolas establecidas noutros Estados membros do Espazo Económico Europeo, non poderán ser obxecto da comunicación a que se refire este número 3, salvo acordo expreso da autoridade competente que comunicase as informacións ou da autoridade competente do Estado membro da sucursal, respectivamente.

5. Os acordos de cooperación en que se prevexa o intercambio de información coas autoridades competentes para a ordenación e supervisión das entidades aseguradoras e demais entidades financeiras ou con outras autoridades ou órganos de países terceiros requirirán que a información subministrada quede protexida por garantías de segredo profesional polo menos equivalentes ás recollidas no número 1 deste artigo, e que o intercambio de información teña por obxecto o cumprimento dos labores de ordenación e supervisión das citadas entidades.

Cando a información teña a súa orixe noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo non poderá ser revelada sen a conformidade expresa das autoridades competentes que a facilitasen e, de ser o caso, unicamente coa finalidade para a cal tales autoridades deseen a súa conformidade.

Artigo 76. *Aseguramento en países terceiros.*

1. Non se poderán asegurar en países terceiros alleos ao Espazo Económico Europeo os buques, aeronaves e vehículos con estacionamento habitual en España e os bens de calquera clase situados en territorio español, coa única excepción das mercadorías en réxime de transporte internacional. Tampouco se poderán asegurar nestes países os españois residentes en España en canto ás súas persoas ou ás súas responsabilidades, salvo que se encontren en viaxe internacional e polo período de duración deste. Non obstante, o ministro de Economía e Facenda poderá autorizar este aseguramento con carácter excepcional e para operacións concretas.

2. Queda igualmente prohibido concertar en España operacións de seguro directo con entidades aseguradoras de países terceiros alleos ao Espazo Económico Europeo ou facelo a través de mediadores de seguros privados que realicen a súa actividade para aquelas. Do anterior exceptúase o suposto en que tales entidades aseguradoras contraten a través de sucursais legalmente establecidas en España.

Artigo 77. *Deber de colaboración cos Estados membros do Espazo Económico Europeo e obrigas de información e reciprocidade.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións colaborará coas autoridades supervisoras dos restantes Estados membros do Espazo Económico Europeo e intercambiará con elas toda a información que sexa precisa para o exercicio das súas funcións respectivas no ámbito de ordenación e supervisión das operacións aseguradoras privadas.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará a Comisión das Comunidades Europeas:

a) De calquera autorización dunha sociedade dominada por unha ou varias entidades aseguradoras que se rexan polo dereito dun país non integrado no Espazo Económico Europeo. Nestes casos, a información especificará a estrutura do grupo de sociedades.

b) De calquera adquisición por parte dunha entidade aseguradora dun país non membro do Espazo Económico Europeo de participacións nunha entidade aseguradora española que fíxese desta última unha sociedade dominada daquela.

c) De calquera dificultade de carácter xeral que encontren as entidades aseguradoras españolas para se estableceren ou desenvolveren a súa actividade nun país non membro do Espazo Económico Europeo.

3. Así mesmo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará a Comisión das Comunidades Europeas, por petición desta última, cando concorran as circunstancias a que se fará referencia no número 4 seguinte e mentres estas subsistan:

a) De calquera solicitude de autorización dunha sociedade dominada por unha ou varias sociedades que se rexan polo dereito dun país non integrado no Espazo Económico Europeo.

b) De calquera proxecto dunha sociedade dominante que se rexan polo dereito dun país non integrado no Espazo Económico Europeo para adquirir participacións nunha entidade aseguradora española que fose converter esta última en sociedade dominada daquela.

4. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións limitará no seu número ou suspenderá a tramitación de novas autorizacións administrativas presentadas ao abeiro do artigo 5 por sociedades dominadas por outras que se rexan polo dereito dun Estado non pertencente ao Espazo Económico Europeo cando a Comisión das Comunidades Europeas por un prazo non superior a

tres meses, ou o Consello, para prorrogar por prazo máis longo tales medidas, adopte un acordo nese sentido por ter comprobado que as entidades de seguros do Espazo Económico Europeo non reciben nun país terceiro un trato que ofrezca as mesmas posibilidades de competencia que ás entidades aseguradoras nacionais do citado país terceiro e que naquel non se cumpren as condicións de acceso efectivo ao mercado.

O expresado na alínea anterior será tamén aplicable ao procedemento de tramitación de comunicacións de adquisición de participacións significativas, a que se refire o artigo 22, en entidades aseguradoras españolas por entidades domiciliadas en Estados non integrados no Espazo Económico Europeo.

5. A limitación ou suspensión a que se refire o punto anterior non será aplicable en ningún caso á creación de sociedades dominadas por entidades aseguradoras ou polas propias sociedades dominadas destas, se unhas e outras están debidamente autorizadas no Espazo Económico Europeo, nin á adquisición de participacións significativas por tales entidades nunha entidade aseguradora domiciliada no citado espazo.

6. En calquera caso, as medidas que se adopten en virtude deste artigo deberán axustar ás obrigas contraídas pola Unión Europea en virtude de tratados ou convenios internacionais reguladores do acceso á actividade aseguradora e do seu exercicio.

TÍTULO III

Da actividade en España de entidades aseguradoras estranxeiras

CAPÍTULO I

Da actividade en España de entidades aseguradoras domiciliadas noutros países membros do Espazo Económico Europeo

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓNS COMÚNS

Artigo 78. *Ordenación e supervisión de entidades aseguradoras autorizadas.*

1. As entidades aseguradoras domiciliadas en países membros do Espazo Económico Europeo distintos de España que obtivesen a autorización para operaren no Estado membro de orixe poderán exercer as súas actividades en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos.

Non se poderán acoller ao disposto na alínea anterior as entidades aseguradoras que realicen as operacións descritas no número 2 do artigo 49 desta lei e os organismos de dereito público enumerados no artigo 4 da Directiva 73/239/CEE, do Consello, do 24 de xullo de 1973, sobre coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas relativas ao acceso á actividade do seguro directo distinto do seguro de vida, e ao seu exercicio; e no artigo 3 da Directiva 2002/83/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, sobre o seguro de vida.

2. As entidades aseguradoras referidas no punto anterior deberán respectar as disposicións dadas por razóns de interese xeral e as de ordenación e supervisión das entidades aseguradoras, incluídas as de protección do asegurado, que, de ser o caso, resulten aplicables. Así mesmo, deberán presentar, nos mesmos termos que as entidades aseguradoras españolas, todos os documentos que lles exixa o Ministerio de Economía e Facenda co obxecto de comprobar se respectan en España as disposi-

cións españolas que lles son aplicables. Para estes efectos, estas entidades aseguradoras estarán suxeitas á inspección polo Ministerio de Economía e Facenda nos termos do artigo 72 e seralles aplicable o disposto no número 6 do artigo 25.

3. Se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comprobase que unha entidade aseguradora das referidas no número 1 non respecta as disposicións españolas que lle son aplicables, requirirá para que acomode a súa actuación ao ordenamento xurídico. En defecto da pertinente adecuación por parte da entidade aseguradora, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará á autoridade supervisora do Estado membro de orixe, co obxecto de que adopte as medidas pertinentes para que a entidade aseguradora poña fin a esa situación irregular e as notifique á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Se, por falta de adopción das medidas pertinentes ou porque as adoptadas resultasen inadecuadas, persistise a infracción do ordenamento xurídico, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá adoptar, tras informar diso as autoridades supervisoras do Estado membro de orixe, as medidas reguladas no artigo 25.5 e as previstas no artigo 39 que, en ambos os casos, lle sexan aplicables.

En caso de urxencia, as medidas a que se refire a alínea anterior poderán ser adoptadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións sen necesidade do requirimento e da información exixidos pola alínea primeira.

4. Presentarase en castelán a documentación contractual e demais información que o Ministerio de Economía e Facenda ten dereito a exixir a estas entidades aseguradoras ou lle deba ser remitida por estas, consonte o número 2 anterior e o disposto neste capítulo.

5. Tales entidades aseguradoras poderán realizar publicidade dos seus servizos en España nos mesmos termos que as entidades aseguradoras españolas e suxeitas a idéntica ordenación e supervisión.

6. Destas entidades e dos seus altos cargos tomarase razón nos rexistros administrativos a que se refire o artigo 74, separadamente para as que exerzan a súa actividade en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos.

Artigo 79. *Cesión de carteira.*

1. O Ministerio de Economía e Facenda deberá prestar a súa conformidade para a cesión de carteira dos contratos de seguro dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo cando España sexa o Estado membro do compromiso ou localización do risco. Así mesmo, deberá ser consultado cando a cedente sexa unha sucursal establecida en España dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo. Finalmente, cando a cesionaria sexa unha entidade aseguradora española, este ministerio deberá certificar que a cesionaria dispón, tendo en conta a cesión, da marxe de solvencia necesaria.

2. O Ministerio de Economía e Facenda deberá expresar o seu criterio no prazo de tres meses desde a recepción da petición de conformidade, formulación de consulta ou solicitude de certificación remitida polo Estado membro de orixe da entidade aseguradora cedente. Se, transcorrido este prazo, o citado ministerio non se pronunciase ao respecto, entenderase outorgada a conformidade, emitida a consulta ou remitida a certificación.

3. Cando o Estado membro de orixe da cedente autorice a cesión, o Ministerio de Economía e Facenda

deberalle dar publicidade á cesión se España é o Estado membro do compromiso ou localización do risco.

Artigo 80. *Medidas de intervención.*

1. Cando a autoridade supervisora dunha entidade aseguradora domiciliada nun Estado membro do Espazo Económico Europeo distinto de España, que opere nela en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos, lle revogue a autorización administrativa, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións prohibiralle a esta entidade aseguradora a contratación de novos seguros en ambos os réximes. Neste caso, e co obxecto de salvagardar os intereses dos asegurados, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá adoptar, en colaboración coa referida autoridade, as medidas de control especial reguladas no artigo 39 desta lei.

2. As entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo que operen en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos están suxeitas á potestade sancionadora do Ministerio de Economía e Facenda nos termos dos artigos 40 e seguintes desta lei, en que sexa de aplicación e coas seguintes precisións:

a) A sanción de revogación da autorización enténdese substituída pola prohibición de que inicie novas operacións no territorio español.

b) A iniciación do procedemento comunicaráselles ás autoridades supervisoras do Estado membro de orixe para que, sen prexuízo das sancións que procedan conxuntamente esta lei, adopten as medidas que consideren apropiadas para que, de ser o caso, a entidade poña fin á súa actuación infractora ou evite a súa reiteración no futuro. Ultimado o procedemento, o Ministerio de Economía e Facenda notificaralles a decisión adoptada ás citadas autoridades.

c) Considéranse cargos de administración ou dirección das sucursais o apoderado xeral e as demais persoas que dirixan esa sucursal.

3. Se sobre unha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro a autoridade supervisora de tal Estado membro adoptase a medida de control especial de prohibición de dispor e solicítase da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións que adopte idéntica medida sobre os bens da entidade aseguradora situados en territorio español, con indicación daqueles que deban ser obxecto dela, a citada dirección xeral adoptará tal medida.

4. Cando respecto a unha entidade aseguradora domiciliada nun Estado membro do Espazo Económico Europeo distinto a España, incluídas as súas sucursais en España ou noutros Estados membros do Espazo Económico Europeo, se adoptase unha medida de saneamento ou un procedemento de liquidación, esta medida ou procedemento producirá efectos en España tan pronto como o faga no Estado membro do Espazo Económico Europeo en que se adoptase a medida ou se incoase o procedemento.

Para os efectos da alínea anterior, enténdese por medida de saneamento aquela que implique a intervención de órganos administrativos ou autoridades xudiciais, esta destinada a manter ou restablecer a situación financeira da entidade aseguradora e afecte os dereitos preexistentes de terceiros alleos á propia entidade. Enténdese por procedemento de liquidación o procedemento colectivo que supoña a liquidación dos activos e a distribución do produto da liquidación entre os acredores, accionistas ou socios, segundo proceda, e que necesariamente implique algún tipo de intervención da autoridade administrativa ou xudicial, esta ou non fundamentado na insolvencia e teñan carácter voluntario ou obrigatorio.

Unha vez sexa notificada á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a adopción da medida ou a incoación do procedemento, esta publicará no «Boletín Oficial del Estado» un extracto do acordo ou resolución do que traia causa a medida ou procedemento; en todo caso, neste extracto constará a autoridade competente do Estado membro que adoptase a medida ou procedemento, a lexislación que resulte de aplicación, así como, de ser o caso, a identificación do liquidador ou liquidadores designados.

Os administradores e liquidadores designados pola autoridade competente doutro Estado membro do Espazo Económico Europeo poderán desempeñar a súa función en España; para tales efectos, resultará título suficiente para acreditar a súa condición unha certificación da resolución ou copia legalizada do acordo polo cal se efectúe o seu nomeamento ou designación, traducida ao castelán.

Tales medidas e procedementos rexeranse pola lexislación do Estado membro do Espazo Económico Europeo de adopción da medida ou procedemento sen prexuízo de que para os supostos que a continuación se mencionan se deban observar as seguintes normas e deixando a salvo o que se poida prever nos tratados internacionais:

1. Os efectos das referidas medidas e procedementos nos contratos de traballo sometidos á lexislación española rexeranse por esta.

2. Os dereitos da entidade aseguradora sobre un inmovible, buque ou aeronave que estean suxeitos a inscrición nun rexistro público español rexeranse pola lexislación española.

3. Sen prexuízo do establecido no número 3 deste artigo, a adopción de medidas de saneamento ou a incoación do procedemento de liquidación non afectará os dereitos reais dos acredores ou de terceiros respecto de activos materiais ou inmateriais, mobles ou inmóbiles, tanto activos específicos como conxuntos de activos indeterminados, cuxa composición está suxeita a modificación, pertencentes á entidade aseguradora que estivesen situados en España no momento de adopción destas medidas ou incoación de tal procedemento, nin ao dereito exclusivo a cobrar un crédito, en particular, o dereito garantido por un peñor de que sexa obxecto o crédito ou pola cesión de tal crédito a título de garantía, cando estas garantías se rexan pola lei española.

4. A adopción de medidas de saneamento ou a incoación dun procedemento de liquidación sobre unha entidade aseguradora compradora dun ben non afectará os dereitos do vendedor baseados nunha reserva de dominio cando este ben se encontre, no momento da adopción da medida ou da incoación do procedemento, en territorio español.

A adopción de medidas de saneamento ou a incoación dun procedemento de liquidación sobre unha entidade aseguradora vendedora dun ben, despois de que este fose entregado, non constituirá causa de resolución ou rescisión da venda e non lle impedirá ao comprador a adquisición da propiedade do ben vendido cando este se encontre, no momento da adopción das medidas ou a incoación do procedemento, en territorio español.

5. A adopción de medidas de saneamento ou a incoación dun procedemento de liquidación non afectará o dereito dun acredor a reclamar a compensación do seu crédito co crédito da entidade aseguradora cando a lei que rexa a liquidación permita a compensación.

6. Os efectos dunha medida de saneamento ou dun procedemento de liquidación nos dereitos e obrigas dos participantes nun mercado regulado español rexeranse exclusivamente pola lei española.

7. A nulidade, anulación ou inoponibilidade dos actos xurídicos prexudiciais para o conxunto dos acredores rexeranse pola lexislación do Estado membro do Espazo Económico Europeo de orixe, salvo que a persoa

que se beneficiou do acto prexudicial para o conxunto dos acredores probe que o citado acto está suxeito á lexislación española e que esta lexislación non permite de ningún modo a súa impugnación.

8. A validez da transmisión a título oneroso por parte dunha entidade aseguradora efectuada con posterioridade á adopción dunha medida de saneamento ou incoación dun procedemento de liquidación, dun inmovible situado en España, buque ou aeronave suxeitos a inscrición nun rexistro público español ou de valores negociables ou outros títulos cuxa existencia e transferencia supoña unha inscrición nun rexistro ou nunha conta prevista pola lexislación española ou estean colocados nun sistema de depósito central regulado pola lexislación española, rexerá pola lexislación española.

9. Os efectos dunha medida de saneamento ou dun procedemento de liquidación nunha causa pendente seguida en España relativa a un ben ou un dereito de que se desposuíu á aseguradora rexerá exclusivamente pola lexislación española.

5. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderalles requirir ás autoridades supervisoras doutros Estados membros do Espazo Económico Europeo información acerca do estado e desenvolvemento dos procedementos de liquidación que se leven a cabo respecto ás entidades sometidas á supervisión das citadas autoridades.

Artigo 81. *Deber de información ao tomador do seguro.*

1. As entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo que operen en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos estarán suxeitas nos contratos que subscriban en ambos os réximes ao mesmo deber de información ao tomador do seguro que ás entidades aseguradoras españolas lles imponen os artigos 53 e 60 desta lei. A información será subministrada en lingua española oficial do domicilio ou residencia habitual do tomador do seguro.

2. Tratándose de contratos de seguro de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, subscritos en réxime de libre prestación de servizos, na información deberá constar tamén o nome e o enderezo do representante a que se refire o artigo 86.2 desta lei.

Artigo 82. *Tributos e afiliación obrigatoria.*

1. Os contratos de seguro subscritos en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos que cubran riscos localizados ou asuman compromisos en España estarán suxeitos ás recargas a prol do Consorcio de Compensación de Seguros para cubrir as necesidades deste no exercicio das súas funcións de compensación de perdas derivadas de acontecementos extraordinarios acaecidos en España, de fondo de garantía no seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos automóbiles e de liquidador de entidades aseguradoras, así como ás demais recargas e tributos legalmente exixibles nas mesmas condicións que os contratos subscritos con entidades aseguradoras españolas.

2. Particularmente, no seguro de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, as entidades aseguradoras que operen en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos deberán integrar na Oficina Española de Aseguradores de Automóbiles (Ofesauto) e subscribir, de ser o caso, os convenios e acordos que sexan obrigatorios para as entidades aseguradoras españolas.

SECCIÓN 2.^a RÉXIME DE DEREITO DE ESTABLECIMENTO

Artigo 83. *Determinación de condicións de exercicio.*

1. Antes de que unha sucursal en España dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo se estableza e comece a exercer a súa actividade en réxime de dereito de establecemento, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderalle indicar á autoridade supervisora do Estado membro de orixe as condicións en que, por razóns de interese xeral, deberá ser exercida a actividade en España.

A citada dirección xeral disporá para iso dun prazo de dous meses, contado a partir do momento en que reciba da autoridade supervisora do Estado membro de orixe comunicación igual á que fai referencia o número 2 do artigo 55.

A sucursal poderase establecer e comezar a súa actividade en España desde que se lle notifique a conformidade ou as condicións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Tamén poderá iniciala cando, transcorrido o citado prazo de dous meses, non recibise esta notificación.

2. Toda modificación na sucursal dalgún dos aspectos referidos nas alíneas b) a e) do artigo 55.1 estará suxeita a idéntico procedemento, pero o prazo, que será común, reducirase a un mes.

3. Toda presenza permanente no territorio español dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo considerárase suxeita ao réxime de dereito de establecemento, aínda que non tomase a forma de sucursal e se exerza mediante unha oficina administrada polo propio persoal daquela ou ben por medio dunha persoa independente, pero con poderes para actuar permanentemente en nome da entidade aseguradora como o faría unha sucursal.

Artigo 84. *Inspección de sucursais pola autoridade supervisora de orixe.*

As autoridades supervisoras do Estado membro de orixe dunha entidade aseguradora que teña establecida unha sucursal en España poderán proceder, logo de información á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, por si mesmas ou por medio de persoas ás cales lles outorgasen un mandato para iso, á inspección da citada sucursal para efectuar o control que lles corresponde, coa colaboración da Inspección de Seguros nos termos que regulamentariamente se determinen.

SECCIÓN 3.^a RÉXIME DE LIBRE PRESTACIÓN DE SERVIZOS

Artigo 85. *Inicio e modificación da actividade.*

1. As entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo poderán iniciar ou, de ser o caso, modificar a súa actividade en España en réxime de libre prestación de servizos desde que reciban a notificación de que a autoridade supervisora do Estado membro de orixe lle remitiu á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións igual comunicación á que se refire o artigo 56.2 desta lei.

2. Particularmente, se a entidade aseguradora ten intención de cubrir os riscos do ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, será requisito para o comezo da súa actividade en España que previamente lle comunicase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o nome e domicilio do representante a que se refire o artigo 86.2, e que formulase ante esta dirección xeral a declaración expresa responsable de que a entidade aseguradora se integrou en Ofesauto e que vai apli-

car as recargas legalmente exixibles a prol do Consorcio de Compensación de Seguros.

Artigo 86. *Representante para efectos fiscais e no seguro de automóbiles.*

1. As entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo que pretendan operar en España en réxime de libre prestación de servizos estarán obrigadas a designar un representante con residencia fiscal en España para efectos das obrigas tributarias a que se refire esta lei polas actividades que realicen en territorio español.

Tal representante deberá cumprir, en nome da entidade aseguradora que opera en réxime de libre prestación de servizos, ademais das previstas no artigo 82 desta lei, as seguintes obrigas tributarias:

a) Practicar retención ou ingreso á conta e ingresar o importe no Tesouro en relación coas operacións que se realicen en España nos termos previstos na normativa reguladora dos impostos sobre a renda das persoas físicas, sobre sociedades e sobre a renda de non residentes.

b) Informar a Administración tributaria en relación coas operacións que se realicen en España de conformidade co disposto na normativa reguladora dos impostos sobre a renda das persoas físicas, sobre sociedades e sobre a renda de non residentes.

2. As entidades aseguradoras a que se refire o punto anterior que pretendan formalizar contratos de seguro de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, deberán ademais nomear un representante, persoa física que resida habitualmente en España ou persoa xurídica que estea nela establecida. As súas facultades serán exclusivamente as seguintes:

a) Atender as reclamacións que presenten os terceiros prexudicados. Para tal efecto, deberán ter poderes suficientes para representar a entidade aseguradora mesmo para o pagamento das indemnizacións e para defendela ante os tribunais e autoridades administrativas españolas.

b) Representar a entidade aseguradora ante as autoridades xudiciais e administrativas españolas competentes en todo o concernente ao control da existencia e validez das pólizas de seguro de responsabilidade civil que resulte da circulación de vehículos terrestres automóbiles.

c) Desempeñar, de ser o caso, as funcións a que se refire o número 1 anterior.

3. Se a entidade aseguradora non designase o representante a que se refire o número 2 anterior, asumirá as súas funcións o representante designado en España para a tramitación e liquidación dos sinistros acontecidos noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo, cando o prexudicado teña a súa residencia en España.

4. Os representantes a que se refiren os números 2 e 3 non constituirán por si mesmos unha sucursal e, en consecuencia, non poderán realizar operacións de seguro directo en nome da entidade aseguradora representada.

CAPÍTULO II

Da actividade en España de entidades aseguradoras domiciliadas en países terceiros

Artigo 87. *Establecemento de sucursais.*

1. O ministro de Economía e Facenda poderalles conceder autorización administrativa a entidades aseguradoras domiciliadas en países terceiros, non membros do Espazo Económico Europeo, para establecer sucursais

en España co obxecto de exercer a actividade aseguradora, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que, con antelación non inferior a cinco anos, estean debidamente autorizadas no seu país para operar nos ramos en que se propoñan facelo en España.

b) Que creen unha sucursal xeral cuxo obxecto estea limitado á actividade aseguradora, con domicilio permanente en España, onde se conserve a contabilidade e documentación propia da actividade que desenvolvan.

c) Que presenten e se atean a un programa de actividades axustado ao artigo 12. Así mesmo, deberán presentar a documentación que regulamentariamente se determine.

d) Que acheguen e manteñan na súa sucursal en España un fondo de contía non inferior ao capital social ou fondo mutual mínimos exixidos no artigo 13 ás entidades aseguradoras españolas, segundo os ramos de seguros en que operan, que se denominará fondo permanente da casa central e, así mesmo, que acheguen e manteñan en España un fondo de garantía non inferior ao mínimo establecido no artigo 18.

e) Que xunten certificado da autoridade supervisora do seu país acreditativo de que cumpren coa súa lexislación, singularmente en materia de marxe de solvencia.

f) Que designen un apoderado xeral, con domicilio e residencia en España, que reúna as condicións exixidas polo artigo 15, e cos máis amplos poderes mercantís para obrigar a entidade aseguradora fronte a terceiros e representala ante os tribunais e autoridades administrativas españois; se o apoderado xeral é unha persoa xurídica, deberá ter o seu domicilio social en España e designar, pola súa vez, para representala unha persoa física que reúna as condicións antes indicadas. Este apoderado deberá obter previamente a aceptación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a cal poderá denegala ou, de ser o caso, revogala en aplicación do principio de reciprocidade ou por carecer dos requisitos que para quen exerce cargos de administración de entidades aseguradoras exixe o artigo 15.

g) Se a entidade pretende cubrir os riscos do ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, deberá comunicar o nome e enderezo do representante designado en cada un dos Estados do Espazo Económico Europeo distinto a España, encargado da tramitación e liquidación dos sinistros acontecidos nun Estado distinto ao de residencia do perxudicado ou nun país asinante do sistema de certificado internacional do seguro do automóbil (carta verde).

2. Outorgada a autorización administrativa, inscribíranse a sucursal e o seu apoderado xeral no rexistro administrativo que regula o artigo 74.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá exixir a comunicación sistemática das bases técnicas utilizadas para o cálculo das primas e das provisións técnicas, sen que esta exixencia poida constituír unha condición previa para o exercicio da actividade.

Artigo 88. *Condicións para o exercicio da actividade aseguradora.*

A sucursal poderá realizar a súa actividade aseguradora en España con sometemento ás disposicións do título II desta lei, salvo as do seu capítulo IV, que en ningún caso lle serán aplicables, de modo que os seus riscos sempre deberán estar localizados e os seus compromisos asumidos en España.

Non obstante o disposto na alínea anterior:

a) As normas regulamentarias de desenvolvemento desta lei poderán exixir que os activos aptos para a cober-

tura das provisións técnicas estean localizados en España.

b) A cesión de carteira en que participen estas sucursais como cedentes ou cesionarias axustarase ás seguintes regras:

1. Só será admisible a cesión de carteira de sucursais en España de entidades aseguradoras domiciliadas en países terceiros cando a cesionaria sexa unha entidade aseguradora española ou domiciliada noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo, unha sucursal establecida en España dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo ou en países terceiros ou, finalmente, unha sucursal establecida nos restantes Estados membros do Espazo Económico Europeo dunha entidade aseguradora española ou domiciliada en calquera dos restantes Estados membros. En todos estes supostos, a cesión de carteira suxeitarase ao disposto no artigo 23 e, de ser o caso, requirirá, previamente ao outorgamento da autorización administrativa, a certificación da autoridade competente do Estado membro do cesionario de que este dispón, tendo en conta a cesión, da marxe de solvencia necesaria; tal certificación deberase expedir dentro dos tres meses seguintes á recepción da petición formulada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e entenderase estendida de conformidade se, transcorrido o citado prazo, a certificación non é expedida. Se a cesionaria é unha entidade aseguradora domiciliada, ou unha sucursal establecida, noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo, os tomadores do seguro terán dereito a resolver os contratos de seguro afectados pola cesión.

2. Só será admisible a cesión de carteira a unha sucursal en España de entidades aseguradoras domiciliadas en países terceiros cando a cedente sexa unha entidade aseguradora española ou unha sucursal establecida en España de entidades aseguradoras domiciliadas noutros Estados membros do Espazo Económico Europeo ou en países terceiros. Se a cedente é unha entidade aseguradora española ou unha sucursal en España de entidades aseguradoras domiciliadas en países terceiros, a cesión de carteira axustarase ao disposto no artigo 23; se a cedente é unha sucursal en España dunha entidade aseguradora domiciliada en calquera dos restantes Estados membros do Espazo Económico Europeo, o Ministerio de Economía e Facenda deberá prestar a súa conformidade para a cesión e, previamente, certificar se a sucursal da entidade aseguradora domiciliada en países terceiros dispón, tendo en conta a cesión, da marxe de solvencia necesaria, todo conforme o artigo 79.

Artigo 89. *Normas especiais de intervención de sucursais.*

1. Será causa de revogación da autorización administrativa concedida á sucursal dunha entidade aseguradora domiciliada nun país non membro do Espazo Económico Europeo, ademais das enumeradas no artigo 26.1 desta lei, que concorra na citada sucursal calquera das circunstancias que nunha entidade aseguradora española son causa de disolución. Ademais, o Goberno poderalles revogar a autorización a estas sucursais en aplicación do principio de reciprocidade ou cando o aconsellen circunstancias extraordinarias de interese nacional.

No suposto de que unha entidade aseguradora domiciliada nun país non membro do Espazo Económico Europeo tivese sucursais establecidas en España e noutros Estados membros do Espazo Económico Europeo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións coordinará as súas actuacións coas do resto de autoridades supervisoras implicadas.

2. A necesidade de salvagarda dos intereses dos asegurados, beneficiarios, prexudicados ou doutras enti-

dades aseguradoras que exige a alínea a) do artigo 28.2 para acordar a intervención da liquidación dunha entidade aseguradora presúmese, en todo caso, na liquidación que afecte a sucursais de entidades estranxeiras domiciliadas en países non membros do Espazo Económico Europeo cuxas sedes centrais fosen disoltas.

3. Para os efectos do exercicio da potestade sancionadora, considérase que desempeñan cargos de administración ou dirección da sucursal o apoderado xeral e as demais persoas que dirixan a sucursal.

Artigo 90. *Réxime especial das entidades aseguradoras suizas.*

Non serán exixibles no ámbito dos seguros distintos ao seguro de vida ás sucursais establecidas en España de entidades aseguradoras de nacionalidade suíza:

a) Os requisitos establecidos nas alíneas a) e d) do número 1 do artigo 87 e a aceptación previa pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións do apoderado xeral, para acceder á actividade aseguradora.

b) A marxe de solvencia mínima, para o exercicio da actividade aseguradora.

Disposición adicional primeira. *Seguro de caución a favor de administracións públicas.*

O contrato de seguro de caución subscrito con entidade aseguradora autorizada para operar no ramo de caución será admisible como forma de garantía ante as administracións públicas en todos os supostos que a lexislación vixente exixa ou permita ás entidades de crédito ou aos establecementos financeiros de crédito constituír garantías ante as citadas administracións. Son requisitos para que o contrato de seguro de caución poida servir como forma de garantía ante as administracións públicas os seguintes:

a) Terá a condición de tomador do seguro quen deba prestar a garantía ante a Administración pública e a de asegurado a citada Administración.

b) A falta de pagamento da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non lle dará dereito ao asegurado a resolver o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura do asegurador suspendida nin este liberado da súa obriga no caso de que se produza o sinistro consistente no concurso das circunstancias en virtude das cales deba facer efectiva a garantía.

c) O asegurador non poderá opor ao asegurado as excepcións que lle poidan corresponder contra o tomador do seguro.

d) A póliza en que se formalice o contrato de seguro de caución axustarase ao modelo aprobado por orde do ministro de Economía e Facenda.

Disposición adicional segunda. *Moeda exixible en compromisos e riscos.*

1. A moeda en que serán exixibles os riscos asumidos polo asegurador determinarase conforme as seguintes normas:

a) Cando as garantías dun contrato se expresen nunha moeda determinada, as prestacións do asegurador consideraranse exixibles en tal moeda.

b) Cando as garantías dun contrato non se expresen nunha moeda determinada, as prestacións do asegurador consideraranse exixibles na moeda do país en que se localice o risco. No entanto, o asegurador poderá elixir a moeda en que se exprese a prima, cando haxa circunstancias que así o xustifiquen.

c) O asegurador poderá considerar que a moeda en que as súas prestacións son exixibles sexa a que deberá

utilizar segundo a súa propia experiencia ou, en defecto desta, a moeda do país en que estea establecido:

1. Para os contratos que garantan os riscos clasificados nos ramos de vehículos ferroviarios, vehículos aéreos, vehículos marítimos, lacustres e fluviais, mercadorías transportadas, responsabilidade civil en vehículos aéreos, responsabilidade civil en vehículos marítimos, lacustres e fluviais e responsabilidade civil dos produtos.

2. Para os contratos que garantan os riscos clasificados nos demais ramos cando, segundo o tipo de risco, se deban executar as garantías noutra moeda diferente á que resultaría da aplicación das normas precedentes.

d) Cando se declarase un sinistro e as prestacións sexan pagadoiras nunha moeda diferente á que resulte da aplicación das normas anteriores, os riscos asumidos polo asegurador consideraranse exixibles nesta moeda, en particular aquela en que a indemnización que deba pagar o asegurador fose fixada, ben mediante unha decisión xudicial ou ben mediante un acordo entre o asegurador e o asegurado.

e) Cando a valoración firme dos danos se realizase en moeda distinta da resultante de aplicar as normas anteriores, o asegurador poderá considerar que as súas prestacións son exixibles na dita moeda.

2. Nos seguros de vida será de aplicación a norma prevista no número 1.a) para determinar a moeda en que se considerarán exixibles os compromisos do asegurador.

Disposición adicional terceira. *Colaboradores na actividade aseguradora.*

1. Son peritos de seguros os que ditaminan sobre as causas do sinistro, a valoración dos danos e as demais circunstancias que inflúen na determinación da indemnización derivada dun contrato de seguro e formulan a proposta de importe líquido da indemnización; son comisarios de avarías os que desenvolven as funcións referidas nos artigos 853, 854 e 869 do Código de comercio, e son liquidadores de avarías os que proceden á distribución da avaría nos termos dos artigos 857 e seguintes do propio Código de comercio. O seu réxime xurídico, que se poderá determinar regulamentariamente, axustarase ás seguintes regras:

a) Os peritos de seguros, comisarios de avarías e liquidadores de avarías deberán estar en posesión de titulación na materia a que pertenza o punto sobre o cal deben dar o seu ditame, se se trata de profesións reguladas, e de coñecemento suficiente da técnica da pericia aseguradora e da lexislación sobre contrato de seguro co obxecto do desempeño das súas funcións co alcance que se poderá establecer regulamentariamente.

b) Para asegurar o nivel de preparación adecuado a que fai referencia a alínea anterior, as organizacións máis representativas das entidades aseguradoras e dos peritos de seguros, comisarios de avarías e liquidadores de avarías adoptarán conxuntamente as medidas necesarias. Para tal fin, conxuntamente, os citados órganos de representación establecerán as liñas xerais e os requisitos básicos que deberán cumprir os programas de formación dos referidos profesionais e os medios que deberán empregar para a súa execución.

c) A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións fomentará a adecuada preparación técnica e cualificación profesional dos peritos de seguros, comisarios de avarías e liquidadores de avarías. Para este obxecto, a documentación en que se concrete o establecido na alínea anterior estará ao dispor da citada dirección xeral, que poderá requirir que se efectúen as modificacións que resulten necesarias no contido dos programas e nos

medios precisos para a súa organización e execución para adecualos ao deber de formación a que se refire a alínea b) anterior.

2. Os auditores terán a obriga de comunicar coa maior brevidade posible á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións calquera feito ou decisión sobre unha entidade aseguradora de que tivesen coñecemento no exercicio da súa función de auditoría practicada á mesma ou a outra entidade con que a citada entidade aseguradora teña un vínculo estreito, cando o citado feito ou decisión poida constituír unha violación da normativa de ordenación e supervisión das entidades aseguradoras, ou prexudicar a continuidade do exercicio da súa actividade ou, en último termo, implicar a abstención da opinión do auditor, ou unha opinión desfavorable ou con reservas, ou impedir a emisión do informe de auditoría.

3. As sociedades de taxación deberán valorar con prudencia os bens inmoebles das entidades aseguradoras para efectos das garantías financeiras exixibles a elas e redactar con veracidade os certificados e informes que emitan para estes efectos. O incumprimento destas obrigas determinará a aplicación ás sociedades de taxación do réxime sancionador previsto na disposición adicional décima da Lei 3/1994, do 14 de abril, pola que se adapta a lexislación española en materia de entidades de crédito á segunda Directiva de coordinación bancaria.

4. Para os efectos do disposto nesta lei, son actuarios os que posúan a correspondente titulación legal e teñan a cualificación para ditaminar sobre os aspectos actuariais contidos na lei. Cando lles sexa requirido, deberán manifestar, baixo a súa responsabilidade, sobre a solvencia dinámica futura da actividade aseguradora ou sistema de previsión desenvolvidos por unha determinada entidade aseguradora.

Disposición adicional cuarta. *Concertos de entidades aseguradoras con organismos da Administración da Seguridade Social.*

Sen prexuízo do establecido nos artigos 77 e 199 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, e no artigo 1.2 desta lei, as normas de ordenación e supervisión dos seguros privados serán aplicables ás garantías financeiras, bases técnicas e tarifas de primas que correspondan ás obrigas que asuman as entidades aseguradoras en virtude dos concertos que, de ser o caso e logo de informe da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou órgano competente das comunidades autónomas, establezan con organismos da Administración da Seguridade Social, ou con entidades de dereito público que teñan encomendada, de conformidade coa súa lexislación específica, a xestión dalgúns dos réximes especiais da Seguridade Social.

Os modelos de pólizas de seguros establecidos en virtude dos concertos a que se refire a alínea anterior deberán estar ao dispor da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou órganos competentes das comunidades autónomas na forma que regulamentariamente se determine.

Disposición adicional quinta. *Validez da autorización administrativa en todo o Espazo Económico Europeo.*

A autorización administrativa concedida ás entidades aseguradoras españolas ao abeiro do artigo 6.1 da Lei 33/1984, do 2 de agosto, sobre ordenación do seguro privado, cando se estenda a todo o territorio español, é válida en todo o Espazo Económico Europeo nos termos do artigo 5.5 desta lei, desde o 10 de novembro de 1995. Todo isto sen prexuízo de que as referidas entidades aseguradoras se axusten ás disposicións do capítulo IV do

título II cando pretendan operar en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos, sen necesidade de reiterar a notificación ou información iniciais respecto das actividades xa comezadas na dita data en ambos os réximes.

Disposición adicional sexta. *Modificacións exixidas pola adaptación á Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.*

1. Con excepción do ramo de vida, as entidades que teñan cuberto o fondo de garantía, adecuadamente calculadas, contabilizadas e investidas as provisións técnicas, dispoñan da marxe de solvencia legalmente exixible e non estean incursas en ningunha das situacións susceptibles de adopción de medidas de control especial, poderán manter con carácter indefinido o capital social exixible no 31 de decembro de 1993, que deberá estar integramente desembolsado, ou o fondo mutual exixible no 31 de decembro de 1993 ás mutuas a prima fixa, que deberá estar duplicado e escriturado, sempre que o puxesen en coñecemento da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións antes do día 30 de xuño de 1997 e esta non manifestase expresamente a súa desconformidade nun prazo de seis meses desde a referida comunicación. No caso de entidades que outorguen prestacións de asistencia sanitaria, deberán contar, así mesmo, cun informe das autoridades sanitarias sobre a adecuación destas prestacións á lexislación sanitaria correspondente.

2. As entidades que optasen pola vía indicada no punto anterior e deixen de cumprir algún dos requisitos exixidos por ela, deberán someter á autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións un plan de viabilidade desde o momento en que deixen de cumprir estes requisitos. Se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións autoriza o plan de viabilidade, fixará as condicións e o prazo, que non poderá ser superior a dous anos, no cal estas entidades deben alcanzar, en todo caso, o capital mínimo que exige o artigo 13 desta lei.

3. As entidades aseguradoras que non acadasen o capital social ou fondo mutual mínimos exixidos no artigo 13 desta lei poderán manter a actividade nos ramos en que estivesen autorizados, pero sen ampliala a outros ramos distintos.

4. As entidades aseguradoras a que se refire esta disposición adicional que incumpran o prazo establecido no número 2 en relación co plan de viabilidade incorrerán en causa de disolución.

Disposición adicional sétima. *Entidades aseguradoras autorizadas para operar en seguro de vida e en seguro distinto ao de vida.*

As entidades aseguradoras que o día 4 de agosto de 1984 estivesen autorizadas para realizar operacións de seguro directo distinto do seguro de vida e operacións do seguro de vida poderán seguir simultaneando tales operacións. Non obstante o anterior, deberán levar contabilidade separada para aquelas e estas, e ter, como mínimo, un capital social, fondo mutual, fondo permanente da casa central, marxe de solvencia e fondo de garantía igual á suma dos requiridos para o ramo de vida e para o ramo distinto ao de vida dos que operen en que se exixan maiores contías. O incumprimento do aquí preceptuado determinará a disolución administrativa da entidade aseguradora, salvo que no procedemento administrativo de disolución esta opte por realizar exclusivamente operacións de seguro de vida ou operacións de seguro directo distinto do seguro de vida.

O disposto na alínea anterior será aplicable ás fusións e escisións que se realizasen para se adaptar á Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos

seguros privados, en que participasen entidades aseguradoras autorizadas para operar asemade no ramo de vida e en ramos distintos ao de vida e outras que só o estivesen nun destes ámbitos, sempre que unha das sociedades fusionadas ou a beneficiaria da escisión sexa unha entidade aseguradora que o día 4 de agosto de 1984 estivese autorizada para realizar operacións de seguro directo distinto do seguro de vida e operacións de seguro de vida.

Disposición adicional oitava. *Entidades aseguradoras autorizadas para operar nunha parte dos riscos do ramo de enfermidade.*

As autorizacións concedidas con anterioridade ao 10 de novembro de 1995 nos ramos de enfermidade ou asistencia sanitaria que prevía a Orde do 7 de setembro de 1987 terán a consideración de autorización que comprende só unha parte dos riscos incluídos nun ramo para os efectos do artigo 5.3 e 5.7, alínea segunda, desta lei, e as disposicións regulamentarias que se diten para regular o ramo de enfermidade unicamente serán aplicables á cobertura dos riscos de asistencia sanitaria incluídos no ramo de enfermidade cando así se dispoña expresamente.

Disposición adicional novena. *Adaptación das mutualidades de previsión social.*

1. As mutualidades de previsión social que o 31 de decembro de 1983 viñesen garantindo legalmente prestacións ás persoas en contía superior aos límites fixados no artigo 65 desta lei poderán seguir garantindo as prestacións que tivesen establecidas naquela data, pero non poderán adoptar acordos de aumento ou revalorización das prestacións mentres sigan sendo superiores aos límites mencionados no referido precepto.

2. As mutualidades de previsión social que con anterioridade ao 10 de novembro de 1995 viñan outorgando prestacións distintas á actividade aseguradora poderán seguir realizando tales actividades, nos termos do artigo 64.2, sempre que solicitasen autorización da Dirección Xeral de Seguros antes do 10 de novembro de 1996 e a obtivesen.

3. As mutualidades de previsión social cuxo obxecto exclusivo sexa outorgar prestacións ou subsidios de docencia ou educación poderán manter os fondos mutuais exixibles con anterioridade ao 10 de novembro de 1995, sen estaren suxeitas á obriga de alcanzar o fondo mutual exixido no artigo 67.2.a).

4. As federacións ou a Confederación Nacional de Mutualidades de Previsión Social non poderán formalizar desde o 10 de novembro de 1995 novas operacións de coaseguro, nin modificar ou prorrogar as xa formalizadas. Idéntica prohibición será aplicable ás operacións de reaseguro formalizadas pola Confederación Nacional.

5. As federacións de mutualidades de previsión social que o 10 de novembro de 1995 realizaban actividade reaseguradora non estarán suxeitas á prohibición contida no número 4 do artigo 64 e poderán continuala, con sometemento á regulación das entidades exclusivamente reaseguradoras contida nos artigos 57 e 58, na forma, condicións e coas adaptacións que regulamentariamente se establezan.

Disposición adicional décima. *Cobertura de créditos preferentes.*

En caso de existiren créditos que, conforme o previsto nesta lei, puidesen ter preferencia sobre os dos asegurados, beneficiarios e terceiros prexudicados a que se refire o artigo 73 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de

seguro, e que estean contabilizados ou debesen estar por seren líquidos, vencidos e exixibles, as entidades aseguradoras deberán ter, en todo momento, investido o seu importe en activos cualificados regulamentariamente como aptos para a cobertura de provisións técnicas.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio das modificacións introducidas en materia de medidas de saneamento e liquidación de entidades aseguradoras pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.*

As modificacións introducidas na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, en materia de medidas de saneamento e liquidación de entidades aseguradoras, pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, resultarán de aplicación ás medidas e aos procedementos adoptados ou incoados con posterioridade ao 6 de novembro de 2003.

As medidas de saneamento e os procedementos de liquidación de entidades aseguradoras, adoptados ou incoados, respectivamente, con anterioridade á citada data rexeranse polas disposicións que lles resultasen de aplicación no momento da súa adopción ou incoación.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación das entidades aseguradoras ás novas exixencias de fondo de garantía introducidas pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.*

O 31 de decembro de 2006, as entidades aseguradoras deberán terse adaptado ás novas exixencias de fondo de garantía previstas no artigo 18 desta lei. A adaptación efectuarase linealmente ou mediante outro criterio sistemático acordado pola entidade con carácter irreversible, comunicado á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo dun ano desde o 1 de xaneiro de 2004.

As entidades que previsen non poder alcanzar as novas exixencias de solvencia na data indicada deberán presentar, antes desta data, para a súa aprobación pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, conxuntamente o disposto no artigo 39 desta lei, un plan en que se determinen as medidas que vaian adoptar, con indicación das condicións e o prazo, que non poderá ser superior a dous anos, para alcanzaren, en todo caso, as novas exixencias de solvencia.

As mutualidades de previsión social que non operen por ramos de seguros disporán dun prazo máximo de 10 anos desde o 1 de xaneiro de 2004 para alcanzaren o importe de garantías financeiras derivadas do establecido no número 2 do artigo 67. Para tal efecto, deberase presentar un plan de adaptación no prazo dun ano desde o 1 de xaneiro de 2004 para establecer as medidas que vaian adoptar, que determinarán os importes que se constitúan en cada exercicio e as fontes de financiamento para cubrir as diferenzas que resulten das novas exixencias, de forma lineal ou mediante outro criterio sistemático acordado pola entidade.

Disposición transitoria terceira. *Adecuación temporal das referencias ao artigo 10 de Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

A referencia que o artigo 36 desta lei efectúa ao artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, entenderase realizada, até o 31 de decembro de 2004, ao artigo que corresponda do texto refundido da Lei xeral

orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira primeira. *Bases da ordenación de seguros e competencias exclusivas do Estado.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 149.1.11. e 13. da Constitución, as disposicións contidas nesta lei e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento que sexan complemento indispensable dela para garantir os obxectivos de ordenación e completar a regulación básica por ela definida teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros, excepto os seguintes artigos ou puntos:

a) As alíneas a) e d) do artigo 23.1 e o número 2 deste artigo; o artigo 24; os números 5 e 7 do artigo 25; o número 4 do artigo 27; a alínea a) do número 2, as alíneas b) e e) do número 3 e o número 4 do artigo 28; os números 1 e 3 do artigo 29; os artigos 31 ao 37; o artigo 58; o artigo 61; os números 2 e 3 do artigo 62; a alínea j) do número 3 do artigo 64; o artigo 72.4, 5, 6 e 7; o artigo 73, e o artigo 74, que non terán o carácter de básicos.

b) As disposicións que o número 2 declara de competencia exclusiva do Estado.

2. Son competencia exclusiva do Estado:

a) Consonte o artigo 149.1.6. da Constitución, as materias reguladas no artigo 30.

b) Consonte o artigo 149.1.8. da Constitución, as materias reguladas no artigo 29.2 e no artigo 80.4 e 5.

Disposición derradeira segunda. *Potestade regulamentaria.*

Correspóndelle ao Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda, e logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, desenvolver esta lei nas materias que se atribúen expresamente á potestade regulamentaria, así como, en xeral, en todas aquelas susceptibles de desenvolvemento regulamentario en que sexa preciso para a súa correcta execución, mediante a aprobación do seu regulamento e as modificacións ulteriores deste que sexan necesarias.

Correspóndelle ao ministro de Economía e Facenda, logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, desenvolver esta lei nas materias que especificamente atribúe á potestade regulamentaria do dito ministro e, así mesmo, desenvolver o seu regulamento en canto sexa necesario e así se prevexa nel.

O desenvolvemento regulamentario dos preceptos relativos ás mutualidades de previsión social efectuarao o Goberno mediante un regulamento específico para tales mutualidades.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

18910 REAL DECRETO LEXISLATIVO 7/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros. («BOE» 266, do 5-11-2004.)

A disposición derradeira primeira da Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, autorizou o Goberno para que, no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor, elaborase e aprobase un texto refundido do estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros contido no artigo cuarto da Lei 21/1990, do 19 de